

Revista galega
de pensamento
cristián



ESTUDIOS

Corenta e catro anos de Benposta

MANUEL ESPÍÑA GAMALLO

Castelao crente, revisitado.

Os *Cadernos* e as *Cartas*

VICTORINO PÉREZ PRIETO

APORTACIÓNS

O mundo de Xosé Manuel Rodríguez Pampín

RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ

O concepto cristián de igualdade social

MANUEL GARCÍA DOCAMPO

A sociedade individualizada e o cambio de
valores en Galicia

JOSÉ LUIS VEIRA VEIRA

Unha carta de Valle-Inclán

MANUEL LONGA PÉREZ

Un novo libro de Crossan sobre o
nacemento do Cristianismo

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

CRÓNICAS DA ACTUALIDADE

Política, Cultura, Relixión

Número 119

Setembro-outubro

2000

Encrucillada

MESA DE REDACCIÓN

Andrés Torres Queiruga (Director)
Xavier R. Madriñán (Redactor-xefe)
Engracia Vidal Estévez (Secretaria)
Agustín Díaz Blanco Xesús Portas Ferro
Xaime M. González Ortega Sandra Rodríguez Couso
Pilar Wirtz Molezún

ADMINISTRACIÓN

Amalia Tomé Rocha

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido (Pontevedra)	Amancio Liñares Giraut (Negreira)
Xoán Bernárdez Vilar (Vigo)	Arximiro López Rivas (Lugo)
Alfonso Blanco Torrado (Guitiriz)	Xosé Antón Miguélez Díaz (Somozas)
Xoaquín Campo Freire (Ferrol)	Xosé L. Pastoriza Rozas (Cangas)
Hermelinda Dapena Tarela (Pontevedra)	Pilar Pena Búa (Cuntis)
Manuel Dourado Deira (Rianxo)	Victorino Pérez Prieto (Ferrol)
Manuel Espiña Gamallo (A Coruña)	Xosé María Pin Millares (Vigo)
Miguel Fernández Grande (Ourense)	Manuel Regal Ledo (Santiago)
Bernardo García Cendán (Lugo)	María do Carme Solloso Blanco (Narón)
Mariano Guizán Sánchez (Ames)	Manuel Suárez Suárez (Santiago)
Antón Vidal Andión (Vigo)	

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Tel. e Fax 986 84 61 82 - e-mail: encrucill@netcom.es
Rúa Nova de Arriba, 1 - 6º Dta.
36002 PONTEVEDRA

Precio subscripción (5 números):

- Ordinaria 2.500 Pta
- De apoio Desde 3.000 Pta
- Estudiantes ou parados Desde 1.500 Pta
- Número solto 600 Pta

Publicación bimestral

CONTAS CORRENTES

Caixa de Aforros de Galicia: 2091-0342-28-3040000681 - Santiago
Caixa Postal: 04369847 - Pontevedra

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

Nº 119/Volume XXIV (2000/setembro-outubro)

SUMARIO

Guieiro,
por Xaime M. González Ortega 3/339

ESTUDIOS

Corenta e catro anos de Benposta
por Manuel Espiña Gamallo 5/341
Castelao crente, revisitado. Os Cadernos e as Cartas
por Victorino Pérez Prieto 20/356

APORTACIÓNS

O mundo de Xosé Manuel Rodríguez Pampín
por Ramón López Vázquez 33/369
O concepto cristián de igualdade social
por Manuel García Docampo 48/384
A sociedade individualizada e o cambio de valores en Galicia
por José Luis Veira Veira 59/395
Unha carta de Valle-Inclán
por Manuel Longa Pérez 69/405
Un novo libro de Crossan sobre o nacemento do Cristianismo
por Andrés Torres Queiruga 73/409

XXIII ROMAXE DE CRENTES GALEGOS

Os tempos son chegados...

por Hermelinda Dapena Tarela 78/414

NO ANO DE CASTELAO

Poema: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

por Xoán Xosé Fernández Abella 82/418

IN MEMORIAM

Fernando Bandeira, un crente galego para o recordo

por Luís Calvo 83/419

José Ángel Valente Docasar (1929-2000)

por Alfonso Blanco Torrado 85/421

CRÓNICAS

Crónica Política: Algo non vai ben

por Agustín Díaz Blanco 88/424

Rolda da cultura: ¿Humanidades?: si, gracias

por Xoán Bernárdez Vilar 97/433

Rolda de Igrexa: Mini-Rolda galega co beato “Papa bo” ó fondo

por Victorino Pérez Prieto 107/443

RECENSIÓNS

Os que são chamados, de Gonzalo Varela Alvariño

por Victorino Pérez Prieto 113/449

Libros chegados á Redacción

por Engracia Vidal Estévez 115/451

ILUSTRACIÓNS

por Soledad Pite 11/347, 36/372

Moitas páxinas e minutos leva ocupado Benposta nos medios durante os últimos meses, no albo dunha polémica certamente interesada. *Encrucillada* quere achegar unha contribución máis distanciada. É a que fai **Manuel Espiña** no artigo *Corenta e catro anos de Benposta*, que é unha historia do proxecto, das súas fontes e realizacións, do seu fundador e animador, da súa relación coa sociedade... A xustiza acaba de lle dar a razón ó Padre Silva sobresendo a causa aberta contra a entidade; a historia tamén lla dará –afirma o autor– porque as boas obras se coñecen polos seus froitos.

No outro estudio deste número **Victorino Pérez Prieto** volve á figura de Castelao para insistir na súa condición de crente, á luz das súas cartas, que el puido estudar e que serán publicadas proximamente. Detense nas cartas a Otero Pedrayo e repara na impresión que produciu en Castelao a lectura da súa novela *Fra Verner*, feito que para o autor apoia a súa tese.

A figura de Xosé Manuel Rodríguez Pampín, un home de enternecida lembranza para esta publicación, énos glosada por **Ramón López Vázquez**; o seu mundo recreado en múltiples citas dos seus textos. Unha aproximación a un home marcado polo frío que entendeu o teatro como forma didáctica de entender a vida e sostivo a idea dun cristianismo renovado e encarnado na súa terra.

Manuel García Docampo analiza o concepto de igualdade social no cristianismo, desde as súas raíces rastrexadas no Antigo Testamento ata a súa culminación na extensión da idea de igualdade a todos os homes na figura de Xesús e a súa realización na práctica cristiá. O ollar do sociólogo contrasta os diferentes conceptos de igualdade e cualifica a idea cristiá de *igualitarismo rawlsiano*. Outro sociólogo, o profesor **Veira Veira**, aborda o proceso de individualización –non confundir con individualismo– que está a medrar nas sociedades máis avanzadas. Partindo dos datos da sección galega da Enquisa Mundial de Valores estudia o fenómeno no noso país.

Complementan este número, ademais das crónicas, dúas notas sobre unha carta de Valle-Inclán, que documenta o seu verdadeiro nome, e un novo libro do esexeta americano John Dominic Crossan, que está a traer novos aires á investigación do Xesús histórico. Tamén topará o lector noticia da XIII Romaxe de Crentes Galegos que este ano se celebrou en Campo Lameiro.

XV FORO RELIXIÓN E CULTURA EN GALICIA

Novos horizontes da Ética

4 de novembro de 2000
Santiago

Anteproxecto do programa

Ética e “Nova Economía”

Luis de Sebastián. Profesor de Economía no ESADE,
Universitat Ramón Llull de Barcelona.

Ética e Bioloxía

Pilar Nuñez-Cubero. Xefa de Servicio de Xinecoloxía e
Obstetricia no Hospital do Espiritu Santo de Barcelona.
Colaboradora científica e profesora de master no Instituto
Borja de Bioética.

Ética e Moral

Marciano Vidal. Doutor en Teoloxía Moral. Autor de
numerosos estudos desta disciplina.

18:00 h.: Clausura-Celebración.

Corenta e catro anos de Benposta

Por Manuel ESPÍÑA GAMALLO

Benposta naceu dun soño que se foi facendo realidade, acadando forma e estrutura, ata converterse nun sistema educativo complexo e revolucionario. Unha experiencia educativa que hoxe conta con corenta e catro anos de historia, que foi deitando sementes de subversión nos milleiros de rapaces e rapazas que a viven e que a conservan colectivamente na memoria. Unha experiencia que pagou o seu descaro de proclamarse independente e libre, de reclamar xustiza en vez de pedir axudas e de amosarse digna e insumisa cos repartidores de subvencións, sendo ignorada. Criticada ás veces, incluso desde insospeitosas posicións, como algúns artigos en medios teóricamente afíns a Benposta, que amosaban un atrevemento con dolorosas mostras de ignorancia. E eles queren que Benposta se coñeza como é, que o seu optimismo pedagóxico transcenda. Queren, sobre todo, que sexa criticada, pero desde o coñecemento. Recoñecen que Benposta precisa desta dialéctica para orienta-lo seu rumbo e para espalla-la súa semente.

Xénese

Benposta nace en Ourense, unha cidade típica de provincias, nos anos 50, cando o franquismo estaba no seu punto álxido e a cidade arrecendía ó incenso irradiado polo nacional-catolicismo, cando desde o alto de Ervedelo, onde está o Seminario, baixaban en filas os seminaristas uniformados de bonete, sotana e lista vermella e cruzaban as rúas do Progreso e Capitán Eloy ata a Rabaza, mentres os ourensáns os contemplaban e bicaban reverentes as mans de curas instructores. Nesta atmosfera (tan xenialmente reflectida por Blanco Amor) abundaban pandas de barrio que mostraban a súa rebeldía cusbindo e mofándose dos disciplinados seminaristas.

Xesús Silva subía tódolos días en bicicleta a Ervedelo, durante o breve paso polo seminario ourensán, onde cursaba 4º de Bacharelato no Colexio Cardenal Cisneiros. Despois de tres meses de comezado o curso conseguira, a través dunha recomendación, entrar no seminario. Tomara moi cedo a decisión e entrou en Ervedelo pero este foi unha antesala de Comillas. Entrou despois de facer unha exposición de pintura co propósito de realizar a súa aportación económica á familia, inmersa, despois de morrer seu pai, nesa atmosfera solidaria que provocan os momentos difíciles. Pero realmente ninguén o imaxinamos formando filas co uniforme, polo contrario, imaxinámoslo reproducindo a famosa escena da película *Expreso de media noite* cando o protagonista xiraba en sentido contrario ó resto.

Os Silva eran unha familia ilustre e cultivada. Dona María, mestra, unha muller emblemática, non só por se-la nai do cura, senón polo seu compromiso que a levou a poñer todo a disposición dese fillo e de Benposta. Xosé María Silva, un gran violinista, de profesión arquitecto, que os deixaba cando el e seus irmáns, Pocholo, María Clara e María Sol, eran uns rapaciños. Toda a familia, aínda que con diferentes graos, implicouse na aventura de Suso, o irmán que estaba rematando Teoloxía na Universidade de Comillas.

O Padre Silva naceu o 25 de xaneiro de 1933, a súa infancia e adolescencia estiveron marcadas polos anos cruentos da guerra e da posguerra. É de personalidade polifacética: o mesmo pinta un cadro que toca un instrumento; pode esculpir un equilibrio ou crear un soño. Benposta é o seu soño, a súa gran creación, a obra permanentemente inacabada para que tódolos artistas do futuro, colectivamente, lle vaian dando forma e textura.

Antecedentes

Existen antecedentes ou paralelismos con outras experiencias. Podemos citar colonia Gorki de Makarenko como expresión da Pedagogía Socialista.

Tamén podemos sinalar influencias da pedagogía autoritaria, da Pedagogía Dinámica, do Optimismo Pedagóxico, Pedagogía libertaria... pero, a parte de que Benposta non é posible encadrala en ningún destes proxectos, daquela a literatura revolucionaria era moi pouco coñecida en España e o Cura tivo coñecemento dela máis tarde, cando Benposta xa existía. De calquera maneira, Benposta conecta cos mellores precedentes de comunidades humanitarias, sociais e relixiosas e da literatura utópica.

É obrigada a referencia a Boys Tawn de Nebraska. *O cura* (cántao moitas veces) viu de rapaz a película *Forja de Hombres* que contaba esta experiencia da *Cidade dos Muchachos* do Padre Flanagan e quedou fondamente impresionado. Aínda que é certo que na creación de Benposta, a obra do Padre Flanagan constituíu un referente, este foi máis motivador que ideolóxico, máis de forma que de fondo (foi grande a decepción do cura cando en 1973 a visita por primeira vez). O cura, na decisión de dedica-la súa vida a unha obra de gran contido humano e revolucionario, atopou sustento teórico e espiritual no seu fervor relixioso e nos estudos eclesiásticos cos Xesuítas en Comillas. (A elección de Comillas fronte ó seminario de Ourense é un feito significativo). En definitiva a súa filosofía parte do Cristianismo, interpretado sinxelamente, sen aplicar grandes principios de hermenéutica, desde a vida, desde a súa natural identificación cos débiles e oprimidos.

Nacemento

Desde que *o cura* (como lle chaman sempre) prendeu a chispa naquel grupo que xogaba nun solar da rúa de San Francisco, hoxe nº 11, de Ourense cunha pelota de trapos, existíu Benposta. Mal podían pensar aqueles quince rapaces que ían se-las primeiras pedras de tal edificio. “Se non vos gusta esta cidade, construíde vós outra”, díxolles, estendéndose na descripción dunha Cidade marabillosa. Quizais o cura predicador fixo nesta ocasión o primeiro debuxo de Benposta, pero nunca chegou a pensar que aquel grupo de 15 rapaces o ían tomar en serio, ata o punto de presentarse, máis tarde, na súa casa dispostos a facer realidade a *Cidade dos Muchachos* da que lles falara. As palabras dirixidas ós rapaces voltáranse en contra del en forma de esixencia implacable para levalo a un compromiso definitivo, tanto, que trocou os planos que tiña e dedicou a súa vida a construír unha Cidade, unha Nación, un Cosmos. Benposta, xa que logo, foi fundada en Ourense o día 15 de setembro de 1956, na casa de Dona María, rúa do Progreso 55, polo entón aínda seminarista, Xesús Silva e 15 rapaces. *Juán o feo* (primeiro contacto), Alfonso Nieves, Aníbal Freire, Norberto Tabares,

Juán Xanetas, Oliveros, Luís Chaves, Antonio Chusquián, Camilo Balsa, os dous irmáns Barril, Germán Boludo, Perita, Pepe Carranchas (falta un), os quince históricos do primeiro contacto máis outros que xa se incorporaron e que en realidade tamén foron fundadores.

Desde a súa fundación, Benposta foi medrando en complexidade, acumulou o que cada quen foi deixando nela e a experiencia de ir resolvendo problemas colectivamente, tanto nos momentos de euforia como nos momentos de crise.

Despois das primeiras xuntanzas na Alameda, lugar simbólico, coa moto e os quince rapaces, pasaron por varios locais: en San Francisco, Salón de Acción Católica en Xulio Prieto, Baixos do Bispado ata chegar ó cárcere da Coroa na Barrera, xa en 1957 co cura incorporado ó grupo (o cura ordenouse o 25 de marzo de 1957). Aquí reúnen, organizan clases nocturnas, teñen un casino recreativo e un club deportivo. Aquí aproban as Leis de Cidadanía. É difícil saber cando deixaron de ser quince, quizais xa o primeiro día empezou a medra-lo grupo xa que Benposta nin entón nin nunca pedíu carta de identidade ós que se acercaban, todos eran ben recibidos. Benposta, e esta quizais sexa a súa gran aportación pedagóxica, confía na forza da comunidade para educar. “O que educa é o ambiente”. Di Paulo Freire: “Ninguén educa a ninguén, ninguén se educa só, os homes edúcanse entre si mediatizados polo mundo”. É unha pedagogía non dirixida. Por outro lado, parte da bondade natural dos individuos. A historia de Benposta rexistra a entrada de nenos atrapados na delincuencia e escapados de reformatorios que, en moitos casos, chegaron a integrarse. En Benposta a rebeldía sempre se valorou como unha cualidade positiva, o obxectivo é canalizala, cimentala nunha conciencia crítica e solidaria.

A formación intelectual, laboral e sociopolítica

O traballo en Benposta, considerando a súa función social de contribución á comunidade, ten o seu máis claro precedente na pedagogía socialista. Sistema educativo e sistema económico están interrelacionados no senso de que este non pode ser independente daquel. Desde esta consideración o traballo non é embrutecedor senón que favorece a responsabilidade e a inserción na comunidade. En Benposta hai traballos puramente productivos, talleres de aprendizaxe que tamén son productivos, e os que responden únicamente á formación académica, pero, no discurso teórico, todos teñen a mesma consideración como aportación á comunidade. O sistema pedagóxico de Benposta foise perfeccionando con esta idea, incorporando

mecanismos certamente orixinais como o sistema de moeda, que acadou, desdo punto de vista teórico, perfección coa organización por Distritos; estes recibían a paga colectivamente, de maneira que a irresponsabilidade dun membro repercutía en todos, provocando desta maneira a responsabilidade colectiva.

A formación sociopolítica baséase nesta concepción comunitaria e na práctica democrática. “A educación como práctica de liberdade” de Paulo Freire. Benposta ten unha organización democrática participativa cun réxime asembleario que permite a participación directa e a libre expresión. En Benposta, aínda que non hai unha metodoloxía que marque unha orientación política concreta, existe a práctica viva que responde á mestura de socialismo, anarquismo, comunitarismo... que forma unha cor inconfundiblemente vermella.

Historia

En 1958 Benposta, que non deixa de medrar, dá un novo salto, na casa de Dona María, no Progreso 55, créase a Escola de Primeira Ensinanza e a Escola Taller coas especialidades de electricidade e de mecánica: ramas de torno e axuste. Benposta, cun programa educativo baseado na austeridade, socialización e responsabilidade, xa comenza a súa andadura como comunidade educativa global con medios para a formación intelectual, laboral e sociopolítica. Andadura que se inscribe nestes corenta anos con cambios políticos e económicos ós que Benposta non puido subtraerse.

Os rapaces que chegaban a Benposta, salvo a primeira xeración que procedía da urbe ourensá, eran do medio rural e unha parte moi importante fillos de emigrantes que mantiñan os avós como elemento de vinculación coa aldea e eran portadores dunha lingua e dunha cultura desprestixiada, que representaba todo o contrario do legado, inculcado por pais e nais, no que se manifestaba o chamado autoodio do *impáis*, que diría Xavier Alcalá.

A década dos ‘60

Nos anos ‘60 Benposta pobóbase con alumnos da Escola Taller. Aprender un oficio constitúe, en xeral, as expectativas destes rapaces que aspiraban a un traballo na España dos Planos de Desenvolvemento, na expansión económica que se manifestaba fundamentalmente en Bilbao, Barcelona, Madrid. Benposta nesta década garante a súa permanencia, desdo punto de

vista da proxección cara o exterior, non na súa organización interna, mantendo o seu discurso ou mensaxe en estado latente, sendo ignorada. É unha década de gran expansión, desde a vocación de autonomía búscase a autofinanciación por tódolos medios. Así pois, organízanse campañas para recadar fondos: *trapabocha*, tómbola en Ourense, exposición de cadros do cura en Vigo, tómbola en Zaragoza, primeira tómbola nas Ramblas de Barcelona.

Como expoñentes desta expansión están: o nacemento do Circo e a adquisición da “Finca” patrimonio familiar donada por Xosé Manuel Silva ó seu irmán padre Silva (ó principio chamábase a Finca, pero como esta finca se chamaba Benposta, máis tarde a mesma Cidade dos Muchachos tomou este nome, considerándose que lle acaía, Benposta).

As primeiras construcións en Benposta foron pensadas para garantir a autofinanciación. Granxa de polos (onde agora é o taller mecánico), primeira nave industrial, Gasolineira... Organízanse campos de traballo con estudantes, algúns dirixidos por benposteiros como Ricardo, Torero ... para construí-los primeiros pavillóns destinados a residencia: comedor, dormitorios, servicios ... todos eles aínda en pé para dar testemuño, aínda que cambiaran a súa función.

No ano 1963, o Taller Escola convértese en centro autorizado de oficialía industrial. Inaugúrase a gasolineeira.

Nestes anos a Padre Ángel, sendo párroco de Allariz, crea e anima alí a *Cidade dos Muchachos*, que chega a ter cento e pico rapaces e ofrece como peculiaridade a primeira integración, aínda que non totalmente, de rapazas en Benposta.

En 1964 comeza a experiencia da *Gran Aventura*, experiencia que aínda que está historicamente vinculada a Rocas, comezou con esta primeira xeración dirixida polo P. Ángel en Carballeda de Cea, onde el fora destinado como párroco.

En 1965 créase a *Asociación* como unha superestructura de apoio. En 1966 prodúcese a concesión da *Escuela Hogar* (catro unidades), e primeiros cursos do PPO que se realizaban na cerrallería. Debuta o *Circo* por primeira vez na Praza de Cataluña de Barcelona. Nesta mesma época créase a Residencia da rúa da Coruña en Ourense, pensada para rapaces que chegaban a Benposta e que contaban con medios económicos.

En 1967 comézanse as edificacións escolares definitivas. No mes de setembro deste ano a *Cidade dos Muchachos* faise cargo de San Rosendo



de Celanova, mediante un convenio con Auxilio Social. Celanova ofrece á historia de Benposta unha das experiencias máis ricas, sobre todo no aspecto académico. Acadáronse éxitos importantes que tiveron, a longo prazo, as súas repercusións positivas en Ourense. Por Celanova pasaron o Padre Treballe, Paquiño, Piñeiro, Bueno, Amador Fiz, Padre Ángel, Anxo Arrabal, María Xosé... e un grupo de profesores moi integrados na comunidade.

En 1968 constrúense dous chalés (ata agora os únicos). Móntase a imprenta, recurso importantísimo desde o punto de vista da utilización escolar, aínda que nunca foi utilizado dunha maneira óptima. Iníciase a construción do Hotel. Declárase a Asociación como Benéfico-social e chega o primeiro grupo de Celanova a Ourense para continuar os estudos de oficialía industrial. Desde o punto de vista da Proxección exterior, prodúcese a marcha a Mozambique de Vicente Berenguer, que foi acompañado por Chispa e Jorge; e chegan a Benposta, Fermín e Antonio, os primeiros de Guinea.

En 1969 prodúcense cambios importantes: a docencia comenza a impartirse integramente en Benposta e como consecuencia a vida alí intensifícase e provoca cambios estruturais importantes. Hai unha Xunta Xeral de Dirixentes e Cidadáns, que leva a unha reorganización xeral: constitúense os Distritos, habilítase un local para Concello. Créase o Ano de Servicios Cidadáns. Neste mesmo ano o MEC declara Benposta *Obra de Interese Social*. Póñense en marcha servicios e talleres como panificadora, cerámica, tricotadora. Chegan un segundo grupo de guineanos, sobre quince.

A década dos '70

Coincide co debilitamento e morte do franquismo e o inicio da transición. Benposta mira ó exterior, incorporándose pouco a pouco a participar nos cambios que se estaban a producir. Axudan a este proceso a incorporación do Curso Preparatorio de COU, etc... E, a consecuencia das xiras americanas do *Circo*, prodúcese unha grande proxección de Benposta en Latinoamérica, coa fundación de diversas comunidades benposteñas, como Santo Domingo e Colombia, con gran repercusión no seu contorno.

Nos anos 70 chegan a Benposta, tanto a Celanova como a Ourense, un grupo importante de profesores cunha gran sintonía con Benposta. Foran estudantes que recolleran o espírito do 68 e estaban comprometidos en

xeral cos movementos sociais de esquerdas. En definitiva, era un profesorado moi integrado na comunidade benposteaña.

En 1970 móntase a máquina dos Quixotes e comenza tamén a zapatería-marroquinería con Touriño como profesor e artesán maior, promotor da filosofía de “Unha máquina trae a outra como a culler trae o seu garfo.” Marcha do *Circo* a Madrid para actuar no *Price*. Despois fará a primeira *tourné* a Europa, actuando no *Gran Palais* de París.

Nesta época tamén comenza a chamarse *Nación dos muchachos* e por estas datas chegan a Benposta un grupo de cinco congoleños.

No ano 1971 celébranse as primeiras eleccións a Presidente. Concesión do curso de *PreCOU*. E, a consecuencia do éxito da xira europea, Benposta aparece na prensa como modelo e organízanse congresos pedagóxicos para europeos.

En 1972 fúndase Benposta en Bruxelas-Interbek por Michel Willo e Monique. E seguidamente a segunda *tourné* europea por Francia e Alemania.

No 1973 o *Circo* viaxa por primeira vez a América e preséntase a primeira promoción de COU no Instituto de Ourense.

En 1974 fúndase Benposta e a Escola de *Circo* en Tocancipá-Colombia. Grupo de Santo Domingo. *Tourné* asiática e Xapón, de onde regresan co Circuito pechado de TV nos caixóns de material do *Circo*, o que supuxo o primeiro estudio de TV de Benposta e unha auténtica revolución na actividade escolar como recurso didáctico. Marcha de *Mesíe* Augusto a Colombia e viaxe da primeira xeración de aventureiros de Colombia a Ourense. En 1975 elaboran un documento para que persoas maiores, antigos benposteos, poidan mante-la súa vinculación con Benposta. No 1976 créase a Escola de música e coro *A Capela* de Benposta-Colombia. E chega a autorización para impartir ensino de BUP e COU en Ourense.

En 1978 o *Circo* realiza a segunda xira por América e fúndase Benposta en Santo Domingo. E no 1979 fúndase en Santa Fe de Bogotá. Un novo grupo de benposteos accede á Universidade e créase unha comunidade en Santiago. Nesta segunda xira americana prodúcese unha crise, que levará a unha desintegración do *Circo* coa marcha da maioría dos seus membros.

Benposta e a transición política

A transición política en Benposta merece un capítulo propio, pola intensidade con que se viviu e polo protagonismo que tivo nos acontecementos políticos máis importantes de Galicia.

En xaneiro de 1974 prodúcese a morte por atentado de ETA do almirante Carrero Blanco, claro sucesor de Franco. E esta morte ten unha importancia capital. Comenza así un xiro político de enorme transcendencia para o futuro e supón o enterramento definitivo do franquismo, aínda que queda por diante un durísimo traballo de conquistas sociais e políticas.

Ante a nova situación política, Benposta busca un discurso propio fronte ós cambios que se estaban a producir. Atopa dificultades de identificación cun partido político concreto, pero non así cunha ideoloxía, a súa, claramente situada na esquerda. O ideario concreto de actuación e participación resulta difícil de elaborar. Prodúcese certa confusión nos membros da comunidade. Paradoxo este, pois Benposta ten práctica de vida democrática e o seu ideario político móvese nun amplo abano de conceptos e ideas, socialismo, sentido profundo de democracia, certos conceptos de marxismo e un profundo sentido do cristianismo máis radical que a aproximan á teoloxía da liberación e incluso amosa en certas formas de organización algunha proximidade co anarquismo. Todas estas fontes das que bebe, estas particularidades, convértena, na súa globalidade, nunha experiencia diferente.

En 1975 os membros do *Circo* renovado están xa nunha nova xira por Asia. Entre decembro deste ano e comezos do '76 elabórase a proposta de facer un Congreso Galego de Pedagogía e unha Semana Informativa sobre partidos políticos. O Congreso de Pedagogía non se chega a celebrar nunca, pero o 30 de xaneiro do '76, apróbbase en Asemblea a organización desta semana informativa. Preténdese que por Benposta pasen políticos e persoas da cultura e dean a súa visión dos acontecementos.

O 17 de febreiro do '76 lévase a cabo a primeira conferencia a cargo de Xosé Manuel Beiras, da que o título "Pensando Sobor de Galicia" o que realmente oculta son as iniciais PSG e o acto convértese no que sería a presentación pública do Partido Socialista Galego. A prensa recolle este acontecemento e o Goberno Civil de Ourense prohíbe a continuación das conferencias.

O 4 de Abril do mesmo ano 76, un día despois de que o cura regresara de Asia, ten lugar a presentación pública do *Consello de Forzas Políticas de Galicia* convidados por Benposta. O acto celébrase, curiosamente, na capela de Benposta. Este consello estaba integrado por cinco partidos políticos de ámbito galego e da esquerda.

No curso 1976-77 concédeselle a Benposta a autorización para impartir ensinanzas de BUP e COU e a escola sofre un profundo cambio e dótase

duns medios extraordinarios. Móntanse laboratorios (idiomas, química, física, bioloxía) e póñense a andar os estudos de TVB. Este medio é aproveitado para acercar a persoas de certo interese para eles. Realízase un programa sobre Chile con motivo do 14 cabodano do Golpe Militar. Faise un programa especial no 17 de Maio, Día das Letras Galegas, coa participación de Eduardo Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Celso Montero e o pintor Xaime Quesada. Blanco Amor realiza un guión para TVB sobre o seu libro “Os Biosbardos”, do que tan só se chegou a grabar un capítulo. Realízase un programa semanal sobre comentarios políticos a cargo de Celso Montero. Prográmase, de acordo co Museo do Pobo Galego, unha serie de documentais de carácter etnográfico. Tan só se realizan dous: “A Romaría de Santa Marta de Ribarteme” e un sobre “A malla”. E, aínda que estas cousas non teñen estrictamente carácter político si que o teñen culturalmente e nese momento significou o inicio dunha andadura.

Destacan tamén as reunións que o Partido Comunista de Galicia mantén en Benposta, partido daquela aínda na clandestinidade, e as intervencións do seu secretario xeral, o recentemente chegado do exilio, Santiago Álvarez.

Houbo outras conferencias e contactos ó longo deste ano, por aí pasou Ramón Piñeiro, o poeta Manuel María, Rego Nieto, o polifacético Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo, Lorenzo Varela, Suso Vaamonde, Xosé Ramón Barreiro, García Bodaño, Celso Emilio Ferreiro, o cura Paco García Salve, Joaquín Ruíz Gimenez, etc.

En outubro de 1977 organizouse un novo ciclo titulado “Prensa e Democracia”, para que pasasen os medios de comunicación e desen os diferentes puntos de vista respecto da situación política. Conseguiaron reunir un bo número deles: José Luís Martín por “El País”, Alfonso Palomares pola revista *Posible*, os directores de *Andalan* e *Punto y Hora e Avui*” de Cataluña; por Galicia os directores de *A Nosa Terra* e a revista *Teima*, e Ana Estani pola revista *Vindicación Feminista*.

O día 4 de decembro de 1977 prodúcese a Manifestación pola Autonomía de Galicia. Benposta decide asistir, como organización activa, ás reunións da Comisión Organizadora, integrada por diferentes partidos políticos. O día anterior á manifestación Benposta saca un comunicado na prensa, invitando a toda a mocidade de Ourense e Galicia a participar e tomar parte na manifestación e no proceso autonómico. A convocatoria é un éxito. Conséguese reunir a unhas 10.000 persoas, converténdose na maior manifestación desde finais da Guerra Civil na provincia de Ourense.

A finais dos '80 Benposta forma parte da Plataforma Anti-OTAN, xunto a outras organizacións políticas, e participa na campaña.

A década dos '80

Caracterízase pola saída dunha crise importante, diríamos que é unha etapa de restauración. Por un lado, a marcha do grupo de dirixentes que provoca un baleiro no que a Cámara de Deputados ten que asumir transitoriamente as responsabilidades de goberno. Os adultos asumen a responsabilidade basicamente das industrias: albanelería, carpintería, gasoleira ... Prodúcese de maneira definitiva a integración de mulleres en Benposta e unha parte importante asume responsabilidades nunha Xunta de Goberno coa primeira Alcaldesa. Comeza a *Gran Aventura*, a primeira xeración mixta co grupo que viña de Santo Domingo e Marta. O *Circo* ten que renacer das súas cinsas e comenza unha etapa na que é doada a incorporación de novos membros e tamén aquí se produce a incorporación definitiva das mulleres.

Nesta década a procedencia dos que acceden a Benposta vai sendo, cada vez máis, de estranxeiros, basicamente latinoamericanos, mentres que de Galicia ou de España non chega case ningún. Seguramente isto se explica, alomenos en parte, pola aplicación da Lei Xeral de Educación que garante o acceso de todos ó ensino público.

Diminúe, dalgunha maneira, o nivel, debido a que a idade media dos cidadáns diminúe considerablemente. Sen embargo, prodúcense certas revisións ideolóxicos que coinciden coa entrada en Benposta dun grupo importante de adultos.

A formación da, case nova, *Compañía de Circo* coincide coa inauguración do poliedro. O *Coro de Colombia* realiza a montaxe dun Auto Sacramental que toma como referencia a morte de Oscar Romero, por coincidir co momento do seu asasinato. Isto achega algunhas ideas á montaxe do espectáculo de circo, un espectáculo mixto, que incorpora poesía, música, teatro... Este coro disólvese. Unha parte incorpórase ó Circo e outra marcha con Manolo Martín.

Créase *CODINER*: Comité de Defensa Internacional do Neno Rei, pensado sobre todo para o Terceiro Mundo e que agora é unha ONG.

Recíbese unha invitación da Universidade Itinerante en Alemaña para falar de Benposta, función que realiza Marta. E no 1981 inaugúrase a *Cidade Feliz* nas Ventas-Madrid, na primeira explotación do poliedro para asentamento do *Circo*, co espectáculo "Historia do Circo". En Madrid está

alomenos tres anos, o que supón a primeira experiencia de asentamento estable do espectáculo. Neste tempo os medios nacionais fanse certo eco e aparecen noticias e numerosos artigos en revistas. Funciona unha escola de circo para externos e prodúcese unha participación importante en movementos sociais: prisións, de apoio a América Latina, etc.

Mentres tanto Benposta en Ourense pasa un período de certa agonía. Cando, arredor de 1984, se abandona Madrid e se volta a Ourense, moitos dos membros do Circo quédanse por aló. Móntase de novo o espectáculo e o *Circo* viaxa a Francia, Bélxica, etc.

Inténtase organizar unha nova xeración da *Gran Aventura* coa idea de marchar a Guinea. En 1982 xa se fundara Benposta en Villavicencio-Colombia, por Josué, Nelson, Betoven, Oscar, Bermúdez e quince rapaces de Benposta en Bogotá. E no 1983 fundouse Benposta en Managua-Nicaragua, con Carlos Eduardo, M. Esther, Camilo e Celina. E no 1985 fúndase a Escola de circo en Villavicencio. Fúndase tamén Radio Benposta FM. 100. E no 1986 crean a primeira Escola de Radio, Cine e Televisión de Galicia. No 1989 poñen unha Benposta na Guagira colombiana, por Nelson, Omar, Willian, Yohon e Wilson. E nese mesmo ano outra Benposta en Montería-Colombia por Luz Elena, Eliana, Rosa Estella e Sofía.

Os '90 son actualidade

Consólidase a *Escola de Imaxe e Son* e créase a primeira televisión local de Ourense. En 1990 fúndase Benposta-Venezuela por Kawachy e Patricio. E tamén unha *Escola de circo* nesta Benposta. En 1993 unha Benposta en Cochabamba-Bolivia e un Centro de saúde por Carlos Arturo e M. Teresa. E no 1995 fúndase en Ourense a Televisión Benposta, Canal 22.

A *Gran Aventura*

Aventura, empresa de éxito dubidoso ou arriscado. Benposta é unha aventura. A palabra aventura sempre tivo un significado mítico en Benposta.

A *Gran Aventura* proxéctase como o grao máximo de afondamento espiritual e teórico de Benposta, as súas etapas están pensadas para forxar líderes no enfrontamento con situacións de inxustiza e de sufrimento dos despoixados que a sociedade amontoa nos cárceres e nos suburbios, e tamén estando cerca dos que sofren a dor da enfermidade. Trátase, segundo a mística de Benposta, de coñece-lo auténtico rostro de Deus. En Benposta

cantan aquela canción de Atahualpa: “Que hai cosas en este mundo más importantes que Dios, y es que nadie escupa sangre para que otros vivan mejor.”

Comezou en Carballeda de Cea, co Padre Ángel como director, tivo altos e baixos e hoxe lévana feito 24 xeracións.

O Circo (1966-2000)

Desde a data mítica do seu debut na Praza de Cataluña en 1966 ata hoxe, pasaron 34 anos.

O *Circo* representa de forma concreta a creación artística máis clara de Benposta, pero, aínda que é máis global e completa, non é a única. O *Circo* é a ventá ó mundo. É o fío transmisor e comunicador da Benposta total, pero non é a única expresión. Nese papel de comunicador, foi e é a seducción a través da arte para millóns de persoas, a invitación máis máxica a coñecer-la Benposta real e a Benposta utópica. O *Circo* é o resultado, a consecuencia, do soño colectivo de Benposta, como tantas outras experiencias nadas dese soño.

A súa historia particular é rica. Case un cento de países coñeceron a súa existencia. E en cada país, en cada continente, independentemente do réxime político, da cultura, o *Circo* foi sempre fiel ó seu discurso global e universal, aínda que ás veces, isto carrexara problemas e dificultades de distinto signo no seu periplo. Tan só lembrar, como exemplo, os problemas na Arxentina de Videla e no Chile de Pinochet.

A clave que explica os seus atractivos é a perfecta combinación da tradición circense e a modernidade, así, ese cóctel de danza, música, acrobacia, maxia, luz e mensaxe, deu nacemento a unha linguaxe propia e particular dotando o espectáculo dunha vangarda extraordinaria. Estes códigos universais, facilmente comprensibles, foron claves do seu éxito nun lugar e outro do mundo. E o *Circo* como proxecto de Benposta sufriu ó longo da súa historia avatares e dificultades que non se poden negar. E neste punto, compre sinalar, e non de maneira menos importante, outras manifestacións artísticas que naceron e se desenvolveron ó longo destes tritecatro anos, nas distintas Benpostas do mundo. Así, a creación en 1974 da *Escola de Circo* de Tocamcipá, a *Escola de Música* e o *Coro A Capela* en 1976, a *Escola e Compañía de Danza* en 1977 de Benposta-Colombia. A creación en 1985 da *Escola de Circo* en Villavicencio-Colombia e, por último, en 1990, a *Escola de Circo* de Benposta-Venezuela.

Plataformas a prol de Benposta

Estas plataformas para defensa e axuda de Benposta ben merecerían un capítulo especial. Están estendidas por case todo o mundo, desde Londres ata Xapón, pasando por Miami ou Roma. Precisamente a de Roma está presidida por un benposteño da *Gran Aventura*, que se fixo crego e está de Rector do Seminario de Venezuela en Roma. Na grandiosa manifestación, que percorreu as principais rúas de Ourense o 27 de Xuño pasado, impresionaba o número de pancartas das plataformas de tódolos países. Unha das máis novas é a da Coruña, que naceu na comunidade do Home Novo.

Desde logo, Benposta é unha verdadeira odisea, unha odisea na terra, aínda que algunha vez pareza camiñar polas nubes, sen embargo, case todos atoparon nela a súa Itaca. E precisamente, o final desta década e o paso a un novo milenio, quedará marcado por unha incualificable persecución por parte da Xunta, bastante presente en tódolos medios e sobre todo no número 38 da revista *Tempos Novos*, e que aínda está pendente de solución xurídica, xa que o problema dos terreos para casas sociais e nos que o Goberno galego quere construír un polideportivo (para facer un gran negocio co campo de fútbol do Ourense) está á espera de sentenza xudicial.

A reacción do pobo de Galicia, dos partidos políticos (menos o Partido popular), os sindicatos, as asociacións e moitos particulares, non puido ser máis valente na defensa de Benposta e do Padre Silva. Tan só se botou en falta unha declaración dos bispos, máxime sendo este cura e a súa obra o exemplo máis grande de compromiso cristián en toda a nosa historia e dado o emprego de noxentas calumnias, segundo todos pensan, por parte da mesma Xunta.

Pero, a historia fará xustiza con todos e cada un. E a presenza de Benposta en Ourense e tres en Venezuela e outras tres en Colombia, unha en Bolivia, en Bruxelas, en Mozambique, en Santo Domingo e ata no Xapón (onde fixeron uns vintenove libros sobre ela e o seu creador), falan ben ás claras da grandeza desta obra. E non digamos xa os trinta mil galegos que en Benposta-Ourense se fixéron persoas e persoas felices. E ademáis está a existencia de “Postas” ou parellas de benposteños da *Gran Aventura*, que están salvando vidas de nais e de nenos nos sitios máis pobres do Terceiro Mundo.

Por tanto, unha obra que produce tales froitos é ben merecente da maior admiración e axuda de todos ou, polo menos, dun case sagrado respecto.

Manuel ESPÍÑA GAMALLO

Castelao crente, revisitado. Os *Cadernos* e as *Cartas*.

Por Victorino PÉREZ PRIETO

Hai xa catorce anos que viu a luz nas páxinas desta revista un traballo meu sobre a dimensión crente de Castelao¹. Esperaba ter sentado definitivamente xa daquela que ese tópico do Castelao laicista, anticlerical e descrido non correspondía á realidade, pois Castelao foi un home fundamentalmente relixioso, máis aínda, un crente cristián, aínda que parece que non era de práctica litúrxica asidua. Tentaba manifestar tal tese naquel artigo con textos e debuxos das súas obras e con testemuños dos que o trataron máis de preto. Pero paréceme que moitos fixeron oídos xordos, facendo honor ó sabio dito: “Non hai peor xordo que o que non quere oír”. Precisamente por esas datas publiquei un curto artigo en *La Voz de Galicia*, contestando de

¹ “Castelao crente”, *Encrucillada* 47 (1986) pp. 26-41. Volvin abordar o tema de xeito semellante nos meus libros *A xeración Nós. Galeguismo e relixión*, Galaxia, Vigo 1988 e *Galegos e cristiáns*, SEPT, Vigo 1995. Xa se ocuparan anteriormente del Torres Queiruga (“O tema relixioso en Castelao”, *Grial* 47, 1975) e Filgueira Valverde (“O espírito relixioso de Castelao nas páxinas do Diario”, *Encrucillada* 5, 1977).

xeito argumentado, con textos do autor, a Xosé Ramón Barreiro, quen seguía mantendo ese tópico nun relatorio dese ano no Congreso sobre Castelao; nel afirmara que o Castelao “practicante acérrimo” de mozo, deixara a fe cristiá ata “romper definitivamente” con ela na súa madurez, cousa segundo a miña opinión claramente falsa². Pero non obtiven resposta ningunha do egrexio historiador.

O presunto anticlericalismo de Castelao é tan só a crítica necesaria dunha Igrexa que no seu tempo semellaba ser “a menopausia defendida polo histerismo” e os seus cregos “non crían en Deus e botaban das eirexas ó povo traballador”, como escribe nos *Cadernos*, e que aparece de xeito semellante en *Sempre en Galiza*. A proba de que a Igrexa era importante para Castelao é o laio que fai nesta obra: “Con ser tan ruín o imperio político de Castela sobor de Galiza, consideramos pior o seu imperio relixioso” pois foi “un axente aitivo de desgaleguización”. Pero, o irmán Daniel soubo conxugar ese refugo dunha Igrexa dominante antigalega cun insubornable sentido relixioso, unha fe claramente cristiá, aínda que lle resultara insufrible aturar moito tempo as Misas dos seus curas... Aquela lámina dun homiño de impresionantes mans e lombo curvado ante un cruceiro á súa altura, berrando: “¡Non me fan xusticia, Señor!”; a da mulleriña de aldea en actitude semellante, pero ante un cruceiro menos íntimo e que apunta ó ceo: “¡Queiman, rouban e asesinan no teu nome!”; ou aqueloutra na que xa non aparece o cruceiro, porque os brazos en cruz da muller xa semellan manifestar a apertura ó Cristo cósmico: “¿En que acabará, Señor?”. Só estes debuxos abondarían para dicir que ¡hai que ser ben miope, ou malintencionado, para non ver a fe cristiá deste home comprometido co seu pobo!

Pero na obra de Castelao hai moito máis, sobre todo nos longos e clarísimos textos do seu impresionante *Diario 1921* e no seu testamento sociopolítico *Sempre en Galiza*, tal como quedou abondosamente mostrado en traballos anteriores. Este artigo, tan só completa con pequenas aportacións novas a aquela tese exposta hai anos.

² “Castelao cristián. Resposta a Xosé Ramón Barreiro”, *La Voz de Galicia* 2-XII-1986. Uns días antes, un artigo de Chao Rego no mesmo xornal (“Castelao con perdón”, *La Voz de Galicia* 27-XI-86) abordaba o tema e facía referencia ao meu traballo de *Encrucillada*, afirmando precisamente: “Victorino enfróntase co tópico sobre un Castelao pretendidamente anticlerical e, sobre todo, descrido... E adéntrase na súa obra e vida nada menos que para descubrir, na súa xusta medida, a fe de Castelao” (subliñado meu). Chao volveu abordar o tema nun sinxelo traballo “O sentimento relixioso de Castelao” en *O ensino da Língua: Por un cambio de rumbo*, AS-PG, A Coruña 1995; libro no que apareceu tamén un novo traballo meu: “Castelao e a verdade dos pobres”.

1. Os Cadernos

Coñecidos do gran público pola publicación feita hai uns anos pola Fundación Penzol na editorial Galaxia³, aínda que de xeito incompleto⁴, os *Cadernos* de Castelao representan unha valiosa contribución para o coñecemento do irmán Daniel; anécdotas, reflexións, lecturas... Seguiremos o texto completo dos Cadernos publicado na Edición Crítica de *Sempre en Galiza*. Pero repararemos case exclusivamente no Caderno A, o máis longo e o que ten a meirande parte dos textos relacionados co noso tema; pois os cadernos B e C interésanse exclusivamente de cuestións relacionadas coa lingua galega e o nacionalismo político; e o caderno D, moito máis curto, son breves apuntes de viaxe, á volta de París, en 1947.

1.1. Nos textos relacionados coa Guerra Civil atopamos un semellante ó coñecido de *Sempre en Galiza*, cos “Tres causantes da Guerra”: O militarismo, o Clericalismo e o Capitalismo. O texto está menos puído e resulta máis duro: “O sentimento relixioso na Hespaña era unha fror arrecendente que nascía no esterco... O clero estaba formado por prófugos do sacho... Burlábanse do Papa, non crían en Deus e botaban das eirexas ó povo traballador” (p. 806)⁵. A pesar do excesivo que pode semellar esta afirmación, no meu traballo en parroquias descubrín que moitos galegos están convencidos de que parte dos seus curas nin sequera cren en Deus.

Baixo un dos epígrafes de “Cousas”, atopamos tamén pequenos e durísimos textos que rozan o tema relixioso:

³Castelao, *Cadernos. Escolma 1938-1948*, Galaxia, Vigo 1993. A publicación ten unha ampla introducción de 40 pp. de Henrique Monteagudo. Trátase de catro cadernos numerados sinxelamente como A,B,C, D, e que esta escolma organiza temáticamente en capítulos: “Cousas da Guerra”, “Cousas dos Estados Unidos”, “Cousas de Cuba”, “Cousas de Arxentina”, “Outras cousas”, “Discursos e textos sobre a Guerra Española”, “A política do exilio republicano”, “De Galicia e dos galegos”, “Reflexións políticas” e “Notas para a conferencia sobre Valle-Inclán”.

⁴A edición completa dos “Cadernos” viu a luz pública na monumental Edición Crítica de *Sempre en Galiza*, publicada neste ano 2000 conxuntamente pola Universidade de Santiago e polo Parlamento de Galicia, aínda que aparecida en edición non venal en 1992.

⁵Así aparece en *Sempre en Galiza*: “O catolicismo español era unha fror de trapo. A Eirexa hespañola, como forza era a menopausia defendida polo histerismo; como ideal a miopía sen anteollos; como categoría era a popa de vella beata enfundada en calzóns de baeta. Os cregos eran prófugos do sacho... Agachaban os Evanxelos, burlábanse das encíclicas e botaron das eirexas ó pobo... Vivían a costa do purgatorio e morrían de indigestión... Os clericais poñían na porta da case unha efíxide do Corazón de Xesús estampado en folladelata. Dentro do fogar vivían acochambados cos sete pecados capitais. Compraban indulxencias e prestaban diñeiro ó cen por cen. Por algo Deus deixou queimar a igrexas!” Castelao, *Sempre en Galiza*, Buenos Aires 1944 p.196.

A varias mulleres embarazadas fixéronnas abortar antes de matalas, para esvaer escrupulos relixiosos.

Un afiador de Ourense vólvese tolo e anda polas rúas a decir: “Matan a Dios! Matan a Dios!”. Pois matárono (p. 813).

Outro texto, que xa foi comentado en varias ocasións, ó identificarse o suxeito ó que é referido, manifesta unha actitude ben diferente ante o clero da manifestada máis arriba:

O abade de Santa Eufemia de Ourense, cando lle mataron os seus catro sobriños dixo: “Se esta é a xusticia que se fai no nome da relixión, eu racho a sotana”. E rachouna (p. 813).

O tal abade non era outro que Fernando Quiroga Palacios, futuro arcebispo de Santiago e esgrevio “cardeal de Galicia”. Tamén fala Castelao con agarimo dalgún cura máis:

Un crego chamado Solla... que *era moi bo e moi crente*, decíame cando eu andaba no inicio do galeguismo político: “Ti pon moito coidado en que ninguén queira facer xusticia contra ti en nome de Deus”. E soía decir a cotío: “Non hai home máis ruín que aquel que pretende facer xusticia en nome de Deus”. ¡Pobre Solla! Era outo, con cara de dromedario e cantaba nos enterros (Caderno C, p. 998).

Por iso, o historiador Francisco Carballo, contrapón esta valoración positiva que fai Castelao dalgúns clérigos na Guerra Civil, á postura vergoñenta de gran parte do clero:

A denuncia enérxica de Castelao vai contra a Igrexa española aliada do militarismo e do fascismo. E deulle tristura tamén o sector amplo de eclesiásticos galegos submisos á Igrexa castelá. Suxeriu que buscásemos no fondo do povo galego as raíces dun cristianismo e da base na que podía sustentarse unha Igrexa galega que estivera a par dos bos e xenerosos para recuperar e dinamizar o propio país⁶.

Xustamente o contrario destes cregos, é o caso doutro que non podemos identificar:

Había na Cruña un crego, menos inxenuo do que parecía, que unha vez díxolle ós feligreses desde o altar: “Yo no se por qué hay tantos odios entre los españoles, porque todos somos hijos de una misma patria, todos hermanos. Cristo predicó el amor entre los hombres y no se por qué ha de haber izquierdas y derechas, pues todos debíamos ser de derechas...” (p. 891).

⁶Francisco Carballo, “Castelao, a relixión e a Igrexa”, *A Nosa Terra*, especial 50 aniversario de *Sempre en Galiza*, Nº 631, 21 de xullo de 1994.

Máis adiante atopamos un fermoso texto en castelán, baixo o epígrafe “Ideas”, do que entresacamos estas palabras (subliñado meu):

Para unos la guerra es un espectáculo desagradable y repugnante... Para otros es un espectáculo extraordinario... Pero nadie sabe que España lucha por la paz y la vida y que sólo desafía a la muerte por una causa sublime. Lo que ocurre es que *en el mundo ya no hay causas sublimes, porque la supersticiones del progreso son más perniciosas que las supersticiones religiosas y ya nadie sabe poner por encima de las riquezas materiales la imponderable riqueza del espíritu.*

Afortunadamente queda en el desierto espiritual de Europa un oasis verde y florecido. Aún queda España como cabeza de Europa, entre dos mares, semejante a la cabeza de Cristo entre el sol y la luna (p. 822).

Paréceme que non lle falta actualidade a isto de que “as *supersticións* do progreso son máis perniciosas que as *supersticións* relixiosas”. A curiosa idea de *España~Cristo* desenvólvea máis adiante:

Despois de perder a guerra, Hespaña é o Cristo dos pobos, seméllase a un pobo redentor... Hespaña foi sacrificada; máis polo seu sacrificio é posible que se produza un movemento espiritual –cáseque relixioso– de tipo ecuménico capaz de crear un modo novo de pensar e de crear. O sacrificio de Hespaña pode redimir ó mundo dos egoísmos en que se debate e pode crear unha nova civilización (p. 836).

¡Ai, se o bo do Daniel se erguera da tumba e vira a evolución deses ideais...!

1.2. O respecto e a valoración claramente positiva de Castelao por unha relixiosidade e un cristianismo que non sexa opresor queda manifestado claramente noutros textos do Caderno A coma estes (subliñado meu):

Vivín n-unha granxa americana, fogar protestante da secta metodista. *Non hai dúbidas. Cando a relixión é pura esperanza de inmortalidade e as regras da moral se cumpren sen violencia, non hai nada tan fermoso como a fe. A fe dos que viven a carón da terra e consideran a froita das árbores como un manxar composto por Deus* (p. 817).

“Non hai dúbidas”, di. Para Castelao a relixión pode ser opresora dos pobos, pero tamén é liberadora e, polo tanto, necesaria, tanto no aspecto relixioso, como aspecto moral. A súa postura parece clara: “Non hai nada tan fermoso como a fe”. Por iso escribira xa no *Diario*: “Hoxe compre pertencer ó fato de homes que traballan polo despertar do sentimento relixioso se queremos que o mundo se salve”⁷. Isto é o que tamén semella reflectir outro texto dos *Cadernos*.

⁷ Castelao, *Diario 1921*, Galaxia, Vigo 1977, p. 304.

Os gobernos poden regular a conduta dos homes, máis non a conduta afectiva, que cai no dominio, pode dicirse relixioso. *A política actual descoñece a moral e a relixión, pero a futura debe basarse na práctica dos principios do amor...*

O goberno político necesita a sanción moral para obter a respetuosa afeición dos povos, e *o goberno espiritual ou relixioso é o único que pode consagrar os poderes en nome da opinión pública*. Tanto é así que o goberno político desaparece cando perde a influencia moral que o consagrou (pp. 865-66).

Atopamos, en fin, algún texto máis que manifesta este sentimento relixioso de Castelao, e que serviu de base a outro de *Sempre en Galiza*⁸, pero que aquí ven enriquecido cunha revolucionaria interpretación do Paraíso terreal, que cadra coa última interpretación dos biblistas:

¡Cando xurdirá unha relixión que nos eleve a Deus! *Todo consiste en ver o Paraíso atrás ou diante, no pasado ou no futuro* (p. 823).

2. As Cartas

Por deferencia da Fundación Castelao, puiden ter acceso ó Epistolario completo do noso Daniel, na súa meirande parte aínda inédito, pero que agardamos vexa proximamente á luz pública. Gran parte das cartas falan fundamentalmente de temas políticos, sobre todo desde 1936; con todo, ese mesmo ano Castelao escribía ó seu amigo Otero Pedrayo desde Madrid: “A política dáme noxo i-estóu eiquí moito máis desterrado que en Estremadura” (3 de xuño de 1936). En consonancia co tema deste artigo, eu reparei tan só naquelas cartas que manifestan a fe e a talla humana de Castelao. Outros poderán traballar sobre o aspecto político destes importantísimos documentos.

Pero quero traer aquí, para deleite do lector, en primeiro lugar parte dunha simpática carta, a máis antiga que conservamos (Madrid, 6-XI-1909), dirixida a unha anónima amiga. A carta manifesta xa a capacidade creativa de Castelao, ó pe que a súa espontánea fe popular, que atopamos tamén noutras moitas cartas:

Miña nunca ben lembrada amiga: Estaba pra estoupar c’oa pena que dan estes días d’o mes de defuntos, tan churumiqueiros e sin castañas pra levar a boca; cando chegou a súa carta, que biquei con mais cariño que si fose d’unha moza miña ¿por qué bicaría a súa carta?. Eu seino, pero

⁸“Cando xurdirá unha relixión que nos dea azos para ascendermos e achegámonos a Deus!». *Sempre en Galiza*, p. 244.

cálome, porqu'en boca pechada non entran moscas, é cada un sabe donde lle proi... A súa carta fíxome dar berros d'alegría; por certo que (¡nunca xuncares me dera!) acudeu a criada d'a casa, que é máis negra que os meus pecados e c'a Virxen de Guadalupe, á preguntarme si estaba tolo, y-o vela boteime a rir...

Eu aquí non m'afago, estou com'o millo cando sinte chuvia, pero hay que ter pacencia, c'o fin, mais pasou Jesucristo. Arrabeo c'as ganas de cantar "Manoel, Manoeliño" é cágame n'o c'atou a Cristo si cando chegue o verán, non vai vosté os baños, para bailar comigo un pasodoble d'aqueles que toca o Bicho. (...).

2.1. As Cartas a Ramón Otero Pedrayo

Penso que as cartas máis ricas no aspecto humano e particularmente no reflecto da súa fe cristiá son as dirixidas ó seu amigo Ramón Otero Pedrayo; a quen chama sempre "meu querido irmán". Parécenme tamén as cartas máis fermosas.

Son particularmente expresivas as palabras que lle dirixe nunha serie de cartas desde o seu exilio en Badaxoz. Unha cidade que define así na súa primeira carta (9-XII-1934):

Cidade grande e cativa: varios cafés, poucas librerías, moitas rúas de mal vivir regadas de mexo de soldado. Murallas para pasear e unha torre de «Espanta perros». Burros e cabras pol-as rúas. Pregóns que queren ser andaluces. Hay un pregoeiro municipal que disque pregoa o precio do peixe, da carne, etc pero que eu non-o entendo. A xente parece de unha Andalucía montañesa. Sombreiro ancho, zamarra, moca. Caras nachas e marelas: mestura de tres razas e mal mantidas. Porco, morcilla, chourizo, gazpacho, cante jondo (...). O peor é cando me atopo soio na habitación do Hotel, pois entón eu xa non rexo co-a tristura e teño que saír. Ando metido nos cafés e aínda que quixen traballar non podo. Atópome seco de todo.

Nesta carta manifesta Castela o amor pola súa Terra galega, e por un Ceo eterno que non entende se non é encarnado nela, aínda que tema pecar de *herexe*... Pero ese concepto de herexía déixao para outro amigo máis polémico: Vicente Risco:

O primeiro día que cheguei asomeime a un matakán da muralla -de noite- e reparei no ceo... Ese ceo é o que me encerra n'este mar de terra cocida, onde os burros e as cabras viven de ilusións, e non voltarei a miralo. Prefiro pechal-os ollos, pois entón ollo o que quero. A min intréname a terra, *a nosa Terra, onde se pode alvistar mellor que no ceo a grandeza da creación*. A Terra ¿sabes? a nosa Terra. Velahí onde está todo para nada.

Permíteme que che diga unha herexía: se despois de morto teño que voar deica perder de vista a nosa Terra eu renunciaría á inmortalidade e preferiría rematar debaixo d'unha laxe e trocarme en herba, en figos ou en patacas... Se o ceo está lonxe da nosa Terra ¿porqué fala de unha vida mellor que esta, estando en Galiza? Consideremos o ceo despois da morte como un mal menor, xa que nos dan a escoller antre o ceo e o inferno. O mellor sería non morrer; pero eu calculo a tristura que me poderá dar a morte cando este desterro xa me doi tanto. Perdóame tanta herexía. Bueno; eu non sei se serán herexías. Cicais o sexan para Vicente ou cicais non tampouco.

Un fermoso texto, cuxa idea recollerá tamén en *Sempre en Galiza*:

Como lle queremos á terra! Eu de min sei dicirvos que si despois de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis puidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo dun laxe e convertrimme en herbas ventureiras ⁹.

Este respecto polo relixioso maniféstao tamén Castelao noutra carta desde Badaxoz (11-XII-1934), na que tras proclamar ostentosamente a súa admiración polo “irmán Ramón”, con ocasión da súa excelente novela *Fra Vernero*, fala dun soño no que presencia un enterro “laico e moi triste”. O subliñado é meu:

Recebín «Fra Vernero» e xa o lin, e aínda penso darlle outra volta...*O teu libro fíxome moito ben*. Xa sabes que eu non podo facer unha crítica; pero dígoche que é o noso mellor libro. Todo está ben, todo: incluso correxido mellor que ningún. ¡Canto sabes, Ramón, e cómo sabes decilo! E despois a maxinación portentosa que che concedeu Deus. Con libros coma este xa non podemos temer unha recuada(...)

Onte soñei unha cousa que me fixo gracia. Estaba n'un pobo descoñecido e cortáronme unha perna. Eu abraceina coma se fose un fillo e fun detrás dela cando a levaron a enterrar. *O enterro foi laico e moi triste*.

Fra Vernero (1934), posiblemente a mellor das novelas de Otero Pedrayo, é tamén unha das que máis manifesta a súa fe cristiá e a súa formación teolóxica, ó pé que a súa vasta cultura. Concretamente, manifesta Don Ramón a excelencia da fe católica, contraposta ó talante protestante. A novela fala da conversión ó catolicismo do escritor romántico protestante Zacharias Werner, que pasou do luteranismo radical a converterse en predicador católico como humilde frade franciscano, contraponendo as figuras de Lutero e Francisco de Asís. Non é casualidade que a revista

⁹Castelao, *Sempre en Galiza*, edición típica de Buenos Aires 1944, p. 46.

Logos dixera desta novela, en claro ton apoloxético, que “encamiña á exaltación da eterna mocidade do espírito no vivir católico”¹⁰

Daniel chega a afirmar que é o mellor libro do escritor galeguista. Pero quero fixarme aínda máis noutra cousa ¿Por que dirá Castelao que este libro de Otero lle fixo “moito ben”? Resulta curiosa esta afirmación, cando esta novela non é un libro tan defensor da “identidade galega” como outros de Otero saídos anteriormente: a gran novela *Os camiños da vida* (1928), que é a máis coñecida do seu autor; ou a ideolóxica *Arredor de si* (1930); ou a tamén defensora da identidade histórica de Galicia *A romeiría de Xelmírez* (1834). Como teño escrito noutro lugar¹¹, *Fra Verner* é unha obra estraña, da que o mesmo Otero confesa nas primeiras páxinas non saber “onde remata a historia e onde empeza a imaxinación”; pero unha obra sumamente rica e suxerente. Carlos Casares cualifícaa na súa biografía de Otero Pedrayo como “das máis fondas do autor”¹² e Cunqueiro como “a máis ampla, dorida e gozosa á vez, sabia e profunda, ollada de Otero sobre Europa, os pobos, as ideas, emocións e momentos que a formaron”¹³; máis aínda, di noutro lugar que este é “o libro onde a mente e a paixón de Don Ramón deu as súas horas máis altas”¹⁴.

¿Tería en conta Castelao todos estes aspectos (reflexións fonda, fe católica, europeísmo...) ó salientar a súa admiración polo libro e o feito de que “lle fixera moito ben”? Xulgue o lector. Con todo, o silencio en que estivo moito tempo esta novela recentemente reeditada por Galaxia, paréceme que manifesta esa actitude chata de certo galeguismo laicista que semella necesitar acalar a presenza do relixioso nas súas figuras máis representativas.

O amor de Castelo polo seu benquerido amigo e irmán Otero, unido a súa admiración, queda manifestado reiteradamente en cada carta. Como é o caso doutra datada pouco despois (Badaxoz, 10-I-1935): “As túas cartas recíboas coma se fose pan abenzoado”. Nesta, reitera a común fe relixiosa que os unía, aínda que seguro era moi consciente de que en Otero era máis intensa que nel (subliñado meu):

¹⁰ *Logos* 44 (1935), p. 26.

¹¹ O meu libro *A xeración Nós. Galeguismo e relixión*, op. cit. pp. 102-109.

¹² Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo 1981, p. 126.

¹³ Alvaro Cunqueiro, “Zacharías Werner”, *Grial* 52 (1976).

¹⁴ Alvaro Cunqueiro, “Tres notas sobre Don Ramón”, en S. Cardeñoso *Nuestro amigo Ramón Otero Pedrayo*, ZYX, Vigo 1979, p. 94.

Que a túa felicidade non teña remate, que non amingüe a tua ledicia, que non che falle o xamón e o viño e o café e o cigarro, que chegues san a vello e deas ô mundo un fillo do teu talento cada ano, *que chegues a ver a nosa Terra en paz i-en gracia de Deus*, que chegues a ver ledo e satisfeito a Risco, e canso de vivir entregues a i-alma ôs anxeños cando xa non teñas nada que facer no mundo. Todo eso desexo eu para ti por seres o home máis compreto que pareu a nosa Terra.

A Otero maniféstalle noutra carta os seus máis fondos sentimentos verbo da súa Terra, co desexo de que o proxecto do Reino de Deus (o que a Deus lle reina) se vai facendo realidade nunha Terra máis limpa (Badaxoz, 6-VII-1935, subliñado meu):

Cada día estou máis admirado da túa bondade e creo que a túa posición de sacrificio terá recompensa. Con todo, non somentes o teu sacrificio senón tamén o meu (pois eu acompañote aínda que finxa outra cousa) terá de ser meirande; pero Galiza sairá favorecida... *Herdamos unha terra tan probe de esprito e cunha realidade tan emporcada que non hai máis remedio que emporcarse. Algún día chegará, se Deus nos der vida, en que poidamos lavarnos*. Eiquí medito moito e vexo que sería unha cobardía non chegar até o final.

Pero, ademais, na mesma carta Castelao exprésalle ó seu amigo o seu claro posicionamento contra as dereitas; a pesar do polémico que podería resultar, dada a ascendencia ideolóxica de Otero, un home de dereitas, aínda que, por fidelidade ós amigos e á súa terra, non abandonara o Partido Galeguista tras da súa unión á Fronte Popular; cousa que si fixeron os fundadores desa escisión que foi Dereita Galeguista, que critica duramente Castelao en *Sempre en Galiza*. Particularmente, Castelao ten presente o que toca ós sentimentos relixiosos, que con tan pouca delicadeza soubo tratar a esquerda republicana (subliñado meu):

Para darse un conta do que son as dereitas hespañolas, e pol-o tanto da imposibilidade de que un galeguista poida cangar con semellante alcume, é preciso vivir perto dos señoritos estremeños ou andaluces. Hai que velos abusar da fame e hai que ver como cometen toda caste de inhumanidades. A un rapaz de 26 anos (diputado socialista dos moderados) asasinárono e se non é certo pol-o menos prepararon a defensa do asesino. ¡Podía contarche tantas cousas! Non; *non se pode ser de dereitas aínda que a cousa non se vexa máis que baixo o aspecto relixioso...*

Castelao escribiría isto con máis forza en *Sempre en Galiza*, aludindo tamén á morte dese rapaz:

Da noxo ver a grea de señoritos dereitistas que poñen a Xesús na porta da casa, pra viviren dentro dela en contubernio con tódolos pecados do século...

Porque en nome de Deus nin se pode afogar a libre respiración dos homes, nin se pode coutar o anxeio dos povos que loitan po-lo seu propio ser...

¿Que é esto?¿Onde teñen a conciencia eses homes que andan a falar de sentimentos relixiosos feridos?¿Que fan os verdadeiros cristiáns que non coutan o egoísmo criminal dos propietarios da terra. Eu creo que ningún galeguista, por arredado que se atope de nós, concordará coas forzas reaccionarias campantes agora en toda Hespaña¹⁵.

Por iso conclúe,

Quixera demostrar que un galeguista verdadeiramente cristián non ten por que arredarse do noso partido, nin para preservar o cristianismo da nosa Terra, nin para salvar a súa propia alma¹⁶.

Son ben coñecidas as duras palabras de Castelao en *Sempre en Galiza* verbo da Igrexa española citadas anteriormente (*vid.* nota 5), que non están exentas de razón. “Por algo Deus deixou queimar a igrexas!”, conclúe; Castelao sabía moi ben que, como escribiu Santo Agostiño, nunha cita que el mesmo recolle nun dos seus Cadernos: “O que Deus máis estima no templo non son as colunas outas, os ricos mármore e os teitos dourados, senón a verdade, a equidade e axusticia”¹⁷. Tal como escribín noutro lugar¹⁸, o Deus de Castelao non era o “Deus dos feixistas”, antropófago ou insaciable vampiro, que escraviza o home e xustifica a opresión dos poderosos, senón un Deus que busca a xustiza para os oprimidos.

Tamén lle confesa Castelao ó seu amigo Otero os seus sentimentos relixiosos, con ocasión dunha procesión en Lourdes, nunha carta datada en París (20 de setembro de 1935), (subliñado meu):

En Lourdes causóunos impresión a inmensidade de xentes que alí había. Bretóns e irlandeses... Pol-a noite orgaízase a procesión: *miles e miles de almiñas con velas acesas que levaban un faroliño de papel coa letra do himno. Parecían azuzenas lumiosas*. Nos arbes distribuíanse outavoces para que se ouvise o órgo da Basílica, de xeito que a xente poidese cantar ben e ó mesmo tempo. Aquelo era dino de verse. Bastante teatral i-estudeado. *Supoño que en Compostela sería menos artístico para os espíritos choqueiros; pero máis fondo e relixioso*. Nas tendas de Lourdes siguen vendéndose as chilindradas de sempre. ¡Cánto mellor non serían os acibeche composteláns! Val máis unha simple

¹⁵ *Sempre en Galiza* pp. 23-25.

¹⁶ *Ibidem*, p. 25.

¹⁷ Caderno C; *op. cit.* p. 998.

¹⁸ Cf. o meu libro *A xeración Nós...* *op. cit.* pp. 235-36.

cuncha de vieira que todo canto se vende nunha tenda de Lourdes. Polo demáis *a fe dos bretóns e irlandeses é viva e forte. Parecen seres resucitados.*

En fin, nunha carta que leva a cabeceira “A bordo do Campana” e datada o 3 agosto de 1947, Castelao maniféstalle ó seu amigo a tristura polos sucesos da Guerra Civil e do exilio. Nela aparece tamén a famosa frase mil veces citada sobre o seu amigo (en subliñado):

Eu non podo disimular a miña tristura. Xa falaremos de cómo queda Europa e de cómo está o mundo. Non tivemos moita sorte ó vivirmos nestes intres, sen esperanza de melloralos no que nos resta de vida.(...) Levo moitas ganas de abrazarte, pois xa non teño esperanza de ver nunca máis a nosa Terra, e *abrazarte a ti é abrazar a Galiza.*

2.2. Outras cartas a amigos

Outras cartas escritas a amigos ou irmáns no galeguismo, manifestan os fondos sentimentos humanos e relixiosos de Castelao.

Respecto dos primeiros unha carta dirixida a Teixeira de Pascoaes, e datada en Pontevedra (3 de novembro de 1934):

Aquela alma en pena dos nosos pais -a negra sombra que cantou Rosalía- xa está reencarnada nun corpo incorruptible -a Terra- e xa é unha Patria e quere reclamar garantías para vivir con liberdade... Qué ledicia traballar nun país onde todo está por facer!. O amor á miña Terra, nada máis que o amor, fíxome dibuxar, escribir, falar... Todol-os galeguistas traballamos sen acougo, rebasando as nosas vocacións, con entusiasmo e con fé. Xa sementámos moitos sentimentos e moitas ideas no peito dos rapaces, e o porvir é noso; mais os nemigos son teimosos e fortes.

Ou esta outra, impresionante, dirixida ó seu amigo Eduardo Blanco Amor, presuntamente datada en 1937, tras do tremendo impacto da Guerra:

Meu querido irmán: Para ti e para todol-os galegos que sofren con nós as angurias desta guerra van as miñas mans, aínda limpas, para estreitar as súas. Estamos arredados da nosa Terra, onde a canalla uniformada masacróu a fror da nova Galiza... O sangue, o lume e o ferro desta guerra abrirán, purificarán e vivificarán un mundo mellor. Temos fé neste parto sanguíneo e dooroso. O destino, a Providencia, a sorte ou Deus está da nosa parte.

Finalmente, resultan sumamente interesantes as palabras dunha carta dirixida a Emilio Pita; sen datar, pero escrita con toda seguridade desde o exilio en Bos Aires.

Meu queridísimo irmán: Iréi a Rosario disposto a facer un discurso ó que saia. Ese discurso de que me falas (o que botei no Centro Galego está xa publicado en catro ou cinco sitios diferentes). O mellor será que fale do «Día de Galiza» como festa patriótica, deixando libre a lingoa. Falaremos de Compostela e do Apóstolo Sant-Iago (non o matamouros, senón o noso). *¿E qué che parecería que falásemos de Prisciliano? Non creo que sexa ben incurrir en herexías; pero andar polas veiras da herexía é sempre un gran pracer.*

A última frase creo que manifesta bastante ben ese espírito relixioso de Castelao. Por unha banda, a súa vontade de camiñar na ortodoxia da Igrexa (cristiá-católica, pois non manifesta veleidades protestantes por ningures): "Non creo que sexa ben incorrer en herexías". Pero por outra, o seu espírito creativo e libre: "Andar nas beiras da herexía é sempre un gran pracer". Penso que é expresivo deste espírito de Castelao unha cita presuntamente tomada dun libro do clérigo catalán Carles Cardó (*Histoire spirituelle des Espagnes*) e que anotou nun dos Cadernos: "¿A aparición d-unha herexía non é o signo –siño, non feito– d-unha certa cultura teolóxica?"¹⁹.

En realidade, foi a ousadía de abrir novos camiños, aínda que foran errados moitas veces, o que permitiu e permite avanzar a teoloxía e o pensamento. Non se trata do tan cacarexado "camiñar por libre", ou o inconsciente "eu creo á miña maneira"–tan proclamado hoxe polos seguidores dunha pobre e desdebuxada "relixión á carta"–; o cristianismo é fundamentalmente comunitario-ecclesial, como calquera relixión, aínda que deba concretarse nunha fe persoal. Por iso, o cristián maduro quere camiñar na súa fe coa súa comunidade, coa súa Igrexa, pero tenta facelo coa liberdade do Espírito e, por iso, rebélase contra todo autoritarismo, aínda que veña revestido de presuntos dogmas baixados do ceo.

E Castelao foi un home libre, honrado e crente, aínda que tivera as súas contradicións, como calquera ser humano baixo os ceos.

Victorino PÉREZ PRIETO

Encrucillada agradece a Editorial Galaxia a xentileza á hora de permiti-la reprodución dos textos de Castelao que aparecen neste estudio.

¹⁹ Caderno B, p. 945. Castelao reflexa en varias ocasións nos Cadernos as súas lecturas relixioso-teolóxicas, coma o libro de Alfred Loisy, *La religion* (p.878) e outros libros franceses.

O mundo de Xosé Manuel Rodríguez Pampín

Por Ramón LÓPEZ VÁZQUEZ

Xa van aló tres anos (1997) desde que no camposanto de Melide o panteón da familia dos “Aceiteiros” garda o corpo fráxil daquel crego ao que todos coñecemos por Pampín. Aquel seranciño, os moitos amigos que alí o acompañamos vimos aumentadas as preguntas polo misterio das figuras sen corpo cando a bocanoite do nicho se cerrou e quedou á vista de todos unha cova sen flores nin roseiras. E todo nun cemiterio sen mirtos e sen sombras delongadas. ¿Cal estampa sería a axeitada para resumi-los cincuenta e sete anos de vida?

Nado en 1941 no seo dunha familia moi coñecida da vila de Melide era o máis vello de cinco irmáns. Ben novo acordaron mandalo ao seminario de Santiago para segui-la tradición de seu tío Amador, autor da sección de etnografía no libro *Terra de Melide* (1933) e darlle gusto á súa nai, sempre coidadosa da relixiosidade da familia.

Na biblioteca familiar, herdo do tío cura, aprende Pampín as tres afeccións que conservará toda a vida: ler, escribir en galego, entende-lo teatro como forma didáctica para mellor aprender.

Dos catro anos que pasa en San Roque sempre gardou un mal recordo; nunca lle foi ben en Santiago; nin cando cursou os primeiros anos de humanidades, nin cando no ano 1979 volta para se facer cargo da pastoral universitaria e das clases de relixión no IES Eduardo Pondal.

Da primeira xeira quedoulle a marca do frío e a de mal comedor que xamais o abandonarán, e que dalgunha maneira forman o binomio desde o que temos que explica-las peripecias psicolóxicas que tanto o amolaron nos últimos tempos. O del foi un organismo que non se adaptou ao frío e, por iso, xerou unha personalidade ciclotónica “anti-friaxe”; a desgana coa que se sentaba á mesa viña producida porque o frío non lle deixaba facer ben as dixestións. ¡Que ledicia –dicía– ver comer á xente con apetito!

Da segunda (1979-1993), saberse impotente para controlar unha clase de rapazolos e sentir nostalxia da tranquilidade dos cregos do rural falando cos vellos, contando contos cos nenos, visitando os enfermos

A marcha a Comillas –Santander, Madrid– ós catorce anos foi un bálsamo en comparanza co Seminario. Non vai tanto frío, participa en grupos de teatro, xentes de tódalas partes, licénciase en Teoloxía, le sen parar, e convéncese de que o espírito xesuítico, revirado e reconquistador, teso, calculador e retorcido, non era o seu. A Pampín non lle interesaba dá-la lata coa relixión, aguillar con dúbidas e máis dúbidas, estar sempre no xusto medio á hora de saír dos moitos labirintos que teñen os artigos de fe. En cuestións de relixión sempre se poñía do lado da liberdade e da tolerancia, da opción persoal e da autonomía humana.

Canta misa en Melide (1966) e a partires dese momento desempeña actividades pastorais na Coruña, Lira, Noia, A Estrada, Santiago e Corneda (Boimorto).

1. A relixión, para o ser humano

Antes de poñerse a oficiar de crego fai as dúas grandes preguntas de toda a súa vida: ¿que función ha te-la relixión en Galicia? ¿que modelo de cristianismo terá futuro en Galicia? A resposta vaina tirando dos libros que xa de neno lera na biblioteca familiar. O que sobre a relixión pensaran os integrantes do *Seminario de Estudos Galegos* será a primeira premisa para optar por unha relixión enxertada no cerne da cultura galega, por un cristianismo e unha Igrexa atentos ós desexos máis profundos dos galegos

Nin ren lle preocupaban os desafíos ilustrados –a relixión non é traballo de cabeza– nin as vagas de secularización de moitos compañeiros.

No que teimaba era nunha Igrexa que seguira o ritmo da sociedade, que enterrara para sempre o pavor e a condena, que borrara a imaxe dun deus rillado polo desexo de vinganza para dedicarse a presentar unha visión en positivo da existencia humana. A relixión, dicía, ten que ser un espectáculo de bondade humana, de abertura a actitudes amorosas, de raptó estético diante a grandeza das forzas do ben.

Canto de anacrónico pode te-la Igrexa en Galicia perderíao de se atopar consigo mesma nos textos bíblicos, lidos por hermeneutas que estean atentos ós horizontes de futuro, traducidos por esexetas que lles dean vida presente para unha sociedade cada vez máis plural.

Por ser home de pouco pulo para a acción social moito mérito hai que lle dar á súa actividade no grupo cultural *O Facho*, ás xornadas de pastoral matrimonial, ás misas en galego organizadas nas Capuchinas da Coruña, ós grupos de *boy-scouts*, ós ánimos cos que organizaba na bisbarra de Melide os campamentos para xoves. A segunda premisa insiste na urxencia dun proceso de dentro a fóra e dun suxeito colectivo para que a reforma eclesial sexa efectiva.

A renovación da Igrexa non virá -parafraseando a A. Machado- por ataques desde o exterior, senón por unha renacencia e purificación xurdida desde o interior... Por eso a superación do anticlericalismo virá na medida en que a Igrexa e os cregos nos evanxelizamos volvendo continuamente ás fontes vivas da fe. (O anticlericalismo de Leiras Pulpeiro, p. 14.)

E iso só a vontade, a decisión humana de ler e coñece-la Biblia, a práctica diaria dos cristiáns por conforma-la súa praxe coas lecturas bíblicas poden proporcionalo. Como non era milagreiro dedicou boa parte do tempo a pór en galego os evanxeos sinópticos e algún outro libro do Antigo Testamento. E digo parte, porque o máis del pasouno facendo lectores dos textos sagrados nas súas clases de relixión nos Institutos polos que pasou. ¿Acaso hai mellor maneira de ir ós textos que lendo neles?

A depresión foi capaz de restarlle lixeireza e frescura cando o timbre reclamaba a súa presenza noutra aula, pero non o foi para que substitíra a súa Biblia (Ed. Sept, 1976) de sempre polos manuais cheos de fórmulas dogmáticas no corpo e debuxiños ben contornados de cores nas marxes.

Inimigo dos enredos administrativos e programáticos, aconchegado dentro do seu tabardo reforzado con sofisticados sistemas protectores fronte ás inclemencias invernais, cinguido por capas de xerseis que como as hedras daban conta da ferida que o mancaba aló dentro, consumía cada hora escolar estudiando o libro fundacional do cristianismo.



Traducir, ler, estudia-la Biblia, ¿sabe alguén de mellores e máis axeitados modos para edificar unha igrexa evanxélica?

A outra cara do amor nutricio que lle dá pulos en canto membro da Igrexa galega é o pobo como ente sociolóxico concreto. A incorporación á liturxia da lingua galega (*Pro e contra da liturxia en galego*) é o segundo obxectivo da súa tarefa reformadora. Esta publicación supúxolle moitas caras reviradas e olladas de esguello, pois algúns clérigos víronse ridiculizados lendo as respostas e opinións coas que responderan a enquisa orixe do libro. Incluso houbo quen, para darlle profundidade dogmática ao razoamento en contra do emprego do galego na liturxia, chega a dicir que Xesús Cristo nunca falou galego... (p. 138), xa que logo, ¿por que teríamos que o falar nós? Como conclusión xeral deste libro-catálogo de pros e contras o lector debe deducir que a lingua, como parte esencial da realidade galega, como o valor galego máis auténtico, como o cerne da antropoloxía, psicoloxía, socioloxía, etc., dos galegos, non ten xustificación pastoral nin racional a súa xeral exclusión da liturxia católica.

Unha Igrexa galega evanxélica sen actos litúrxicos, literatura relixiosa, cregos, laicos, bispos –“atopar un bispo na fronte anovadora por estes eidos non é cousa de todos os días” (*A parroquia hoxe*, p. 251)–, relixiosos, etc., galeguizadores, concluirá Pampín, non pode responder á peculiar visión da existencia humana que o cristianismo debe ofrecer ós galegos. E iso é un monumento á ignorancia e estulticia coas que Galicia enterra o tesouro da lingua.

2. A beleza, cousa de meniños

Quen se achegue á escrita de Pampín atoparase cunha sinxeleza conceptual só superada polo bo siso e argumentos do pobo sinxelo. En realidade con le-los poemas que abren cada un dos textos que nos deixou –xeralmente curtos– é abondo para sabermos de que van. Que cada traballo se inicie cun verso ou unha dedicatoria ós seres benqueridos dáno-la primeira coordenada para afirmar que a personalidade do autor está feita de poesía, e de poesía peneirada pola brétima esbrancuxada do romanticismo vaporoso, naturalista e agarimoso. “Deixemos claro, di, que para eles (románticos) a noite é o símbolo do infinito, do ilimitado da fantasía ou da imaxinación máxica que crea e recrea mundos sen fin. En cambio o día, a luz, é o límite en tódolos sentidos”. (*A propósito da poesía...*, p. 52). Isto amósanos o ámbito estético que tinguirá calquera dos cadros nos que vai pintando as escenas existenciais das que sempre gustou. Xunto ó memorial

introdutorio sempre amence algún morriñoso lugar da xeografía e campiña galegas, algunha lembranza de árbores e vides, medas de millo podrecido, piñeiros que aproveitan a ida das ondas para encheren de funguidos soidosos cada recanto da beiramar, carballeiras ás que cada setembro ha volver por ver se a estiña lle negou o zume do verdor, praias arredadas, canto máis illadas mellor, habitadas por brancos areais perdidos entre xunqueiras e cubertas sempre de transparentes brétemas ás que no outono convén retornar dereito e ben seguido para lles preguntar e logo ¿que tal vos foi coas xentes tan ben mantidas da cidade este verán? Paisaxes que se van facendo auga cando tra-los cristais escorregan as primeiras treboadas das festas do San Lucas; serras ventosas que se visten de vexetación palustre nada máis achegárense as romaxes do mes de Santos.

A estética de Pampín sitúase en todo tempo en lugares naturais, galaicos, sinxelos, de tradición popular, con fame de mar e sede de ribeira, de silencio e acordo, de quietude e interioridade, de lirismo e nostalxia, linguaxe de parrafeo e raspo de ourive; coma se quixer apreixa-lo último misterio das cousas e das persoas na simplicidade e intimidade do xa sabido.

E todo para deixar ben sentado que o principal sempre serán os valores que fan da alma humana un cotarelo de camaradería e autenticidade.

Pero ¿que entende por beleza? Que ninguén espere longas definicións esencialistas nin arquitectónicas construcións sistemáticas á hora de lle responder, porque para el só existen definicións funcionais e operativas. Beleza é a vivencia persoal no intre de escoita-lo *Réquiem* de Mozart¹, de ler un poema de Leopardi, de andar pola beira do río Furelos descansando sempre na xunta das augas, de perde-la mirada nas rodas que dunha noutra banda vai facendo o manso caudal coma se non souber ben onde ir; na experiencia estética rompe coa monotonía cotiá cada vez que un cacho da realidade reflicte unha existencia posible, afastada, desexable; non lle interesan tanto os gozos conceptuais canto os metafóricos e sensibles; non experimenta tanto o atractivo das construcións máis alambicadas canto a oda elexíaca que todo o mundo entende. Na súa escrita hai moita materia viva feita de soños e de imaxes, de opinións e de aparencias, de cores que entran polos sentidos, de viaxes –se, repetía, tivera saúde, non pararía de percorrer polo mundo– a terras exóticas para ver costumes, escoitar lendas, admirar prodixios naturais e así podér-llelos contar ós que nunca foron alí,

¹ A frustración por nin saber nin ter orela para a música non lle impediu intentar aprender a tocala-violín; tampouco, batuta na man, arremedar os directores dos concertos.

de experiencias persoais semellantes ás daquel santo de Armenteira para o que douscentos anos foron un pestanexo escoitando un paxariño –“fan máis ruído, dicía ás veces, unha parella de pegas ca un milleiro de reiseñores”–; hai, en fin, beleza sensitiva, transfiguración da continxencia mundana en intervalo de exultación.

Para Pampín a beleza ha ser un feito sensible, entrar polos sentidos, ter un corpo que expanda raios de silencio, ha emocionar e entreter, transportar a situacións concretas con asuntos humanos ensarillados nos dedos ou, coma as pegas, só servirá para a sospeita e a intriga. Porque o noso amigo andou toda a súa vida á procura deste tipo de beleza, sempre foi un empedernido lector de libros que están feitos do mesmo material ca el, de novela, ensaio, biografía, teatro; isto é, de soños humanos que non perden o tempo preguntando os porqués; quer dicir, de soños licuados en poesía.

2.1. O teatro, morada humana

Sabía moi ben Pampín que o teatro foi ó longo dos séculos un espello dos problemas humanos; que en ningún outro xénero literario hai un escenario tan enorme no que teñan sitio tódolos personaxes que á realidade, ós soños e ás fantasías lles cómpre amosar cando o pano do tempo se enrodela lentamente; que na arte de escenifica-los asuntos humanos ningunha cultura foi máis innovadora cá grega.

Pero de todo canto sobre o teatro sabe o que ten máis claro é a función que ó día ha cumprir: unir, concordar, aveciñar, achega-los seres humanos entre si. Todo un espectáculo de fraternidade para contemplar e participar nel. Toda unha estampa móbil de cohesión social como único decorado para tódolos actos.

Pampín non tiña paciencia para espreme-la cabeza con enredosas disquisicións metafísicas sobre o absurdo, o infinito, os lindeiros da razón, o berro desgarrado e seco, a chispa satírica ou a eterna condena; só sentía urxencias de beleza para todo canto tocaba –un acto relixioso, unha exposición, unha fervenza–, e para o teatro coma para calquera outro acto cultural ou de culto a beleza pona precisamente na irmandade que os ha presidir. Por enriba das diferencias –ideolóxicas, xeográficas, lingüísticas– o teatro ha unir a cantos participan na escena, ora como autor, ora como actor, ora como espectador; máis aló das crenzas e intereses diverxentes a inquietude do noso autor converxe en pór no escenario un soño a prol da fraternidade que a el máis o engaiolaba: vivir en harmonía coa natureza e cos veciños; te-lo referente estético nunha especie de escenario parroquial

ocupado por redes invisibles de afecto, de autenticidade, de luz e verdade, vencellos espirituais que arrinque con xenio tódalas caretas endiañadas que impiden unha comunión a cara descuberta, tal é o papel eterno da Antígona en calquera sociedade –“algo hai en Antígona que xorde máis aló de si mesma...” (Creón, *Creón...*, p. 483).

2.2. O neno, a gran metáfora

A cada volta que lles dou ós escritos e ás lembranzas persoais dos que neste intre me vallo para ir pintando as cores e debuxa-lo perfil psicolóxico-moral do amigo morto, sempre se me amosan os mesmos lameiros e coas mesmas touzas para baila-la vella do seu vivir cotián. E unha das personaxes que case nunca falta no arco é a do neno –“homiño”– como a metáfora da que tantas veces bota man para encarna-la súa idea de fermosura, de confianza –“voltar ao colo da nai, facerse o morto, o débil, o necesitado” (*Alcestes*, p. 443)–, de dita –“aprendamos a ser nenos e a disfrutar do intre” (*Ibidem*)–, de coraxe –“se nos atreveramos a mirar a luz do día, sen pescudar as sombras posibles, todo sería distinto” (*Idem*, p. 445)–, de eterno tarabelear –“non se detén o tempo máis que para xogar o neno” (J.R. Jiménez)– na busca de novas palabras, novos comportamentos, novas actitudes e, sobre todo, novos corazóns e novos xogos, coa difícil arte de inventar cada día –“os nenos son os soñadores por excelencia, a infancia é a total ensoñación” (*A propósito da poesía de...*, p. 53)– unha nova convivencia –“o neno é o único capaz de descubrir tódolos tesouros” (*Desfuncionalización...*, p. 84).

Para Pampín, o neno é un tesouro inesgotable, o único ser vivo que está convencido da realidade de todo canto fai, que sabe da existencia de canto busca, que non sinte os límites da lóxica nin os preceptos da realidade; o único que se ve dono do espazo e do tempo, que pregunta sen parar e sen o mínimo receo acolle calquera resposta para, a rego seguido, volver a inquirir –“preguntar é a forma máis perfecta de pensar” (Heidegger)–. Ten claro que, como dicía E. Baudelaire, “o xenio é a infancia recobrada”; aquel que bebe mirando o ceo coma o arco da vella da braña.

Tamén sabe que á cultura galega, agás e moi pouquiño Cunqueiro, a penas lle ten interesado a infancia como etapa na que o pensar humano é maximamente creador e, por isto, debера asolaga-lo resto do vivir humano ou, polo menos, para laiarse melancolicamente de tela perdido para sempre e non cavilar na súa ausencia. A anemia psicolóxica dos maiores confórmase co xa aprendido, recorta as ás para os suspiros e os imposibles, as trasnadas

e os brincos, para a “invención e a melancolía”; isto é, mirra e esgana as festas da intelixencia porque lle quita o espírito dos nenos cada vez que prefire a lóxica dos resultados exitosos –“a unha nena (Antígona) é difícil, di Creón, facela razoar” (*Creón*, ... p. 488)–, a moral do que dá polo pao, o cumprimento da lei, o interese dos poderosos, as probas do laboratorio, os barruzos do hisopo, o consello do xefe; cada vez que toma bicarbonato para vomita-las noxentas trapalladas en vez de xogar a baleira-lo mar nun buraco (“o neno e o mar”, en *Dous contos*, p. 317), a se entreter emocionado –“ó neno latéxalle o corazón; á lúa tamén” (*O neno i a...*, p. 463)– pillando a lúa –“escurréxese entre os dedos dun xeito...” (*Ibidem*)– na fonte e de poza en poza namentres a nai lava na pía, devecido por voar coma ela polos carreiros do aire, e sempre contento porque cada noiteña ela está aí “¡alumando de novo a sorriso do neno feliz” (*Idem*, p. 464), ou, para dicilo á maneira de Pampín, –el que pasaba o día sen levar alimento ao corpo, pero era un lambereteiro irredento– a “*comer chocolate*; velaí toda a filosofía e o pensar do neno, ignorante e ausente das grandes e angustiosas interrogantes da vida e mailas súas limitacións” (*A propósito...*, p. 54).

Sen dúbida a metáfora na que mellor calla toda a súa sensibilidade é a do neno (“o neno e os xuguetes”, en *Dous contos*, p. 317); a do humano que se deixa levar polo espírito cada vez que inventa un xogo, quere tocar tódolos instrumentos musicais –“Eu quería tocar todos os instrumentos, saber cantar, dirixir,...” (*Creón*, ..., p. 479)– ou brinca de contento porque vai come-lo caldo en casa allea, sen reparar que non ten fabas cando di si a unha cunca máis. Pero sobre todo, porque os 56 anos de incesante dar voltas ó redor de Melide servíronlle para darlle sentido ó eterno retorno de ir e vir na procura da beleza máis auténtica: a de se ver facendo de neno e sen perigo de que baixe o pano; a de non cansar de repeti-la mesma mensaxe de dozura e contento: “come chocolate, neno, come chocolate” (*Ibidem*). O paraíso ha ser un concerto musical no que todos participen, ora xogando, cantando, bailando, tocando, ora farrando entre gaiteiros que relamben os beizos para aproveitar mellor a salsa da vida: o chocolate, o mellor regalo para un neno, ou para un deprimido.

3. A amizade, o gran valor

Quen tiver a sorte de tratalo en vida aínda que non a paciencia de le-lo que tras este apartado deixo escrito darama toda a razón do mundo acerca das afirmacións que veñen de seguido, pola sinxela razón de seren as que o definen por dentro e por fóra, pois en Pampín identifícanse o ser e o

aparecer; ningún recanto do seu interior se esconde cando un se asoma a el, porque todo é repetido e xa sabido.

Facendo unha escala entre o peor e o mellor, e empezando polo máis noxento de todo e que non aturaba con facilidade, quizá –sempre dicía así– teñamos que pó-lo arrepío que sentía polos comportamentos motivados polos cartos. Cando alguén poñía a man na carteira para no seu nome confesar toda a verdade, axiña recibía o tratamento desvelador e inocente, tan eficaz coma irreverente para quen cacarexa desde tan fachendoso poleiro. “Grecia está chea de caretas” (*Ifixenia non...*, p. 82), pero as dos cartos teñen en Ulises –“¿Sabes ti o que buscas, Ulises? Ouro, ouro e botín; é o teu oficio. Un pirata que pasou toda a vida asaltando cidades...” (*Idem*, p. 61); “Eu (Ulises) disfruto tendo máis, e máis, e máis...” (*Idem*, p. 83); “Ouro, ouro, ouro” (*Idem*, p. 84)– o rei, aínda que de tal peste poucos se libran. Tampouco pode casar coa sensibilidade de *mahía* do noso amigo o inferno interior no que viven os guerreiros que amais de botín queren levar no peito un cemiterio de cruces, fibelas, e máis fibelas nas ombreiras, ensarillada a cabeza con parafuso sobre parafuso; mandar en todo e en todos –“toda unha vida desexando chegar a ser Caudillo dos gregos, xefe de todos, mandar en todos...” (*Ifixenia...*, p. 80), “¡Poderoso Creón!... Unha palabra e ¡ras!” (*Creón, Creón*, 489)–, aínda que todo iso haxa que o revestir coa capa do disfrazo patrioteiro –“hai que dá-lo sangue pola patria” (*Idem*, p. 71)– e que lle acenar co axóuxere vermello de escudeiro caído na defensa da honra e a gusto dalgunha que outra divindade, á que por máis caprichosa que fora endexamais un humano ousaría dicirlle non.

Ó fin, o poder e o dominio, as ansias por ser máis importante a cada intre, a lóxica do pavo real e do afago, a do medo a da ameaza perante os timoratos, a maldición como fórmula cáustica para refrear os arrogantes, a couza da mentira e do engano, todo iso ten un só nome: “Ambición, ambición, eses si que son os ventos” (*Ifixenia non...*, p. 36), para querer chegar a Troia, non repara-la inxustiza e honra de Elena.

Fronte a tanta “*cochina* lóxica”, na banda oposta de tanta complicación e retorcidos interiores, no outro lado da escuridade e dos intereses mil veces desfigurados e simulados, Pampín descríbenos, coma quen non tivera que ver con ninguén, a facilidade do convivir humano fundado en motivacións de amor. As explicacións dos comportamentos humanos desde razóns paterno-filiais –“incluso as noras son fillas dos sogros” (*Alcestes*, p. 441)– non teñen secretos, son tan cristalinas que con só miralas xa se entenden.

Na outra punta da pérfida lóxica do botín e da mímese, sitúa Pampín a do amor como referente positivo de tódolos comportamentos humanos

merecentes de aprecio e estima, como eficaz remedio na solución de calquera pandemia local, como a gran luzada que traspasando as caretas saca á luz pública os rubores e coloretos, as mancaduras e cornos de xena de cadaquén. Para a lóxica do amor non hai espantallos nin máscaras metálicas que vallan, todo será transparente para todos; por iso, tanto lle temen os que tanto teñen que tapar.

¿Pero que entende Pampín por amor? Coma tantas outras veces tampouco acerca diso achamos nocións esencialistas, tratados académicos, investigacións antropolóxicas, probas a favor ou respostas ben fundamentadas para que ningunha dúbida sega desacougando a quen lle pregunta. Non. O noso amigo crea situacións concretas nas que o amor intervén e se comporta como factor motivador das actuacións concretas dos individuos concretos. O amor é carnal porque require estar sempre presente nas obras humanas e porque se ha ver, oír, tocar, olfactear, etc., coma se for un elemento corporal máis –“Hai cousas... que debemos facer carne da nosa carne ¿entendes? E unha desas cousas é amar...” (*Alcestes*, p. 446). O amor non é unha hipótese nin unha idea, un deus ou unha utopía, senón, coma a auga ou o aire, a principal substancia para o vivir humano; tampouco unha paixón ou emoción máis ou menos cativadoras, senón unha actitude positiva de disposición para querer e face-lo ben ós seres queridos. O amor é a amizade que dá fortaleza, seguridade e coraxe ós que participan del; por iso é o faro que enche de luminosidade o mundo de Pampín. As experiencias máis significativas e profundas da súa vida sempre as interpretaba en clave de amizade e non precisamente desde referentes eclesiais ou relixiosos.

Un home romo para as cousas materiais tiña boa man para a xente e para os asuntos humanos. E tiña porque sempre sentaba á cabeceira da mesa o afecto como o máis importante convidado, pero tamén porque multiplicaba a constante da que el partía pola sempre crecente de cada novo comportamento –“agora gocemos todos da presenza de todos” (*Alcestes*, p. 442). Debater, opinar, teorizar, sistematizar, e demais andrómenas do proceder científico sobre o amor non ten sentido cando é algo que cada amador pode mirar directamente e velo nas accións, omisións, intencións, decisións, preferencias, disposicións, tanto propias coma alleas. O amor, como a tose, non pode disimularse; aí a lóxica do cuco non funciona, logo mellor será telo por epicentro e foco de irradiación de cantas forzas positivas constitúen o pensar, obrar e sentir humanos –“nesta corrente doce, que nos fai sentir persoas e apreixar a vida nos que nos aman” (*Alcestes*, p. 443). Gracias ó amor a especie humana forma un mundo de persoas –“a finalidade das finalidades é a persoa e a celebración do seu encontro” (*Desfuncionalización da...*, p. 81)–, de individuos que dan e reciben porque

lle lo pide o corpo e porque queren desexan vivir –“o que realmente enchen e madurecen o ser humano son as persoas e os bens concretos” (*Ibidem*).

Onde amencen moitas dificultades é perante o problema da morte e da inmortalidade persoal.

Dous problemas que lle dan moito que pensar. Dous pesadelos para acorar –“Si, teño medo. É a verdade. A morrer, desde logo...” (*Alcestes*, p. 443).

Acerca da morte debemos dicir que o noso benquerido amigo a sentía como unha lei inexorable da vida, tan metida dentro del, pero, á vez, tan fría, que mesmo conviviu con ela en forma de enfermidade maquinada e de continxencia sempre esvaéndose. En *Ifixenia non quere morrer*² queda clara –“dixen que non quero morrer” (p. 67), “Ide buscar outra que queira morrer por Grecia” (p. 68)– a contradicción entre leva-la dentro e loitar por non a mirar, entre o absurdo de morrer pola Patria e a serie de zaragalladas por apartala da vida social, entre espera-la súa visita dun momento noutro e estar convencido que só lle gustan as casas de fóra.

Pampín como todo ser humano acepta o feito biolóxico da morte, pero ten a peculiaridade de o converter nun momento revelador da especial estrutura da condición humana; non foi capaz de deixarnos unha definición do amor, nin de catalogar as incontables especies e indefinidos ingredientes que nel se agochan, pero foi quen de nolo pór diante dos ollos para que calquera o mire en todo o seu fulgor. O amor é querer que as persoas amadas non morran –“Eu ámote vivo, e quero que vivas sobre todo” (*Alcestes*, p. 449)–, pero como diso non hai escapatoria, o amor é algo tan pouco misterioso e tan obvio coma preferi-la propia morte antes cá do ser querido–“comprendín agora que arrastrar ao ser que se ama á morte é quizá a forma total de amor, a que non se pode superar” (Malraux, *apud Alcestes*, p. 434)–. Velaí a auga rexia, a proba do nove, a definición que non precisa aclaracións, a demostración que non dá razóns; chega con ollala de fronte no grande escenario da propia conciencia; con escoitala mensaxe de Alcestes (filla) –“Teño entregada a miña vida a quen amo e agora vou morrer para que el viva” (p. 448)– e a de Alicia (nai) –“¿como iamos sufrir o verte morrer? Eso sería para nós mil veces peor que a morte” (*Idem*, p. 440)–; daquela, ¿habará agora quen pregunte que é o amor?

Chega a comprende-la propia morte por amor, do que non é capaz é de entende-la propia vida sen os seres queridos –“Arrepíame a idea de que

² Cito sempre pola edición de *El Correo Gallego*.

poidades morrer, de que vos vaiades e me deixedes; vós, os meus pais, a miña muller, os meus fillos, todos... Prefiro morrer eu mil veces..." (*Idem*, p. 443).

A análise fenomenolóxica que do feito biolóxico da morte leva a cabo remata por ser coherente coa forma de pensar de Pampín no resto dos apartados: a morte debera ser un acto colectivo entre amantes; preferir morrer a vivir sen amar nin ser amado –“Non soporto ver sufrir e menos, morrer aos demais, e sobre todo aos que amo... Admeto vive na abundancia do amor e non sabería vivir sen el. Ditoso del” (*Idem*, p. 448)–, ¿acaso non nos leva a pensar nunha morte comunitaria entre os que comparten o mesmo amor? ¿ha se-la morte un acto social? ¿como sería posible se bioloxicamente é individual? Nunha palabra, ¿que é unha boa morte para Pampín?

Para responder a estas preguntas nada mellor que reparar na lóxica sinxela e de fácil comprensión do amor e a solución saíranos ó paso –“Se polo menos morrer fose ficarme así durmida, no teu peito... Así ficaría aunque non espertase” (*Ifixenia...*, p. 29). Unha boa morte será aquela na que un morra acompañado dos seres queridos; unha boa morte, como unha boa vida, será aquela na que os seres queridos estean involucrados, na que a verdade, a beleza e a autenticidade acompañen de xeito inequívoco a quen vai sufrila. A eutanasia que Pampín coloreia nada sabe de fármacos e técnicas anti-dor, de sanitarios e falta de sensibilidade; a boa morte do noso amigo é un acto máis dunha boa vida, aquela na que os demais se sintan comprometidos polos valores que o querer lles impón; esa é a boa, a social, a comunitaria, a pedida pola lóxica do amor –“Deixádemme morrer, rodeado de vós os que me amades” (*Alcestes*, p. 446)–, aquela na que os seres queridos rifan por morreren antes que por viviren, por morreren en vez dos amados, claro.

A pregunta ¿e despois de expirar que? debemos de situala como un continuo que vai da vida á morte e desta á *post-mortem*. Eran tan simples o seu esquema mental e instrumentos conceptuais que nin a morte pode significar unha ruptura co resto da vida, nin o máis alá un engadido que nada teña que ver co máis acá. O seu credo empezaba e remataba así: Creio en Deus Pai todo amor, (...) gracias, Pai, por tanto amor. Ao seu deus nin lle rendía trabucos nin lle pedía contas; só lle daba as gracias.

Tampouco especulou coas derradeiras cuestións humanas –“por que hai ser máis ben ca nada”– (Heidegger), nin desde o seu corpo enxoiado, fráxil e a punto de enfia-las flores mareladas de defuntos desesperou nin perdeu o sosego natural; antes de que lle entrara o mal que o levou á sepultura e a levidade do eu raiara coa nada, tiña claras as tres partes da

resposta a tan difícil pregunta: 1) que o ser humano é inmortal –“Si, pai, sobrevivirei. Alcestes ten razón, sobrevivirei a todo sofrimento” (*Alcestes*, p. 450)–; 2) que ser inmortal consiste en pervivir no recordo dos vivos, na presenza do amigo morto na conciencia do amigo, –“eu estou feito de vós, e vós viviredes comigo para sempre; moi dentro de min, para agromar nos momentos máis imprevisibles. Para chegar ao cabo do mundo” (*Ibidem*); 3) que a razón explicativa que nos leva da man a comprender tan difícil problema outra volta é o amor –“Un é inmortal, inmune á morte se hai quen estea disposto a morrer por el” (*Idem*, p. 451). A fraternidade pódelle á mesma morte (Cfr., Fermín Penzol, p. 14), a eternidade de nada serviría sen a presenza dos seres queridos –“para que quero unha eternidade sen vós” (*Alcestes*, p. 440)–, pola sinxela razón de que o amor é inmortal; é a única razón de todo canto o ser humano queira explicar e entender. Pero sobre todo é, xunto cos soños dunha infancia feliz mailo chocolate, o doce que leva aos pequenos a fartárense de lambonadas de vida. Un “mundo” de rapsodos, biblioteca familiar, beleza, chocolate, irmandade, bondade, ¿habera mellor regalía para o 2000?

Bibliografía de X.M. Rodríguez Pampín

“O neno i a lúa”, *Grial*, 26(1969), pp. 463-464.

“Un hotel de primeira sobre o río” (recensión), *Grial*, 26(1969), pp. 507-508.

“A parroquia hoxe” (recensión), *Grial*, 28(1970), p. 251.

“Dous contos”, *Grial*, 29(1970), pp. 317-318.

“A crise da conciencia relixiosa no mundo moderno” (recensión), *Grial*, 41(1973), pp. 377-378.

A Biblia dos nenos (Traducción en colaboración), Santiago, Sept, 1975, 247 pp.

“Creón, Creón...”, *Grial*, 50(1975), pp. 475-484.

“Teoloxía e sociedade” (recensión), *Grial*, 48(1975), pp. 269-270.

“Igrexa e sociedade en España (1936-1975)”, *Encrucillada*, 3(1971), pp. 91-92.

A nova conciencia na Igrexa Galega, Pontevedra, Sept, 1976, 192 pp.

“O galego na liturxia: curiosidade dunha crónica”, *Encrucillada*, 5 (1977), pp. 30-46.

“Ifixenia non quere morrer”, *Grial*, 55(1977), pp. 71-101. Obra reeditada por *El Correo Gallego*, 1992, nº 38 da biblioteca 114.

“Cristiáns galegos de militancia nacionalista (1840-1936)”, *Encrucillada*, 2(1977), pp. 53-66.

“Alcestes”, *Grial*, 62(1978), pp. 434-452.

“A desfuncionalización da eucaristía”, *Encrucillada*, 12 (1979), pp. 78-85.
Pro e contra da liturxia en galego (en colaboración), Pontevedra: Ed. Sept, 1980, 250 pp.

“Soledá”, *Grial*, 73(1981), pp.352-353.

“Fermín Penzol, un paraíso oculto”, *Encrucillada*, 22 (1981), p. 14.

“O anticlericalismo de Leiras Pulpeiro”, *Encrucillada*, 32 (1983), pp. 10-14.

“Rosalía, poeta depresiva, poeta da indixencia absoluta”, *Encrucillada*, 34 (1985), pp. 34-38.

“A propósito da poesía de Bouza-Brey”, *Encrucillada*, 77 (1992), pp. 46-55.

Obra inédita: *O caso do grumete Parker*, 13 pp.

Na sección “Outeiro de san Xusto” da *Voz de Galicia* publicou na década dos setenta pequenas anotacións á problemas de actualidade: “Galicia máis o seu futuro”, “Lembranza de X. Vicente Viqueira”, etc. Os que asinou co pseudónimo “Xan de Melide Mentirán” acarreáronlle a xenreira dos habitantes de Arzúa que non querían que lles levaran para Melide o Xulgado de Instrucción.

Ramón LÓPEZ VÁZQUEZ

O concepto cristián de igualdade social

Por Manuel GARCÍA DOCAMPO

1. Introducción

En febreiro de 1998 tiveron oportunidade de ler a miña Tese de Doutoramento na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña baixo o título: *Fundamentos metodolóxicos para el análisis de las Desigualdades Sociales*. Aínda que o cerne do traballo estaba centrado en indicadores de tipo estatístico, na base discorre unha inqueda sobre a natureza do concepto filosófico de igualdade. Nese sentido, revisei moitas posturas doutrinarias entre as que cabe salientalo pensamento cristián, por aportar unha especial e interesante luz sobre a cuestión¹.

Os cristiáns hórnanse de considerar a tódolos seres humanos como iguais, sen embargo, adoito son criticados por non rexeitar activamente moitas desigualdades que perduran na nosa sociedade. Isto merece unha reflexión sobre cal é o concepto de igualdade social que procura o cristianismo. No meu caso, proponho facer tal reflexión seguindo un esque-

¹ Fago as seguintes reflexións como estudioso do tema das desigualdades, non coma experto no pensamento cristián e fagoas para que se me poida criticar e, á vez, para que sirvan de material de traballo para outros estudiosos desta materia.

ma que dea conta de tres apartados diferentes e complementarios. Primeiro, concretando qué é iso da “igualdade social” desde un punto de vista sociolóxico; posteriormente, concretando cal é a postura do cristián ó respecto e, finalmente, contrastando os fundamentos cristiáns desde a teoría sociolóxica². Nese senso, quixera facer unha contribución persoal que pretende, soamente, comunicar cal é a percepción particular que desde a miña condición de estudioso do tema das desigualdades, atopo con respecto á óptica cristiá. Malia o perigoso de mesturar aspectos teolóxicos con criterios de análise sociolóxica, e máis, se se fai de xeito escorado cara á esta última, cómpre insistir no enriquecedor que pode ser esa confrontación, especialmente, se subliñamos os puntos de confluencia que poden ter ámbolos dous *eidós* na procura dun mundo mellor³.

2. O concepto de igualdade desde un punto de vista sociolóxico

Non é doado defini-lo concepto de igualdade social por mor das moitas condicionantes de complexidade que se inclúen no mesmo. En efecto, a pesar de ser un tema reiteradamente tratado ó longo de toda a historia do pensamento humano, tan frecuentemente reivindicado ou cuestionado, nunca se chegou a definir con precisión. E isto, quizás, porque pertence a esa familia de nocións de carácter *ético-relativo* que impiden un tratamento absoluto e universal do mesmo.

Non obstante, as últimas contribucións aportadas pola socioloxía contemporánea apuntan a que pode ser definido de forma axiomática, entendéndoo como unha particular *forma de interrelación social na que é posible establecer unha comparación entre un conxunto de suxeitos con respecto a unha determinada variable avaliativa*. Así considerado, aprécianse os tres elementos *concorrenciais* omnipresentes en toda formulación desigualitaria (os suxeitos, a comparación e a variable avaliativa). A partir do estudio tipolóxico da natureza e características dos mesmos, xorden tres formas ou momentos diferentes de igualación: a igualdade de condición, a de oportunidades e a de resultados.

² Tal como se pode comprobar, por razóns de espacio, tódolos apartados tratan de ser expostos de forma breve, e non exahustiva. En ocasións cómpre ler entre liñas a idea máis cá exposición polo miúdo de todo canto se pode tirar do que se menciona.

³ Vésaxe G. Da Silva Gorgulho, “Hermenéutica bíblica” en I. Ellacuría e Jon Sobrino, *Mysterium Liberationis. Conceptos fundamentales de la Teología de la Liberación*, Ed. Trotta, Madrid, 1994, pp. 169-200 (especialmente páx. 175).

A *igualdade de condición* supón que existe unha variable avaliativa, que neste caso denominamos condición, que os suxeitos do conxunto poboacional poden posuír ou da cal poden carecer. A comparación será, pois, a ausencia ou presenza desa característica. Precisa, por tanto, unha métrica comparativa dicotómica e de natureza cualitativa ou nominal. A *igualdade de oportunidades* formalizarase a partir da definición de dúas situacións: a inicial e a final. Cando os membros dun conxunto de suxeitos na situación inicial teñen unha probabilidade diferencial, non atribuíble ó azar, de acadar a situación final, falaríamos de desigualdade de oportunidades. A métrica pertinente basearase no estudio das probabilidades de paso diferenciais para cada elemento ou grupo de elementos do conxunto de suxeitos. Por último, a *desigualdade de resultados* configuraríase a partir da distribución ou reparto diferencial dun determinado ben (variable avaliativa) entre os membros dun conxunto poboacional. A métrica analítica será a das distribucións probabilísticas e os índices de concentración e equidistribución (tipo Gini).

No caso da igualdade de condición, a análise pódese resumir nunha diferenza de trato con respecto duns individuos determinados. Así constitúen desigualdades de condición a posesión dun título universitario ou dunha determinada cidadanía. Os individuos que non posúan a condición quedarán excluídos da posibilidade de igualarse en determinadas oportunidades e resultados. Cando se posúe unha mesma condición, poden existir unha serie de condicionantes sociais que dificulten o acceso a determinadas situacións e posicións sociais, por exemplo, é posible que as mulleres teñan meirandes atrancos para acadar algunhas ocupacións profesionais. Por último, cando existe algún grao de oportunidade de acceso a unha situación concreta, o reparto dos bens e servizos asumibles na mesma pode ter unha distribución cun nivel equidistributivo máis ou menos próximo á igualdade.

Tipificadas estas situacións resta dicir que a variable avaliativa pode ser de moi diversa índole, e, entre elas, cómpre diferenciar as que teñen un carácter substancialmente material de aquelas de carácter espiritual. As primeiras dan lugar a diferentes niveis de benestar social (material) mentres que as segundas se resumen, por exemplo, en diferentes igualacións en termos de liberdade ou xustiza. Estes diferentes niveis de referencia da igualación podémoslos incluír no concepto de *equalisandum*⁴.

⁴ Sen, A. K., *Nuevo examen de la desigualdad*, Alianza Editorial, Madrid, 1995.

3. A igualdade no cristianismo

3.1. As referencias bíblicas á igualdade

A análise hermenéutica do concepto de igualdade atopado nos textos bíblicos precisa dunha clara disección entre o tratamento que do mesmo fai o Antigo Testamento e o Novo. Dunha parte, no *Antigo* é máis facilmente constatable unha visión, etiolóxica, claramente desigual da humanidade en sexos e xerarquías; así, se ben Deus crea o home á súa imaxe e semellanza (Xénese, 1, 26) castiga a muller, Eva, e o resto das mulleres que a sucederían, a ser sometidas polo home⁵. O repudio por parte do varón é frecuente (Deuteronomio, 24). Hai, á súa vez, claras referencias á lexitimidade da escravitude (Éxodo, 21, 1; 21, 6; Levítico, 25, 23-55) e, en xeral, unha constante referencia a Israel, como pobo elixido, por riba de tódolos demais pobos (Éxodo, 19, 5; Levítico, 20, 23; Números, 21; Esdras, 10).

Sen embargo, tamén é constatable unha defensa da honestidade para cos outros en reiteradas ocasións (Deuteronomio, 24, 11-14; Proverbios, 3, 27-35; Eclesiástico, 25,2); reclámase un trato igualitario e humanista para situacións de aparente precariedade (Deuteronomio, 21) e, sobre todo, albíscase unha importante ampliación do referente igualitario (conxunto de suxeitos) a todo o xénero humano, aínda que restrinxido ós aspectos espirituais. A lexitimación das formas disfuncionalmente desigualitarias da organización social, son as propias da época, e se cabe, máis amplas coma mantidas pola democrática Atenas clásica que, adoito, é mencionada coma paradigma de igualdade e que, nembargantes, lexitimaba máis claramente a escravitude, o servilismo, a dominación doutros pobos e a inferioridade da muller⁶.

Cómpre insistir no carácter etiolóxico da narración bíblica. As causas de calquera cousa, a explicación da propia existencia humana, tiña que vir baseada nos referentes coñecidos, os cales, evidentemente, aparecen enmarcados nun contexto social que non pode ser considerado coma exemplo de situación igualitaria. Sen embargo, non se pode tirar, en ningún caso, coma conclusión, que o Antigo Testamento pregue, en si mesmo, situacións desigualitarias. Con todo, o Novo Testamento manterá un fío

⁵ “E dixó á muller: Multiplicarei os traballos das túas preñeces. Parirás con dor os teus fillos e buscarás con ardor o teu marido que te dominará” (Xénese, 3, 16).

⁶ Fouchard, A., “L’Égalité dans la cité et la pensée grecques de la fin du VI^{ème} au milieu du IV^{ème} siècle av. J.-C.”, *Cahiers de Philosophie politique e juridique de l’Université de Caen*, nº 8, 1985, px. 33-63.

discursivo totalmente diferente e suporá unha cualitativa ruptura con respecto do Antigo.

3.2. *A extensión da idea de igualdade a tódolos homes*

O *Novo Testamento* achegará un enfoque substancialmente innovador. Nel, a igualdade, quer dicir que todos somos iguais respecto dun *Outro* para quen non contan as diferencias que entre nós nos atribuíamos⁷. San Paulo é explícito ó respecto: “Non hai xudeu nin grego, non hai escravo nin libre, non hai varón nin muller, todos sodes un en Cristo” (Gálatas, 3, 28). O primeiro punto que debemos salienta, xa que logo, do igualitarismo cristián, é o seu *carácter universalizador*, que non se restrinxe á posesión de ningunha característica ou calidade de condición, senón que atinxe a todo o xénero humano.

Pero nos textos deste Novo Testamento sublíñase un contrapunto que implica que en reiteradas ocasións se entenda esa mencionada amplitude soamente aplicable nun ámbito referencial de carácter espiritual. A idea de igualdade cristiá queda, así, estendida a tódolos seres humanos, pero subsumida, nas súas concepcións orixinarias, ó mundo espiritual. Agora ben, a separación entre o espiritual e o terreal non supón un afastamento que permita a disociación dos feitos vivenciais da existencia cotiá. Iso implica unha complexidade, aparente, da igualdade cristiá. O espiritual, non é un ámbito totalmente autónomo ou independente, senón que configura unha unidade co material e aparece vinculado a comportamentos e actitudes materiais particulares. En concreto, son numerosas as pasaxes bíblicas que condenan as riquezas e o lucro (Mt, 19, 16-26; Luc, 18, 18-27; 21, 1-4 e 15, 19-31; Mc, 10, 17-23 e 12, 41-44).

É certo que non son poucas as pasaxes nas que se fai referencia á obediencia ós poderes establecidos, resumida na idea de “pagar ó Cesar o que é do Cesar e a Deus o que é de Deus” (Mateo, 22, 21; Marcos, 12,17; Lucas, 20, 25) que desbotan as primeiras ideas comunitaristas e anárquicas das primitivas comunidades cristiás e establecían as bases da posterior fusión entre o poder terreal sancionado pola divindade, propio da Idade Media, teorizado exemplarmente por Santo Agostiño e, posteriormente, por San Tomé. A concepción política de obediencia ós poderes establecidos ven tamén reflectida na *Epístola ós Romanos* de San Paulo, na que pronuncia un auténtico discurso político ó respecto (véxase en Romanos, 13, 1-7) e na reprensión dos fariseos e doutores: “¡Aí de vós, fariseos, que pagades o

⁷ Valcárcel, A. (1993): *Del miedo a la igualdad*, Crítica, Barcelona. Véxase especialmente a referencia a isto na páxina 2.

décimo de menta, e da ruda, e de tódolos legumes, e descoidades a xustiza e o amor de Deus! *Hai que facer isto sen omitir aquilo*” (Lc, 11, 42).

Tampouco son escasas as referencias evanxélicas que descubren un sistema de estratificación e propiedade sen comentarios críticos ó respecto: a parábola dos vendimadores infieis (Mt, 21, 33-46; Mc, 12, 1-12; Lc, 20, 9-19), a parábola dos convidados á voda⁸ (Mt, 22, 1-14) e a parábola das dez virxes (Mt, 25, 1-13) entre outras. En ningunha pasaxe se condena directamente a pervivencia da escravitude, que se insire dentro da concepción natural da mesma, salvando as excepcións manifestas de Sócrates, os estoicos e mesmo da propia revolta de Espartaco. Son abundantes os exemplos de enfermos, tolos, cegos e leprosos, que buscan mellor fortuna nas curacións e milagres de Xesús. Practicamente non se fala da escravitude en todo o Novo Testamento e é ilustrativa, asemade, a exhortación de San Paulo ós servos a servir e obedecer ós seus amos e a estes a tratar con caridade ós seus servos (Ef. 6, 5-9). Non obstante, nunha brevísima carta de San Paulo, a *Epístola a Filemón*, o apóstolo escribe unha recomendación ó *amo* dun escravo o cal fuxira con certa cantidade de diñeiro e, arrepen-tido, achegase ata a prisión onde estaba retido o ancián discípulo de Cristo. Paulo escribe ó amo e pide a súa misericordia, coas seguintes palabras: “Pode ser que el se afastase de ti por algún tempo, para que ti o recuperes para sempre, non xa como un escravo, senón como algo superior a un escravo” (Filemón, 15-17).

3.3. A concepción espiritual da igualdade

É posible diferenciar dous tipos de interpretacións sobre a postura do cristián con respecto á igualdade social. A primeira que quero expor, ten unha compoñente marcadamente espiritual e vai vir caracterizada pola resignación ante certas situacións sociais desigualitarias.

O concepto *cristián* de igualdade require ter en conta que as desigualdades terreaís, tan naturalmente asumidas, serán compensadas cun premio no máis alá: a vida eterna. As desigualdades terreaís son xustificadas con resignación, pois a cada un se lle esixirá na vida futura en función dos *talentos* dos que gozaba. Isto denota unha concepción de indiferencia respecto á xustiza terreal, incluso ás desigualdades terreaís⁹. Os bens materiais acéptanse tal cal lle son dados ó individuo, cos seus traballos e penurias, pois nada importa nesta vida. Bo exemplo disto é a *parábola dos*

⁸ Obsérvese nesta e outras a naturalidade coa que se describe a posición dos criados.

⁹ Incluso xustifica un comportamento igualitario en medio de circunstancias desigualitarias.

obreiros enviados á viña, que sinala como un propietario emprega durante xeiras diferentes a distintos grupos de traballadores, e finalmente, lles outorga un salario idéntico, independentemente do traballo realizado (Mt, 20, 1-16).

E se na devandita parábola é remarcable a idea de *igualdade nos resultados*, non é senón unha falsa e enganosa conclusión –desde esta perspectiva–, pois nada do terreal é premio ou fin en si mesmo, senón proba, *test*, para o máis alá. Noutras ocasións a *Biblia* insiste nas *oportunidades diferenciais* de cada individuo. Recórdese a este respecto a *parábola dos talentos*: a cada un se lle esixe en función do que tiña inicialmente. Esta parábola (Mateo, 25) conta como o propietario dunha facenda, antes de partir de viaxe, lles entrega varios *talentos* ós seus servos. A un entrégalle cinco, este invísteos e obtén outros cinco; a outro entrégalle dous, tamén os inviste e obtén outros dous; un terceiro recibe un denario e simplemente o enterra e o garda ata o regreso do amo. Á volta deste, os dous servos que obtiveran beneficios vense gratificados polo señor, mentres que o que soterrara o seu único denario verase reprendido e desposuído do mesmo, para darllo ó que máis tiña, “porque ó que ten se lle dará e abundará, pero ó que non ten, aínda o que ten se lle quitará” (Mateo, 25, 29).

A mesma idea reaparece na parábola das minas (Lc 19, 11-28), pero aquí entrégaselle a cada servo a mesma cantidade –ou sexa, igualdade de oportunidades de partida– e, sen embargo, cada un obtén un resultado diferente. O señor da facenda acaba castigando severamente ó que a gardara improductiva e premiando, en cambio, ó que multiplicara a produción.

O *equalisandum*, por tanto, radica na xustiza¹⁰. Todos serán xulgados pola mesma infinita sabedoría, o mesmo omnicompresivo coñecemento e a mesma severidade. Todo se terá en conta, o coñecido e o descoñecido polos demais homes, pois Deus “todo o ve e todo o sabe”: pensamentos, palabras, obras ou omisións. En orixe todos son desiguais, parten con diferentes talentos, e, o resultado, é tamén desigualitario: uns á dereita, premiados (ó reino dos ceos), e outros, á esquerda (ó inferno), eternamente castigados. Inicialmente, por tanto, a idea de igualdade, limitábase, como dixemos, ó

¹⁰ A introducción do principio da xustiza como marco de referencia igualitario, supón unha importante referencia, innovadora, conceptual. A igualdade xusta suporá tratar ós diferentes de forma diferente. Como cada individuo, particularmente considerado, é diferente, único, cos seus talentos particulares; o tratamento igualitariamente xusto é sempre desigual –“trata-lo igual da mesma forma e o diferente de forma desigual”–.

ámbito relixioso. Tódolos individuos son iguais porque todos pecaron: “por canto todos pecaron, e están destituídos da gloria de Deus” (Romanos 3, 23) Ademais, todos son iguais porque onde queira que os individuos se someten á salvación por medio da gracia, esa gracia se lles dá a todos igualmente (Gálatas, 3, 23). Trátase dunha igualdade potencial, unicamente efectiva na vida espiritual, en tanto, no material, no mundano, as diferencias existen e existirán, coma *talentos* ou probas que serán desigualmente distribuídos entre tódolos seres humanos, para demostrar ante o Divino que se aproveitaron correctamente e poder gozar do *xusto* premio ou, en caso contrario, do *xusto* castigo. Os *homes* son diferentes en canto ós seus talentos naturais: altos e baixos, intelixentes e torpes, sans e enfermos, ricos e pobres¹¹, etc. Diferencias que serán aceptadas, sen excesivos problemas, como naturais. Cada persoa ten, de partida, de nacemento, unha serie de talentos, uns máis e outros menos, desigualmente repartidos; precisamente o que fagan con eles é o que importa (parábola dos talentos). Ó que máis ten, máis se lle esixirá á hora de dar contas ó Creador. Por iso os ricos terán maiores dificultades cós pobres para entrar no Reino dos Ceos; por iso serán benaventurados os que vivan con penurias na terra; porque non importan as desigualdades materiais, pois só son unha proba que haberá que superar para vivir unha vida eterna: feliz ou condenado¹². A secularización da idea de igualdade aparece, pois, temperá, condicionada polas diferencias terreaís e claramente xustificadas as desigualdades existentes: “Toda alma se somete ás potestades superiores, porque non hai potestade senón de Deus, e as que son de Deus son ordenadas” (Romanos, 13, I). Con isto lexitima San Paulo no só os poderes establecidos, senón tamén as súas divisións sociais, por conformaren unha fonte indirecta da potestade Divina¹³. Isto sería especialmente entendido polos Estoicos, que casarán ben esta filosofía co iusnaturalismo que os aboca a unha crenza na orixe divina das institucións terreaís; algo que, á súa vez, reencontraremos en

¹¹ Se ben é moi ousado incluí-la riqueza coma un talento natural, non o é tanto nos sistemas sociais que se desenvolven dende a era Antiga ata o final do Antigo Réxime.

¹² Tampouco a vida espiritual eterna é concibida coma unha igualdade de tódolos homes. Contrariamente, uns estarán no reino dos ceos e outros nos infernos. É precisamente o obrar dos homes na terra, cos talentos que lle foron *dados*, e nun exercicio de extrema xustiza divina, quen colocará a uns e outros na posición que se gañaran, como xusto premio ou xusto castigo.

¹³ A igrexa estendeu esa idea, penetrando lentamente en diversas correntes de pensamento e, posteriormente, arribando ó poder nos Estados Feudais europeos. San Paulo será un dos principais apoloxetas desta filosofía con importantes referencias implícitas á idea de igualdade.

toda a Europa medieval e Antigo Réxime, ata o seu cuestionamento definitivo pola Ilustración.

3.4. O igualitarismo radical da práctica cristiá

Existe unha perspectiva diferente que entende o cristianismo como a máis radical formulación de igualdade social e non só ligada ós aspectos espirituais derivados da antedita exposición, senón totalmente baseada na vivencia cotiá deste mundo e nas relacións sociais que nel se establecen.

A comprensión igualitarista do *Novo Testamento* resúmese na súa concepción da xustiza e da vida recta, caracterizada polo *amor ó próximo como a un mesmo*. En Mateo (25, 31-46) explícase como se diferenciarán as persoas que obraron ben das que o fixeron mal, sendo condenados uns, mentres que os outros terán un lugar no Reino dos Ceos. Todas son situacións solidarias co próximo: dar de comer ó famento, de beber ó sedento, acollida ó peregrino, vestido ó espido, visitar ó enfermo e ó preso. A caridade aparece así como a regra de ouro da vida cristiá; caridade que ten unha manifestación netamente material pero unha significación substancialmente espiritual e, de aí, a indisociabilidade de ambos dominios: espiritual e material. De feito, mesmo cómpre lembra-las palabras de Paulo cando sinala que “non é o espiritual o que vai primeiro, senón o animal; o espiritual vén despois” (I Cor 15, 46).

Implicitamente, a regra de ouro baseada na caridade, implica unha igualación terreal de resultados, se os homes camiñasen cara á perfección. Aquí é preciso recordar a severa pasaxe que Xesús dedica ó xove rico que se lle achegou para preguntarlle que debería facer para salvarse. Xesús contéstalle que cumpra cos mandamentos, ó cal el responde que xa o fai. Xesús sentencia entón: “se queres ser perfecto, vai, vende canto tes, dállo ós pobres e terás un tesouro nos ceos, ven e sígueme” (Mt 19, 21).

Dende esta óptica, o cristianismo aparece como unha doutrina radicalmente igualitarista, entendendo a praxe cristiá como unha vivencia cos desfavorecidos (os *benaventurados*) e de total entrega ós demais. O sentido das referencias e as pasaxes bíblicas que poidan ter unha carga cultural non reivindicativa desde a perspectiva igualitarista, perde importancia, pois a clave está en ler na Biblia a propia praxe de Cristo, o tratamento e as obras que tiña para con tódolos outros, cos pobres, as mulleres, e tamén cos opresores, os ricos e os poderosos¹⁴. A vivencia da palabra de Cristo só

¹⁴ Precisamente, esta vai ser o esquema seguido pola Teoloxía da Liberación.

pode ser entendida no contexto social onde se encontran eses outros cos que o cristián ten que materializa-la súa fe. As benaventuranzas falan dos que sofren e dunhas determinadas condicións materiais de existencia¹⁵.

O cristianismo, xa que logo, convértese nunha doutrina esencialmente igualitarista pois a súa vivencia implica que cada quen está permanentemente pensando nos demais, nos seus irmáns. Ninguén, nese sentido, está lexitimado para ter máis, ser máis ou tratar de xeito diferente a persoa algunha, pois, todo iso, toda situación desigualitaria, invalida a lóxica sobre a que se edifica o *novο* mandamento de Xesús.

4. A doutrina cristiá analizada pola teoría sociolóxica das desigualdades

O grupo de referencia sobre os suxeitos susceptibles de ser considerados como iguais (os incluídos na *isonomía*), que era moi restrinxido e limitado nas civilizacións grega e romana, aparece claramente incrementado na “filosofía” cristiá. Tal ampliación atinxe, *in strictus*, ó ámbito espiritual, no cal a igualdade de condición é total. Fóra dese ámbito, as diversidades naturais (intelixencia, fortaleza física, enfermidades, destrezas, etc.) son asumidas con resignación, –se ben nada impide que non tratemos de supera-las deficiencias existentes–. A igualdade de oportunidades natural e de partida non é necesaria pois o nivel de existencia e avaliación tampouco será o mesmo. E a propia lexitimación da falla de igualdade na situación inicial de partida vale para lexitimar as desigualdades de resultados en calquera situación considerada como final.

Pero tampouco é posible simplificar en exceso e concluír que o igualitarismo cristián está limitado exclusivamente ó espiritual porque, na vida terreal, o espiritual e o material non teñen unha doada dissociabilidade. Para un cristián os homes, tódolos demais homes e mulleres, son os seus irmáns e ten a obriga divina de tratalos como cadaquén se trataría a si mesmo. E, tal trato, fai referencia a aspectos netamente materiais e *benestaristas* (en definitiva, dar de comer, asistir ós enfermos, ós presos, etc.). A antedita resignación mantense nun plano persoal e íntimo, en tanto que no trato cos demais, o cristianismo preconiza un igualitarismo

¹⁵ Gutierrez, G. “Pobres y opción fundamental”, en I. Ellacuría e Jon Sobrino, *Mysterium Liberationis. Conceptos fundamentales de la Teología de la Liberación*, Ed. Trotta, Madrid, 1994, pp. 303-322 (especialmente páx. 312).

*rawlsiano*¹⁶, que pretende mellora-la situación dos desfavorecidos en base a un criterio de igualación de resultados.

Con eses elementos aparecen dous tipos de posturas ante o pensamento cristián con respecto da igualdade: por un lado, a de aqueles que pensan que hai que asumir con resignación todas cantas trabas e dificultades nos topemos nesta vida terreal, pois cada unha non é máis ca unha proba ou talento, segundo a cal se lle esixirá diferencialmente a cada quen, no momento do xuízo final, que é, precisamente, o momento no que se dará unha verdadeira situación de igualdade social.

Por outra banda, é posible entender que unha doutrina que ten entre os seus mandamentos amar ó próximo coma un mesmo, non pode permiti-la existencia de ningunha forma ou situación desigualitaria, pois incumpriría a devandita máxima.

Se tomamos literalmente certas pasaxes nas que se amosan evidentes situacións de desigualdade social, corrémolo perigo de concibi-la doutrina cristiá como un mecanismo de lexitimación do *status quo* imperante no momento, obedecendo a unha lóxica segundo a cal as desgracias e dificultades persoais non son máis ca probas ou talentos para que cada quen poida demostrar como ama ó próximo máis ca a si mesmo. Esa lóxica pódese resumir como un sistema de igualación pola xustiza, que finalmente imperará, premiando e castigando segundo as vantaxes e diferencias coas que contase cada quen.

Polo tanto, a *igualdade de resultados* que se deriva da regra de ouro do cristianismo é compatible con outra derivación de carácter máis resignado, que defende soamente un igualitarismo estrictamente espiritual e deixa á xustiza divina o papel igualador. En todo caso, a *igualdade de condición* aparece espiritualmente universalizada e extensible a múltiples ámbitos *benestaristas* e materiais, aínda que o *equalisandum* esencial fica na xustiza, que se aplicará finalmente con *igualdade de oportunidades*. Polo tanto, os tres momentos de igualación están presentes no pensamento cristián, coas construcións e características expostas.

Manuel GARCÍA DOCAMPO

¹⁶ Rawls, J. (1971): *Teoría de la justicia*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1978; e Rawls, J. (1985): *Justicia como equidad. Materiales para una teoría de la justicia*, Tecnos, Madrid, 1986.

A sociedade individualizada e o cambio de valores en Galicia

Por José Luis VEIRA VEIRA

1. A individualización: significado e natureza.

Segundo a hipótese da individualización, as sociedades capitalistas avanzadas estiveron derivando cara unha maior individualización dos valores nos derradeiros cincuenta anos. Esta individualización é froito do desenvolvemento económico, o cal fai supoñer que outras sociedades están evolucionando no mesmo senso, na medida que crece a súa economía. Deste xeito a individualización estaría contribuíndo á universalización dos valores e tamén á converxencia cultural.

Para R. Nisbet o concepto de individualización define “o complexo conxunto de elementos implicados cando se fala da liberación do individuo dos lazos e limitacións da comunidade”¹. O concepto de liberación enténdeo Nisbet nun sentido relativo, pois non existe un comportamento social que non estea dalgún xeito vinculado á autoridade social. Por outra banda este proceso de liberación, segundo Durkheim, ten as súas orixes remotas na

¹Nisbet, R. A, *Introducción a la sociología. El vínculo social*, Vicens Vives. Barcelona,1975, páx 362.

aparición histórica do liderado individual nas comunidades primitivas, o cal demostra a existencia dunha relación entre individualización e modos de autoridade social.

É na modernidade, e especialmente na postmodernidade, cando a individualización adquire un alcance maior e se converte no signo distintivo das chamadas sociedades avanzadas². No proceso de modernización a individualización significa en primeiro lugar un “proceso de desvinculación (*disembedding*) e, en segundo lugar, un proceso de revinculación a novas formas de vida da sociedade industrial en substitución das antigas, nas que os individuos deben producir, representar e combinar por si mesmos as súas propias biografías. De aí lle ven o nome de “individualización”. A desvinculación e revinculación... non ocorren por casualidade, nin voluntariamente, nin a través de diversos tipos de condicións históricas, senón dunha vez e nas condicións xerais do estado do benestar na sociedade industrial avanzada, tal como evolucionou a partir dos anos sesenta en numerosos países occidentais”³ A individualización así considerada enmárcase nun proceso de *modernización reflexiva* consistente nas posibilidades de “(auto)destrución creativa de toda unha época: a sociedade industrial”⁴.

Esta auto-destrución do sistema non ven provocada por unha revolución consciente dunha clase social ou dunha *elite* concreta, senón que é o impacto de pequenos cambios desexados, que producen consecuencias non previstas nin ás veces queridas. Procesos como a incorporación da muller ó traballo, a flexibilidade laboral, o respecto ás minorías, o aborto, a eutanasia, etc promoven transformacións cualitativas formidables no sistema social, de maneira que, seguindo a Beck, a nova modernidade pode definirse como “*o desexado + o familiar*”⁵. Tense a impresión de que os pequenos desexos da vida cotián non poden producir nada cualitativamente novo. Sen embargo “a insignificancia, a familiaridade, e moitas veces a desexabilidade dos cambios ocultan as súas potencialidades de transformación social. Máis do mesmo, cree a xente, non pode producir nada

² Elster, P., Loek Halman e Ruud De Moor, *The individualizing Society*, Tilburg University Press, 1994.

³ Beck, U, Giddens, A. e Lash, S., *Modernización reflexiva. Política, tradición y estética en el orden social moderno*, Alianza Universidad, Madrid, 1997.

⁴ Beck, U., op.cit., páx., 15

⁵ Beck, U., op.cit., páx. 16

qualitativamente novo⁶. Esta nova realidade plásmase na proliferación dunha grande variedade de *estilos de vida*⁷.

2. O proceso de individualización moral en Galicia

¿En qué medida se está a dar en Galicia un proceso de individualización?. Na EMV-Galicia 95⁸ ofrécese por primeira vez a oportunidade de medi-la intensidade deste proceso de individualización e o índice acadado en Galicia. Para este caso escolléronse dous indicadores básicos do proceso de individualización no ámbito dos valores ético-relixiosos. Previamente farase referencia en primeiro lugar ó proceso de “desvinculación” institucional operado na sociedade galega e que anticipa dalgún xeito a emancipación individual, e, en segundo lugar ó proceso de individualización mesmo, medido en función de catro compoñentes básicos: o incremento da tolerancia ou permisividade social; o deslizamento cara a unha moral subxectiva e a secularización.

O Cadro número 1 reflexa as diferencias interxeracionais entre aqueles que din ter moita confianza en diferentes institucións sociais como son a Igrexa, as Forzas Armadas, o Sistema Legal, os medios de comunicación, a Policía, os Partidos Políticos e a ONU. A diferenza interxeracional obtense calculando primeiro a porcentaxe da poboación máis nova (menor de 30 anos) que di ter moita confianza nestas institucións, para logo restarlle a porcentaxe de poboación máis vella (maior de 65 anos) que afirma o mesmo. Como pode observarse, tódalas diferencias obtidas son negativas, o que indica que decreceu a confianza nestas institucións entre as xeracións máis novas.

A primeira vista pódese apreciar que a Igrexa, as Forzas Armadas e a Policía sufriron un maior desgaste que outras institucións, mais é preciso recoñecer que tamén son as que máis creto seguen a ter entre a poboación en xeral. Outras institucións coma os Partidos Políticos e os Sindicatos non

⁶ Beck, U., op.cit., páx. 16

⁷ Salvador Juan, *Sociologie des genres de vie: morphologie culturelle et dynamique des positions sociales*, Ed. Presses Universitaires de France, 1991.

⁸ Enquisa Mundial de Valores. Galicia 95: os datos aquí ofrecidos proceden desta Enquisa levada a cabo en corenta e oito sociedades, incluíndo Galicia, no ano 1995. Esta enquisa está coordinada internacionalmente polo profesor Ronald Inglehart da Universidade de Ann-Arbor Michigan. En Galicia foi dirixida por min mesmo e por persoal investigador do Departamento de Socioloxía da Universidade da Coruña. Patrocínouna a Xunta de Galicia-Secretaría Xeral de Investigación e desenvolvemento.

Diferencias interxeracionais entre a poboación de Galicia que afirma ter moita confianza nas institucións			
Institucións	A= % de mozos menores de 30 anos	B= % de maiores de 65 anos	A-B= Diferencia interxeracional
Igrexa	76	418	-342
Forzas Armadas	52	232	-180
Sistema legal	70	201	-131
Prensa	53	159	-106
Televisión	44	144	-100
Sindicatos	23	32	-9
Policía	76	308	-232
Partidos Políticos	19	36	-17
Nacións Unidas	112	174	-62

Cadro nº1

Fonte: EMV Galicia 95

experimentaron un desgaste tan alto pero é que tampouco a porcentaxe de quen confía moito nelas é apreciable. Aínda tendo en conta estas excepcións, pódese deducir que as institucións cunha maior diferenza interxeracional negativa son aquelas que aínda seguen tendo unha natureza case monopólica (como a Igrexa, as Forzas Armadas e a Policía) e por esta causa non se viron obrigadas a competir tan fortemente (como outras institución máis expostas á lóxica do mercado) por manter a súa capacidade de orientar as condutas dos cidadáns.

Outra razón pola cal se produciu unha desvinculación con estas institucións é quizais porque as novas xeracións educadas no período posterior á dictadura, estiveron máis expostas ó adoutramento sobre as institucións desenvolvidas na transición democrática, como son os Partidos e os Sindicatos, quedando nun segundo plano os ensinos de relixión e a educación cívica.

De tódolos xeitos, e independentemente das razóns polas que a maioría das institucións do noso país perderan parte da confianza depositada nelas, cómpre interpretar estes datos como un claro exemplo de proceso de individualización dos valores sociais precedido dunha desvinculación institucional de longo alcance.

Non obstante, cos datos dispoñibles, e si se quere ser rigoroso, non se pode afirmar que as diferencias interxeracionais vaian seguir acentuándose

no futuro, porque moi ben puidera ser que estiveramos ante un efecto do factor idade: en tanto que os mozos envellezan aumentaría a confianza nas institucións. Haberá que esperar a ter novos datos para coñecer se a tendencia se confirma nun sentido ou no outro⁹.

A tolerancia cara a determinados comportamentos eticamente conflictivos tamén indica unha tendencia cara a individualización. A tolerancia ou permisividade cara a conductas problemáticas como son a homosexualidade, o aborto, a eutanasia e o suicidio implica un certo afastamento das posturas oficiais defendidas polas institucións relixiosas. No cadro 2 expóñense os índices medios de tolerancia en Galicia respecto destes comportamentos. Pódese observar claramente que as xeracións máis novas tenden a ser máis tolerantes que as xeracións de máis idade. Esta correlación entre tolerancia e idade non é en absoluto allea ao proceso de individualización, dado que este supón un relativismo moral referido á propia conciencia e ós condicionantes da situación en cada caso.

Índice de tolerancia cara a homosexualidade, o aborto, a eutanasia e o suicidio, segundo xeracións (1= moi tolerante; 0= nada tolerante) Galicia							
Xeracións por décadas							
N=1200	>1920	1920-29	1930-39	1940-49	1950-59	1960-69	1970-79
Medias	23	25	32	40	54	59	64

Cadro n^o2
Fonte: EMV Galicia95

Novamente poderíase preguntar se se está ante un efecto idade e polo tanto non hai seguridade de que a tendencia se manteña no futuro. Non obstante non hai ningunha evidencia empírica de que coa idade as persoas se volvan máis intolerantes, así que non é demasiado aventurar que estamos máis ben en presenza dun proceso de individualización moral crecente.

No cadro 3 móstrase a relación entre xeracións e a adopción dunha ética subxectiva (índice de ética subxectiva). Os entrevistados foron sometidos a tres preguntas relativas á súa postura respecto dunha liberdade sexual completa sen limitacións, ó dereito a ser nais solteiras e á crenza en

⁹Nestes momentos estase a preparar xa unha nova edición da EMV, na que novamente participa Galicia.

que non existen directrices morais claras sobre o que está ben e está mal, pois depende das circunstancias.

Índice de ética subxectiva ou moral individualizada segundo xeracións Galicia (1= ética subxectiva; 0= ética obxectiva)							
Xeracións por décadas							
N= 1200	>1920	1920-29	1930-39	1940-49	1950-59	1960-69	1970-79
Medias	30	35	39	43	52	57	55

Cadro nº3
Fonte: EMV Galicia 95

Tamén aquí se pode apreciar un proceso de individualización moral segundo se pasa das xeracións máis vellas ás máis novas. Non obstante cómpre sinalar unha lixeira alza na xeración máis nova (a dos nados entre 1970 e 1979) en favor dunha ética máis obxectiva. De tódolos xeitos non é probable que esta última tendencia supoña o inicio dunha involución do proceso; é máis fácil supoñer que o subxectivismo moral teña un teito e a tendencia sexa que se establece en torno ao 0.50-0.55.

En canto á secularización (o outro compoñente sinalado como proceso de individualización) tamén se pode observar o seu incremento a medida que descende a idade das xeracións. A secularización neste caso foi medida a través de tres dimensións principais: a frecuencia de asistencia a ritos relixiosos, a importancia concedida a Deus na propia vida e a crenza ou non en Deus e o máis alá despois da morte, a alma, o demo, o inferno, o ceo e o pecado. De tal xeito que a non asistencia a ritos, a diminución da importancia da idea de Deus e o afastamento respecto dos conceptos relixiosos tradicionais é un indicador de secularización; esta secularización non supón unha perda automática de sentimentos relixiosos na poboación senón que rebela unha reorientación dos valores relixiosos nun sentido máis intimista e menos proclive a seguir ó pé da letra as directrices das autoridades relixiosas

Os datos sobre a secularización amosan, ademais dunha individualización relixiosa crecente segundo diminúe a idade das xeracións, o período histórico no que se intensificou o proceso de individualización, representado pola xeración nacida entre os anos 1950-1959 e a súa socialización primaria escolar que transcorreu nos anos sesenta. Esta década supuxo probablemente o punto de inflexión no cambio de valores cara a unha maior individualización, non tanto polo adoutramento democrático (aínda nas

Índice de secularización segundo xeracións (1= alta secularización; 0= baixa secularización) Galicia							
Xeracións por décadas							
N= 1200	>1920	1920-29	1930-39	1940-49	1950-59	1960-69	1970-79
Medias	27	28	31	35	51	55	57

Cadro nº4
Fonte: EMV Galicia 95

escolas estaban vixentes os valores da dictadura) como polo rápido crecemento económico e a difusión dos valores da incipiente sociedade de consumo.

Os tres indicadores básicos da individualización, tolerancia, ética subxectiva e secularización pódense resumir nun único índice de individualización moral, calculado a partir da suma de tódalas medias; os seus resultados expóñense no cadro número cinco.

Como nos casos anteriores, pódese observar que a individualización crece a medida que diminúe a idade das xeracións. Esta relación exprésase tamén na alta correlación negativa entre individualización e idade, mostrada no cadro número seis (Pearson = -533**), o cal reforza hipótese da tendencia cara a individualización, aínda non dispoñendo neste momento de datos diacrónicos novos que poidan confirmar dita tendencia no futuro inmediato.

Como conclusión provisional pódese afirmar que o índice máis elevado de individualización moral nas xeracións máis novas de Galicia pon de relevo unha tendencia social neste sentido, pois aínda que a relación entre individualización e xeración puidera deberse a un efecto da idade, non é probable que esta afecte de modo decisivo a uns estilos de vida individualizados adquiridos na adolescencia; pódese esperar, certamente, que coa idade os mozos de hoxe evolucionen en dirección contraria á individualización, pero nunca o farán coa mesma intensidade que os seus pais ou avós, porque os valores adquiridos durante a socialización primaria seguirán exercendo a súa influencia polo resto das súas vidas. Deste xeito, a individualización tende a ser un proceso irreversible.

A maioría dos autores coinciden en que a individualización forma parte importante do proceso de converxencia cultural a medida que crece a economía. Segundo esta hipótese, a longo prazo, as sociedades desenvolvidas economicamente, tenderán a presentar trazos culturais

Índice de individualización moral Galicia (1= alta individualización; 0= baixa individualización)							
Xeracións por décadas							
N= 1200	>1920	1920-29	1930-39	1940-49	1950-59	1960-69	1970-79
Media	27	30	34	39	52	57	59

Cadro nº5
Fonte: EMV Galicia 95

Correlacións entre idade dos entrevistados, tolerancia, ética subxectiva, secularización e índice de individualización moral Galicia				
N=1200 Idade	Tolerancia	Ética subxectiva	Secularización	Individualización
	-,545**	-,347**	-,425**	-,553**

** = Correlación significativa ao nivel 0.01 (bilateral)

Cadro nº6
Fonte: EMV Galicia 95

comúns, especialmente en canto á variedade e diferenciación dos estilos de vida. Sen embargo no que ao índice de individualización moral, se refire esta converxencia non se amosa tan clara, quizais porque os aspectos ético-morais teñen unha base cultural máis forte que os aspectos económicos ou políticos non incorporados ó índice nesta ocasión.

No cadro número 7 amósanse os índices de individualización moral dunha selección de sociedades que puideran ter interese comparativo de entre os corenta e seis países consultados. Ningunha sociedade das estudadas alcanza a puntuación media do índice, que oscila entre cero e un; o cal indica a resistencia ao cambio e a permanencia dos valores sociais que afectan sobre todo á moral e á relixión. A puntuación máis alta ofrécena Alemaña do leste (0,48), debido sobre todo á súa forte secularización (0,77). Unha correcta lectura dos datos esixe ter en conta o peso específico de cada compoñente do índice se queremos interpretar axeitadamente as diferencias nacionais. Por exemplo, se tomamos o caso de EE.UU., cun índice por debaixo da media internacional (0,26) non esperable para o nivel de desenvolvemento deste país, pódese apreciar que son as súas baixas puntuacións en ética subxectiva e secularización as que rebaixan o índice xeral. Por outra banda cómpre non confundir individualización con individualismo: aínda que EE.UU. pase por ser o paradigma de sociedade individualista o índice aquí manexado revela que a orientación ético-moral

da poboación estadounidense é fortemente “comunitaria”. Este tipo de análise, consistente en analizar o índice, pode dar as claves para interpretar adecuadamente cada sociedade.

No contexto internacional, Galicia; xunto con España, ocupa un dos postos máis altos no que a individualización se refire (cadro número sete). Esta puntuación reflicte a súa inserción no ámbito dos países europeos desenvolvidos, pero tamén reflicte unha maior desvinculación institucional (acorde coa cultura permisiva europea) quizais non axustada á súa realidade económica.

Índices de permisividade, ética subxectiva, secularización e individualización segundo países				
Países	Tolerancia	Ética subxectiva	Secularización	Individualización
Alemaña Occ.	42	27	54	41
España	41	43	43	42
EE.UU.	34	20	26	26
Xapón	37	15	51	34
México	26	25	31	27
Noruega	46	12	61	40
Suecia	60	14	64	46
Arxentina	31	31	35	32
Finlandia	44	29	46	40
Polonia	29	14	10	18
Suíza	49	26	47	41
Brasil	23	30	28	27
Chile	26	32	32	30
Alemaña Oriental	39	28	77	48
Venezuela	20	33	27	27
País Vasco*	52	43	47	47
Andalucía*	38	44	41	41
Galicia*	45	46	43	45
Valencia*	48	44	48	47

*= realizárose mostras específicas para estas sociedades.

Cadro nº 7
Fonte: EMV 95

3. Máis alá da individualización: a sociedade personalizada

Sería un erro pensar que a individualización supón unha maior emancipación social. De feito, a individualización é un proceso colectivo inconsciente e compulsivo; a súa orixe social e histórica pouco ou nada ten que ver co libre albedrío das persoas. En realidade, a individualización é unha resposta adaptada a unha complexidade e diferenciación sociais crecentes. Un exemplo tomado do consumo ilustra ben este paradoxo: a individualización do consumidor cando elixe un produto entre varios que se ofertan, non é máis que a resposta lóxica ante unha situación que *el non creou*; todo o que podemos dicir é que a situación require toma de decisións máis complexas por parte do consumidor, pero non por eso se pode afirmar que é *máis libre*.

A impresión xeral que se pode deducir de todo isto é a demanda crecente de novas formas organizativas que permitan a revinculación social a estas institucións ou outras que poidan surxir. Neste sentido, a individualización tomarase coma unha forza impulsora susceptible de ser canalizada e orientada pola vontade social. Desde esta perspectiva cabe imaxinar dous escenarios posibles como resultado do impacto que está a producir a individualización: un escenario *hiper individualizado* e un escenario *personalizado*.

O primeiro deles fará referencia ás previsións catastrofistas dunha sociedade fundamentada no egoísmo e insolidariedade, coa consagración definitiva do uso da forza como única alternativa ó desorde social; non se descarta tampouco a previsión dunha decadencia moral de magnitudes grandiosas que acabarán coa civilización occidental. O segundo escenario, dominado polo optimismo, confire á individualización unha facultade liberadora de capacidades sociais creativas ata agora descoñecidas, cun orde moral baseado na universalización efectiva dos dereitos humanos. Neste escenario contéplase a individualización como unha forza que, operando desde os estilos de vida cotiás inflúe poderosamente pola vía das prácticas sociais na redefinición das formas organizativas tradicionais, revitalizándoas e dotándoas de novos significados.

José Luis VEIRA VEIRA

Unha carta de Valle-Inclán

Por Manuel LONGA PÉREZ

O marco

O ano 1916 no que escribe a carta que publicamos é especialmente intenso na vida de Valle. Instalado xa en Galicia –primeiro en Cambados, logo na Pobra– como consecuencia da ruptura pouco amigable coa Compañía teatral Guerreiro e Mendoza logo da estrea en Pamplona da peza teatral *Voces de gesta* en xuño de 1912, e contando con ingresos económicos, froito dos recentes contratos editoriais para a publicación da súas obras, D. Ramón viaxa con frecuencia a Madrid e participa na grande discusión do momento, isto é, os acontecementos da Grande Guerra, decantándose coma moitos outros intelectuais a prol de Francia e en contra de Alemaña. Por iso acepta gustoso a invitación oficial, transmitida por Jacques Chaumié para visita-la fronte francesa. Faino no mes de maio como correspondente dos xornais *El Imparcial* (Madrid) e *La Nación* (Buenos Aires), nos que despois publica a súas impresións das batallas que presenciou. Tales artigos, segundo sinala R. Lima¹, foron a base dun libriño pouco coñecido pero

¹ Ver R. Lima, “Rutas vitales y literarias de Valle-Inclán”, en J. P. Gabriele (Ed.), *Suma valleinclaniana*, Barcelona, 1992, Anthropos, 25-49, p. 41 ss.

impresionante –*La media noche: Visión estelar de un momento de guerra* (1917)–, no que aplica as normas estéticas que publicara pouco antes no libro *La lámpara maravillosa*.

Ó vir da fronte, Valle-Inclán atópase co ofrecemento dunha cátedra de Estética na Escola Especial de Pintura, Escultura e Gravado de Madrid. Xulio Burrel, ministro de educación logrou que o seu amigo a aceptara, mesmo se o seu compromiso co ensino oficial só ha durar un curso. Para percibi-los haberes da cátedra no curso que vai comezar (1916-17) cómprelle un certificado de que non será chamado para ningún servizo militar (“liberdade de quintas”).

A esta circunstancia vital fai referencia a carta do seis de agosto que transcribimos.

A carta

Cambados 6 - VIII - 1916

Querido Pastor: Para cobrar una cátedra que me han dado necesito un certificado de libertad de quintas, a nombre de Ramón del Valle-Inclán, que es como está la credencial. Yo no tengo papeles de ninguna clase, y no se si ese ayuntamiento me podrá dar un certificado de haber pasado revistas (aunque no las he pasado). Es un documento sin importancia, una chinchorrería para cobrar, pues faltándome un brazo no valía la pena de dar tanta lata. Te incluyo esa carta, por si juzgas necesario dársela a mi primo Monolo Domínguez.

He sabido la muerte de tu pobre madre, y te acompaño muy sinceramente en tu pena. Te abraza fraternalmente tu antiguo amigo y compañero

Ramón

Breve glosa

O destinatario da carta é o seu amigo da nenez e compañeiro rigoroso de “quinta” (segundo recrutamento do 1885) D. Pastor Pombo Regás, que exerce como mestre de ensino primario no Pósito de Pescadores de Vilanova de Arousa; home pulcro e coidadoso que sobrevive varios anos ó seu compañeiro e a quen tiven ocasión de coñecer sendo eu aínda moi novo. Conservou no só a carta do seu amigo Ramón senón tamén copia da súa resposta, na que atopamos datos de interese. Tiven acceso a eses textos pola amabilidade das súas netas, nomeadamente de D^a. Carmela, D^a Lourdes e D^a Margarita, quen agora reside no Colexio Filipense de Vilagarcía.

A resposta de D. Pastor é inmediata. Escrébelle xa no día 8, logo de ter feitas as xestións correspondentes e lamentando no poder compracelo. Velaquí a súas palabras:

En cuanto recibí tu carta... fui seguidamente junto Domínguez, a quien entregué tu carta. Siente mucho sea documento que no pueda despachar la alcaldía. Tiene que solicitarlo el mismo interesado de la Comisión mixta de Reclutamiento a medio de una instancia, que puede ser cursada con el Vº Bº del Alcalde de su residencia, siendo su despacho más tardío, o presentarla allí una persona conocida, que no te faltan, pues tu hermano Paco (a quien tuve el gusto de visitar en Mayo último) puede activar el asunto muy urgentemente.

Para mayor facilidad te doy los datos siguientes:

Nº 50 del 2º Reemplazo de 1885. Mozo: Ramón José Simón Valle Peña. Fue excluido del servicio por exención física (somos de un mismo reemplazo los dos)

¡A burocracia!

Non oculta Valle na súa carta o seu incomodo fronte ás esixencias da burocracia. Está a piques de acada-los 50 anos; fáltalle un brazo, e pídenlle –para poder cobrar unha nómina oficial– un certificado de liberdade de quintas. Considérao unha “chinchorrería”, termo próximo ó mais usado hoxe e vulgar de “chorrada”; unha maneira, pois, de da-la lata!

Por iso ousa pedir que se certifique unha revisión que el mesmo reconece non ter pasado. Pero a porta a que está a chamar non é a axeitada. Mesmo se o alcalde é seu curmán, as competencias son doutro organismo, e hai que respecta-la orde da Administración. Díselle, con todo, a que porta ha petar e o seu amigo explícallo polo miúdo.

A cuestión no nome

O lector terá notado que Valle non pide simplemente un certificado ó seu nome sen máis, senón que di o seu nome Ramón del Valle-Inclán, engadindo a razón: ese é o que aparece no nomeamento da cátedra. Pero o seu nome como mozo do recrutamento, e dicir, o seu nome orixinario co que foi inscrito primeiro no libro bautismal e logo no padrón municipal é Ramón José Simón Valle Peña. Vemos, entón, cómo neste simple intercambio epistolar queda documentada a diferenza entre o nome literario ou artístico é o nome orixinario ou de pía do protagonista.

Testemuña de verdadeira amizade

É o aspecto máis amable destas cartas. O ton e cordial e espontáneo e as alusións á vella amizade repítense; coñecemos xa o texto de Valle. Na súa resposta o seu amigo non queda atrás, e escribe:

Te felicito cordialmente por tu reciente nombramiento, que he visto en la prensa, así como por tantos timbres de gloria de que te hallas revestido, deseándote muchos más... te abraza de corazón tu humilde y verdadero amigo de la niñez, cuyos gratísimos recuerdos son impercederos

Latexa nestas cartas un aire de benquerencia, de confianza e de axuda. Mesmo fai ben le-las.

Manuel LONGA PÉREZ

Carta autógrafa de Valle-Inclán

Caracas, 2. VIII 1908
Amado Longa, para saber como está
de que me ha ido bien me
señala un certificado de
libertad de prensa, si
mi nombre, Longa, de
Valle-Inclán, que es el
que está de la obra
Yo no tengo papales
de ninguna clase que
se le atribuyan
con gracia de una


Un novo libro de Crossan sobre o nacemento do Cristianismo¹

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

Non é corrente en Encrucillada reproducir a portada dos libros reseñados. Pero, a pouco que se fixe, o lector decatarse inmediatamente do motivo desta excepción. Trátase dun libro publicado hai algo máis dun ano en Estados Unidos, pero que leva na portada a fotografía dun monumento para nós ben coñecido: o Cruceiro de Hífo, na provincia de Pontevedra.

Xa por iso o libro merecería a nosa atención. Pero é que, ademais, trátase dunha obra con moi importante valor intrínseco. O autor, un irlandés emigrado a Norteamérica, pode considerarse hoxe un dos esexetas máis orixinais e, todo hai que dicilo, máis ousados na interpretación do Novo Testamento. Pertence ó *Jesus Seminar*, unha asociación de escrituristas, moi preocupados na investigación crítica do “Xesús histórico”, con forte radicalidade e de consciente orixinalidade respecto da investigación europea.

¹ J. D. Crossan, *The Birth of Christianity. Discovering what happened in the years immediately after the execution of Jesus*, HarperCollins, New York 1998, 653 páx.



Crossan constitúe dentro del unha figura senlleira e, cada vez máis, a súa obra vaino convertendo en cabeza dun nutrido grupo de seguidores.

En castelán ten editados dous libros. O primeiro, moi amplo, titúlase: *Jesús, vida de un campesino judío* (Crítica 1994). O segundo, que remite ó anterior, pero con contribucións orixinais, é moito máis breve e constitúe unha boa síntese para quen queira profundar tanto nas súas ideas coma no seu estilo: *Jesús, biografía revolucionaria* (Grijalbo-Mondadori 1996). En inglés a súa produción resulta moi nutrida, abarcando temas que van desde a interpretación das parábolas ata a filosofía da historia.

Este que reseñamos hoxe, de notable amplitude, é polo de agora o último da serie. O título indica ben o seu propósito: estudar “o nacemento do cristianismo, descubriendo qué pasou nos anos inmediatamente seguintes á execución de Xesús”. No prólogo precisa máis, de paso que indica a súa hipótese de traballo: “o nacemento do cristianismo é a interacción entre o Xesús histórico e os seus primeiros compañeiros e a continuación desta relación a pesar da súa execución. Este libro, por tanto, intenta unha reconstrución histórica desa interacción, desa continuación, e as razóns polas que unha levou á outra. O seu foco está no nacemento non no

crecemento, naqueles anos antes e principalmente despois da crucifixión de Xesús, naqueles que estiveron con el antes e continuaron con el despois. Trata dos anos anteriores a Paulo; noutras palabras, ocúpase daquilo que Paulo perseguiu” (p. xxi). Dito de modo aínda máis claro, intenta esclarecer: “Qué formas de cristianismo estaban presentes antes de Paulo, sen Paulo e mesmo aínda que Paulo non tivese existido” (p. x).

Calquera se decata da gran dificultade, pero tamén da enorme fascinación desta empresa. Non existen documentos deses “anos perdidos do cristianismo máis primitivo”, pois os primeiros, os de Paulo, datan dos anos 50. Sobran, en cambio, prexuízos e construcións non contrastadas, herdadas de épocas nas que a crítica histórica a penas existía.

A Crossan sóbralle audacia para aventurarse nese océano de escuridade verdadeiramente kantiana. Pero tampouco aforrou estudio e esforzos. Por iso, poden discutirse os seus métodos, pero ninguén deberá negar o rigor con que os aplica. Non todos se sentirán convencidos polas súas hipóteses e, seguramente, máis dunha vez o lector experimentará certa vertixe ante elas. Pero cómpre recoñecer que a miúdo abre perspectivas novas e que sempre dá que pensar. Resulta innegable que a súa obra fai correr un aire fresco por unha paisaxe tantísimas veces visitada e revisitada, pola que parecería que xa non era posible que volvesen a correr verdadeiras novidades.

Crossan chega ó lector. Inflúe, de entrada, o seu *estilo*, directo, elegante, cheo de sensibles acenos literarios e decote salferido por un relaxante humor irlandés. Inflúe, máis a fondo, a súa *situación*: bo coñecedor da esexese europea, séntese —Atlántico por medio— libre fronte a ela; de xeito que pode aproveitar os seus logros sen se sentir atado polos límites e os lastres da súa tradición académica. Finalmente, el mesmo dá dúas razóns fundamentais: aporta un novo método e un novo material.

O novo *método* consiste nunha “combinación interdisciplinaria de disciplinas antropolóxicas, históricas, arqueolóxicas e literarias”. De feito, sobre todo gracias a unha nova e aguda combinación dos datos históricos e sociolóxicos (algo no que, por certo, Crossan non está só), impresionan as perspectivas que así se abren para unha comprensión realista da vida, da doutrina e do destino de Xesús.

A situación sociolóxica da Baixa Galilea, onde o desenvolvemento urbano propiciado por Herodes Antipas (construción de Séforis e Tiberíades) e a comercialización rural inducida por Roma provocaron unha enorme miseria e desarraigo na poboación campesiña, explica, segundo Crossan, moito da vida e doutrina evanxélica. Estas aparecen intimamente

unidas ós movementos de resistencia provocados pola miseria. Nese contexto os zelotas optaron pola violencia. Xesús rexeita a violencia, pero predica un “igualitarismo radical”, nun Reino instaurado por Deus, sen intermediarios nin privilexios; Reino xa presente nos que adoptan o seu xénero de vida desprendido e itinerante ou, permanecendo nas súas casas, o acollen na media do posible.

Algo parecido sucede con certos textos do ambiente histórico, ós que Crossan fai brillar contextualizándoos a unha nova luz. Tales os relativos ó carácter salvador da aparición de Augusto ou os relativos ó destino no alén: tanto a confesión de Cristo en canto Salvador e Fillo de Deus, coma a experiencia e anuncio da súa resurrección cobran novo senso, novo realismo e, se se sabe ler, tal vez nova credibilidade.

Os novos *materiais* constitúen acaso a parte máis discutida e discutible da súa construción, pero non cabe dúbida de que obrigan á reflexión. Crossan concede unha enorme importancia ó *Evanxeo de Tomé*, descuberto en Nag Hammadi en 1945, un texto de corte gnóstico, pero, segundo el, independente dos evanxeos canónicos. Xunto a el pon o *Evanxeo Q* (Q = *Quelle*, “fonte” reconstruída a base dos ditos comúns a Mateo e Lucas, que non están en Marcos), o *Evanxeo de Marcos* e a *Didaché*. Logo, a través da aplicación rigorosa dun método que busca os estratos máis antigos e admite só aqueles datos testificados por máis dunha fonte, ese conxunto sérvelle para intentar a súa orixinal visión de Xesús. Un Xesús profundamente enraizado no xudaísmo, pero non identificado sen máis con el (de aí as súas distancias respecto de Sanders: cf. p. 337-342), senón profundamente revolucionario e innovador.

Tal é o estilo, o aire, dun libro que, a pesar da súa complexidade, se le coma unha novela. Nunha presentación rápida non cabe entrar en detalles, senón animar ó lector a que o faga por si mesmo. Atopará, de seguro, un forte desafío, pero tamén acaso un novo xeito de presentir o misterio.

Sorprenderase, por exemplo, cunha visión tremendamente realista da *paixón*, por detrás das súas narracións actuais, que el considera “profecía historizada”: Crossan parte de que os haxiógrafos carecían de datos, pois os amigos fuxiran e ós inimigos non lles interesaron; o que os relatos actuais fixeron, nun proceso en certo modo parecido ós evanxeos da infancia, foi buscar no Antigo Testamento textos que lles permitisen comprender o sentido teolóxico, profundo e verdadeiro, do destino en aparencia tráxico de Xesús. O mesmo sucederá tal vez coa reconstrución do anuncio da *resurrección*, onde concede unha singular importancia ó “pranto das mulleres”, pois inclínase a pensar que “o lamento ritual é o que

cambiou a esexese profética en narración biográfica” (p. 572). A min interesoume particularmente a luz que, no capítulo 23, o contexto social bota sobre o sentido da celebración eucarística nas primeiras comunidades: textos que pasaban desapercibidos e tal vez parecían meramente incidentais, reciben unha significación viva e actualísima.

Para rematar, non me resisto a unha consideración. Sempre que alguén propón algo novo, que rompe os esquemas habituais, aparecen moitos que non ven máis ca un desafío para a tradición ou un perigo para a fe. Moitas veces pasan incluso á descualificación do autor. Sucedeu nas controversias suscitadas en América, das que existen xa varios libros, e pode suceder aquí. Pareceríame completamente inxusto no caso de Crossan. As súas interpretacións poderán convencer ou non, agradar ou desagradar. Pero sería cegueira non percibir o seu dereito a manifestar honesta e claramente as súas conviccións. Sobre todo, cando el se confesa crente e non oculta a súa paixón pola figura de Xesús.

Pagaría a pena neste sentido ler o comentario que no epílogo fai do Salmo 82 –“para min, o texto singular máis importante na enteira Biblia cristiá”: p. 577–, describindo o “carácter de Deus” coma Aquel que, fronte ós poderosos, fai xustiza ós febles e ós orfos, ós pequenos e ós marxinados. E non me resisto á tentación de copiar o diálogo ficticio con Xesús, que el mesmo pon como remate do prólogo da súa “biografía revolucionaria”. Deixa ver moi ben o estilo, o humor e mesmo a conciencia de estar facendo algo importante:

— Lin o teu libro, Dominic, e paréceme bastante bo. ¿E qué? ¿Xa estás listo para vivires a túa vida conforme á miña visión das cousas e para te unires ó meu programa?

— Non creo que teña valor suficiente, Xesús, pero a descrición que nel facía de ti era bastante boa, ¿non che parece? O que estaba particularmente ben era o método ¿verdade?

— Gracias, Dominic, por non falsificares a miña mensaxe para a acomodares ás túas incapacidades. Iso xa é algo.

— ¿Non é abondo?

— Non, Dominic, non é abondo.

Andrés TORRES QUEIRUGA

Os tempos son chegados...

Por Hermelinda DAPENA TARELA

Preguntáronlle un día a Xesús: “Mestre ¿onde vives?”. El contestou: “Vinde e verédelo”. E os que así preguntaron ó escoitar esa resposta seguírono.

“¿*De que vai iso da Romaxe...* ? Cando alguén da parroquia fai esa pregunta movido pola curiosidade a resposta soe ser: ¿Queres sabelo?, pois apúntate para participar e... ¡xa verás...!”.

Con especial insistencia, respectuosa e ó mesmo tempo “invitadora” ó longo do mes de agosto fálase, coméntase, anúnciase... ven se-lo final dun proceso que empeña cada ano ó baixar do autobús de regreso da Romaxe anterior. Á volta de Monte Muíño despedíámonos: ¡Ata o ano que vén! ¡En Campo Lameiro!”. A Romaxe é para nos signo claro de referencia que marca un ciclo. E un proceso.

E chegou o día. Sábado 9 de setembro. Este ano non nos tocou a nos madrugar moito. A cita era moi pretoño da casa. Non sei por que, pero parecía que a curta distancia que percorrer lle restaba certo encanto.

Quizais porque a Romaxe a temos relacionada tamén co feito de “facer camiño...”. ¿O lugar? Xa o sabedes: O Couto de Penalba, concello de Campo Lameiro.

Persoalmente xa coñecía o sitio e os seus arredores. É unha zona á que me sinto vencellada dende hai tempo por unha dobre referencia. A primeira é afectiva. Nunha aldeña moi preto de alí, Fentáns, parroquia de San Xurxo de Sapos están as raíces familiares do meu home.

Levada por el descubrira a beleza desa ruta, percorrera as corredoiras, coñecera os nomes das veigas, saboreara amoras das silveiras, degustara os acios arrincados directamente das viñas... Outro motivo que me tiña achegado máis concretamente ó lugar da Romaxe fora o meu interese pola riqueza da arte rupestre, esas “pedras vellas” como alguén me ten comentado, pero cheiñas de sabedoría, de “sentidiño”, de misterio, de esperanza...

Remoendo nas minas lembranzas, pensando que a sorpresa do “descoñecido” xa me estaba vedada, vivín dun xeito especial, como de gozosa estrea o reencontro cun lugar que consideraba de abondo coñecido. Un sol de xustiza facíalle “graciosa” xustiza ó que alí se celebraba.

Abrín os ollos, seguindo o consello de Engracia cando días antes me confiara face-la crónica, pero tamén abrín os oídos: nada máis baixar dos autobuses soaron compases festeiros da Banda de Campo Lameiro; abrín a boca para saborea-lo agasallo de acollida (pan centeo, queixo, mel e viño para refresca-la gorxa); abrín os meus beizos e os meus brazos para repartir e recibir bicos e apertas; ata os meus pés sentíronse máis lixeiros, menos preguiceiros para subir ata a ermida de Santo Antonino e á Pedra da Serpe.

Despois dese primeiro momento en que se mesturan as presas por tomar posición; pausa-las bolsas, mesas, cadeiras; mercar folleto, medallón... a atención vaise centrando no acto principal: a Celebración. A hora sinalada era as 12. “*Hai que ser puntuais*”, era a recomendación que nos chegara nos anuncios do programa. Empezaba ás 12:30...

Coñecido o interese e dedicación dos organizadores pode ser comprensible, pero ¡se se pode corrixir...!

Superei a tentación da sombra que me invitaba dicíndome: “Ven... ven...” dubidei e matinei onde estaba o meu sitio; finalmente decidín ficar alí, na escaleira do palco. Nun primeiro momento sentín coma o baleiro do deserto; poucos se animaban a achegarse. Pero o *imán* funcionou e chegou a ser *digno* o número dos que se achegaron. A verdade é que a *proximidade* non se mide en metros, senón na intensidade da comunicación e da

vivencia. Varias persoas comentáronme que quizabes o sitio do palco non era o máis apropiado...

Comeza o acto litúrxico ó son da Alborada de Veiga. Asistimos á celebración dun “amor apaixonado que remata en casamento”. Palabras da “mellor das Cantigas”, o Cantar dos Cantares, serven de introducción.

Si. Celebrarmos unha voda. ¿De quen?. A noiva, Galicia. O noivo, o seu pobo.

O relato de Xoán, o da voda de Caná, se no *Foro de Encrucillada* aparecera como referencia á muller, é agora punto de reflexión para descubrí-la necesidade do viño:

viño de forza...

viño de abundancia...

viño de esperanza...

¿Onde atopalo?. Na memoria

dun pasado,

dunha historia,

dunha cultura que marcan identidade, que esixen compromiso, por iso:

“Ofrecemos ó pai o máis grande que soubo da-la humanidade:

O amor servicial de Xesús

O amor dos que dan a propia vida en defensa da vida dos demais coma Alexandre Bóveda, Rosalía, Castelao e tantos e tantas galegas que defenderon a nosa terra e recuperaron a súa dignidade”.

Dentro da Celebración, lectura do Manifesto Irmandiño, chamada á Solidariedade co pobo saharauí, entrega do ramo para a próxima Romaxe (Allariz), o berro seco... ¿É revisable meter todo dentro da Celebración...? O tema de non alongar xa se ten falado. ¿Como centrar evitando dispersar...?

Non sei se foi polo espallamento da xente motivado pola calor, pero deume a impresión de que faltou *calor* comunitaria na forza das aclamacións do pobo e da participación no canto.

A non insistencia no tema da colaboración económica é plausible. Non sei cal sería a eficacia na resposta...

As intervencións do grupo *Saraibas*, a resposta ó baile da *Rebolta-bola*, axudaron ó aire festivo, ledo. Celebrativo. Xantar repousado, tranquilo, compartido... Festa de sobremesa... Comunicacións persoais... Máis reencontros... Música... Cantos... Baile...

Os tempos son chegados...

Ás 6, como estaba anunciado remata a festa para dar paso á Oración da tardiña na Igrexa de Campo Lameiro. Acougo de paz, de loanza, na intimidade do cenáculo. O fío conductor levouno unha muller, crente, galega: María Pilar Wirtz. Por todo o vivido, por todo o celebrado, por todo o compartido, por toda a entrega e fidelidade. A tódolos organizadores e colaboradores, a tódolos participantes (ó redor de 6.000) e ó Deus do Amor e da Vida que fai camiño connosco:

¡Graciñas!

“Os tempos son chegados. Xa non podemos calar”

¡Ata a próxima!, ¡En Allariz!.

Hermelinda DAPENA TARELA



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

Valor universal da nosa Terra,
de alma e corazón sempre en Galiza,
cimeiro loitador pola cobiza
de sermos nós que o noso ser encerra.

Galego nobre, impar, en paz ou guerra,
polo ben da súa patria sempre en liza,
presto e firme a loitar contra a inxustiza
fronte á que –Cristo– a súa verdade berra.

Foi seu cancro a traxedia do exiliado;
súa noite, tanto irmán asasinado,
en derradeiras, ¡ai!, leccións de honor.

Ninguén puido arria-la súa bandeira,
esencia da Galiza verdadeira,
e nel lume, verdade, vida, amor.

Os Tilos, 15 de xuño de 1999

Xoán Xosé FERNÁNDEZ ABELLA

Fernando Bandeira, un crente galego para o recordo

Por Bieito SANTOS GONZÁLEZ

En pleno verán finou en Honduras ós 59 anos de idade Fernando Bandeira, Xesuíta Galego e Vigués.

Fernando Bandeira foi unha persoa na que a vida de fe e o compromiso social lograron de forma admirable a coherencia entre palabras e obras o que representa a esencia do cristián como seguidor de Xesús Cristo.

A súa identidade cristiá e teolóxica, tiña fondas referencias de quen se presentaba como “Eu son o que actúo”, do Deus compasivo e misericordioso, encarnado na debilidade do noso ser e da nosa historia para plasmar a acción salvífica por excelencia e para converter esa historia en historia de salvación.

A dinámica e o camiño das benaventuranzas, a fondura da oración do Noso Pai mostraban nel unha sólida consistencia. Aquel “sei de quen me fiei”, e a responsabilidade e urxencia de ser canle de boa nova – “Ai de min se non evanxelizar”–, parecían un todo inseparable e sempre presente.

Fernando era un home de fe, e era un home de Igrexa. Ó longo dos vintetrés anos pasados en Honduras despregou unha intensa vida pastoral. El comunicaba e axudaba a descubrir o Deus que nos quere libres, iguais e corresponsables na xestión do noso destino. Crítico coas formas de presentar e de vivir a relixiosidade, optou pola dinámica das comunidades de base, dos movementos eclesiais especializados, e por unha relixiosidade popular na que os xestos, símbolos, palabras, tivesen unha correspondencia

nos feitos e nos logros comunitarios. Unha gran axuda para lograr esa síntese estivo na súa extraordinaria capacidade formativa e organizativa.

Fernando era un mestre en adaptar experiencias, cursiños... e en promover persoas que logo desenvolverían un labor inestimable nas súas comunidades. Como organizador deixa tras de si unha obra tan extensa que non é doado comprender: incontables igrexas ou capelas novas ou reformadas, locais, obras civís, unha cadea de cooperativas populares, unha librería, un centro de nenos desnutridos e minusválidos, un novo poboado de sesenta vivendas (Pueblo Nuevo), como referente de melloras substanciais e de apertura a novas formas de vida, e outras realizacións que sería longo enumerar.

Fernando era moi galego. Sabía o que quería e actuaba en consecuencia pero actuaba con moito tino, con moitas capas (como a cebola, que dicía del un compañeiro), tendo en conta a gran capacidade de adaptación e a habilidade para dicir as verdades sen ferir nin mostrar a acritude do polemista confiado máis na forza da argumentación e non tanto na evidencia dos feitos.

A destreza persoal e a infraestrutura que soubo criar ó seu arredor permitíronlle manexar abondosos medios persoais que puxo ó dispor dos pobres e dos sen poder. Os sete anos de cura obreiro en Vigo e toda a fonda formación social anterior espertaron un gran sentido crítico cara os que falan e teorizan e non fan, cara os que teñen constantemente o pobo na súa boca pero se desclasan ou se aproveitan do pobo. A honradez, a eficacia e a eficiencia en favor dos pobres e sen poder levábanos moitas veces a pasar páxina, a non perder tempo e a ir directamente, e por veces en solitario, a iluminar e dinamizar a crúa realidade. Fernando Bandeira morreu novo, desgastado pola causa dunha boa nova integral para os pobres de Honduras, e neles, polo tanto, para o mundo enteiro. O grao de trigo que morre e se transforma en espiga, a morte do Nazareno que se converte en resurrección e vida para todos, a morte violenta do mestre debuxada polo noso Castelao que se transfigura na “derradeira lección”, estas e outras imaxes son coma unha especie de reflexo o epitafio dunha vida rica en valores e que nos ven de deixar, pero que ó mesmo tempo que está aí como herdanza e como invitación a segui-lo camiño aberto. Os tres días de velorio e o enterro de Fernando foron un auténtico acontecemento en boa parte do pobo Hondureño; e seguro que serán moitos, seremos moitos, os que sigamos contemplando a súa persoa e a súa obra para tratar de ve-la nosa imaxe e a nosa identidade cada vez máis nidia nese espello.

Bieito SANTOS GONZÁLEZ

José Angel Valente Docasar (1929-2000)

Por Alfonso BLANCO TORRADO

Face-la memoria do escritor José Ángel Valente que nos deixou en Xenebra o 18 de xullo, deixa a un atarecido porque sempre se considerou a vida e a obra deste home no silencio e tampouco agora debemos rachala súa soidade. A existencia do poeta foi como a *Cántiga do eterno inretorno* :

*Quero ficar así, solo, no lonxe,
sen ninguén, sen nadie,
paxaro que no ar infindo voa,
no baleiro do ar
cara ó hourizonte onde xamais se chega,
e nunca xa poder -ficar así-
voltar á orixe para sempre borrada.*

Valente segue hoxe envolvéndonos co fulgor que alumea a súa memoria porque neste autor creación e vida son unha mesma cousa. Os seus

versos e os fragmentos da súa escrita están forxados moi de vagar coa sístole-diástole da súa tensión vital.

Un corazón magoado desde o amencer pola crueldade da guerra civil no seu Ourense natal (1929). “Eu tiña sete anos, neno de familia de ben e moi cristiá e de dereitas e cun tío frade...”. A dictadura marcou os seus primeiros anos naquela cidade escura e intolerante, só crebados polas primeiras lecturas que José Ángel facía clandestinamente na biblioteca de Basilio Álvarez, o abade de Beiro.

Xa universitario en Santiago, que o fixo “Doctor Honoris Causa” no nadal, publica os seus primeiros versos: “Finisterre” (*La Noche*, 11-08-1947), ó que volvería tantas veces na súa andaina existencial e creativa, porque tamén na súa literatura castelá está sempre viva Galicia. Pero a ansia de liberdade converteumo nun exiliado (1954), Oxford, Xenebra, París, California, e outra volta Xenebra... Profesor, investigador, crítico literario, traductor da ONU...

A modo de esperanza (1954), o seu primeiro poemario, é agasallado co premio Adonais. Foi unha aposta pola luz e a radicalidade, das que endexamais vai apear, nun mundo escuro que el prefería lindar como un deserto.

Valente estaba a enfiar a que ía se-la súa escrita: a memoria da realidade a través da palabra espida, axeitada, sen lugar para a retórica. Máis de vinte poemarios e antoloxías que recollen a súa poesía intimista, mística, erótica, filosófica, crítica e de denuncia.

Na súa narrativa emerxen as cotas máis altas de rexeitamento de todo tipo de tiranía –cun dos seus contos, *El uniforme del general*, foi procesado nun consello de guerra (1972)– e tamén de expresión mística como os seus fondos e definitivos ensaios de San Juan de la Cruz e Miguel de Molinos.

Sempre sensible ás desfeitas humanas denunciou todo tipo de poder; aí están os seus versos contra o franquismo, o desastre de Hiroshima ou a matanza dos kaiowá do Mato Grosso. A súa linguaxe non coñece paliativos e é lacerante como o pedernal contra as inxustizas.

Se a súa temática poética se mantivo inacabada, sempre en ebulición, a palabra fulxe, clara e distinta, como unha “facha acesa” que o alumea todo. No cume da súa creación mística chegou a baleirarse de si mesmo e a expresión estética é o resultado final da tensión perfeccionista de quen baixou ó abismo da palabra.

O señor da palabra que se arriscou no seu oficio de traductor a darnos a coñece-la literatura contemporánea: grega, alemana, francesa, inglesa, italiana...

E do mesmo xeito que puíu a expresión ata liberala de tódalas arestas, tamén seguiu enxergando as súas raíces culturais desde a experiencia cotiá, así a devoción pola poesía de Rosalía (o Pen Clube de Galicia vai entregar á súa familia nestas semanas o Premio Rosalía de Castro) ou o estudio concienciado, como todo o que el tocaba, dos cancioneros galego-portugueses.

Na ampla biblioteca de Valente, doada á Universidade de Compostela, podemos le-las súas obras preferidas de Pimentel, Risco, Manuel Antonio... Como traductor deixounos a Hölderlin en galego. Non podemos esquecer a súa experiencia da emigración, mesmo nos versos que publicou na revista *A nosa Galiza* de Xenebra, como antes co exilio ó que acompañou coa lectura de Castelao que el comprendía desde o nacionalismo solidario dos asoballados.

En 1981 publicou *Sete cántigas do alén*, despois ampliadas ata a edición de 1996.

Agora as súas cinzas descansan a carón dos restos de Otero Pedrayo, Blanco Amor, Lamas Carvajal, un grupo de fusilados na guerra civil e de tantas veciñas e veciños... Un dos seus derradeiros esforzos foi unir vontades para dignificar este cemiterio de San Francisco de Ourense e convertelo en ben cultural, en patrimonio do pobo.

Seguimos mergullándonos na súa memoria evocadora, na realidade que el foi creando cunha linguaxe adusta e concisa. Quédanos a súa palabra, “as palabras da tribo”, mentres meditamos na “morte e resurrección” do seu *Mandorla*.

Alfonso BLANCO TORRADO

Algo non vai ben

Por Agustín DÍAZ

Co remate do verán semella que cambiaron os ventos. As cousas empezan a non ir tan ben, a inflación dispárase, mentres os carburantes non deixan de subir e o euro de baixar; a praga do terrorismo segue contaminando os espíritos. Todos son fenómenos nos cales os galegos podemos pesar moi pouco directamente, pero que non deixan de afectarnos e nos fan chegar á conclusión de que algo non vai ben.

Non é que de repente todo o panorama se volve negro, pero si resulta evidente que pasou de moda o optimismo que tanto nos viñan predicando desde o poder nos últimos catro anos. E aquí en Galicia estas nubes no horizonte fanse máis densas en canto persisten dificultades que veñen de atrás, dos tempos máis optimistas. E se non que lles pregunten ás familias dos mariñeiros do banco canario-sahariano

que levan preto dun ano de vacacións forzosas, ou ós labregos que levan varias campañas xogando á ruleta rusa co asunto da cota do leite.

A falta de acordo pesqueiro con Marrocos e maila práctica inexistencia de verdadeiras negociacións ó respecto é reveladora do pouco que pesa na política española un sector tan significativo na nosa economía e modo de vida. A

Xunta e mailo seu conselleiro de Pesca quedaron en moi mal lugar, malia contar en Madrid cun Secretario de Estado de Pesca antigo home forte da propia consellería. Isto non promete bos resultados para a demanda presentada en Bruxelas para a revisión da política pesqueira xeral da UE.

Pero o conselleiro de Pesca tivo que pelexar tamén con outros difíciles problemas. Por un lado o sector marisqueiro non acaba de entrar pola vía da profesionalización do persoal e eternízase a polémica entre as mariscadoras que aspiran a unha dedicación a fondo a ese labor e outras que o ven como un mero complemento ocasional dos seus ingresos. Continuaron tamén os conflitos polo reparto de zonas marisqueiras nas costas do Ortegal e polo descanso dominical dos naseiros, sobre todo na Mariña de Lugo.

O leite segue acedo

Pasando a outro sector da economía tradicional galega, este ve-rán os produtores de leite volveron a ter que pagar multa por produciren máis leite do que tiñan autorizado. Nesta ocasión o importe da sanción non parece excesivo, pero chove sobre mollado. As grandes cifras seguen reflectindo un sector que produce por debaixo da media europea e mesmo española e que, polo tanto, precisa medrar.

E desátase logo unha curiosa e aceda polémica: o Sindicato Labrego Galego denuncia duramente a política dos xestores europeos, madrileños e da Xunta, insistindo en rexeita-la multa e en reclama-lo dereito a produciren máis leite; e a Consellería de Agricultura acusando ó citado sindicato e ó BNG en xeral de teren enganado os labregos para que aumentasen a produción. Como todo o mundo sabe, no ámbito rural galego é o BNG quen determina a política e á Xunta e ó PP ningún lles fai caso.

Resulta a todas luces incompre-sible que a Xunta non sexa quen de convocar unhas eleccións ás cámaras agrarias, para aclarar dunha vez a representatividade de cada quen. Ou ¿é que desconfían da forza de organizacións como *Xóvenes Agricultores* ou outras similares que tantos coidados reciben da administración?.

O caso é que no polémico asunto que nos ocupa a Consellería de Agricultura exclúe da mesa de seguimento do problema ó SLG e propicia coas outras organizacións a creación dunha entidade semellante en Madrid. E aínda non queda tan lonxe a ruptura da anterior mesa do leite, que mesmo conseguira que as industrias lácteas entraran en Galicia nunha dinámica diferente á gran patronal do sector en Madrid.

Segue ardendo o monte

Malia que moitos veraneantes e hostaleiros se queixaron do mal tempo a principios de xullo e ó remate de agosto, os incendios forestais foron abundantes, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, afectando dun xeito máis importante á zona leste das mesmas. En xeral o monte baixo o máis danado polo lume, pero hai que sinalar que tamén houbo importantes soutos afectados, ó seren as zonas citadas das máis ricas neste tipo de árbores.

O problema tamén deu lugar a unha agra polémica entre o conselleiro respectivo e unha parte da sociedade. Os alcaldes de Valdeorras acusaron á Xunta de non poñer-las medios para evitar e combater eficazmente o lume, engadindo que o persoal enviado para o labor non coñecía o terreo. Del Álamo atacou ós citados alcaldes acusándoos de non cumprir coa responsabilidade municipal de loitar contra o lume e engadindo que os respectivos concellos non quixeran facer convenios coa consellería para contar cos equipos materiais e humanos necesarios.

O único no que coincidiron todos foi na gravidade do problema e na necesidade de buscarlle remedio. Unha solución tanto máis difícil en canto que a inmensa maioría dos lumes son provocados, ben sexa por simple descoido dos labregos ó

pretender limpar unha zona chea de toxos, silvas ou xestas, ou polo instinto destructivo de moitos pirómanos. Tamén quedou claro que o lume afecta sobre todo a zonas máis ou menos abandonadas, nas que non se fan labores de limpeza que tomen o relevo das que na agricultura tradicional facían os rabaños de cabras, ovellas e mesmo vacas do país, que poboaban os nosos montes.

Un novo curso

Atopámonos no inicio dun novo curso, un ano máis dentro da implantación da nova organización escolar. Baixa de xeito notable o número de alumnos nos ciclos de ensinanza obrigatoria, sobre todo no ensino infantil e primario; redúcense o número de unidades escolares nas zonas rurais e non aumentan en case ningún concello, máis ca nas periferias das cidades. Hai dificultades para redistribuí-lo profesorado entre os centros, os novos ciclos e modalidades de ensino.

A Consellería de Educación anunciou unha progresiva redución do número de postos docentes e nos primeiros días do curso algún sindicato denunciou que un número importante de profesores interinos e contratados se quedaban na rúa. Nos centros aumenta a dificultade para integrar os alum-

nos dos últimos cursos de escolaridade obrigatoria, na ESO.

Pero o conselleiro centra o seu interese en anunciar que para o verán que ben, cando ó mellor xa non lle toca seguir no cargo, vai adiantar un par de semanas o inicio do curso escolar, acurtando outro tanto as vacacións. A idea non ten por que ser mala, pero foi anunciada dun xeito tan pouco meditado que parecía unha nova argallada para pasa-lo tempo. Igual que a administración rexeita, sen máis reflexión, o clamor dos cidadáns pola gratuidade dos libros de texto dentro da escolaridade obrigatoria.

Meses de cambios

Pouco a pouco, ó longo destes meses de verán fóronse consumando un conxunto de cambios de altos cargos na Xunta de Galicia. Na crónica anterior falabamos da figura do novo delegado do Goberno en Galicia, recollendo a impresión de que o seu currículo non era precisamente brillante. Daquela non nos deu tempo a comenta-la saída brillante que lle ofreceu o presidente da Xunta o ex-delegado, Diz Guedes. O certo é que este pasou xa todo o verán nun posto de conselleiro da Xunta de Galicia que non acertamos a saber qué achega á mellor gobernación do país.

Nun primeiro momento parecía que o novo conselleiro tería que

ocuparse da difícil tarefa que con tanto acerto ocupou durante moitos anos González Sobral, profesional de recoñecido prestixio e que desde a súa competencia prestaba un servizo incontestable á Presidencia da Xunta. Pero parece que o inevitable desgaste do roce diario entre dúas ricas personalidades crebou polo máis frouxo e González Sobral marchou.

Despois de moitas reviravoltas quedou claro que o posto seguía existindo e non quedaba tapado polo novo conselleiro. E finalmente recaeu na persoa de Sánchez Carro, colaborador de Manuel Fraga desde a súa época de ministro de Información e Turismo. O presidente do Clube Ancares acababa de deixar unha Dirección Xeral da Consellería de Xustiza e Interior, onde o conselleiro Pillado fixo unha limpeza a fondo, para dar entrada a varios altos cargos de confianza dos dirixentes do PP de Pontevedra, ós que se acaba de engadí-lo máis novo dos Vázquez Portomeñe.

Mentres tanto tamén deixara a Consellería de Educación Manuel Regueiro, director xeral de Política Lingüística desde os tempos do tripartito. O presidente da Xunta, ó dar conta da súa marcha, recoñecendo un forte desacordo co conselleiro Currás, fixo unha gran loa do seu veciño en Perbes, que podería volver a encontrarse noutro posto dunha institución de ensino

privado xunto con outro veciño defenestrado antes, Piñeiro Permyu.

Renovación no PP

Paralelamente a estes cambios na Xunta, tamén no PP segue o lento labor de renovación de cargos, que debería quedar pechado nas próximas semanas, antes de entrar de cheo na preparación das eleccións autonómicas do 2001, que cada vez parecen máis probables no mes de xuño. Despois da secretaría xeral, doutros postos de ámbito galego e dos presidentes provinciais da Coruña e Pontevedra, dos que xa falamos nestas páxinas, tocoulle agora a quenda a Lugo.

Francisco Cacharro Pardo anunciou nos últimos días de agosto a súa difícil decisión de non volver a ser candidato á presidencia do PP de Lugo. Iso si, multiplicou as declaracións matizando que esa decisión lle fora suxerida (dando a entender que lla impuxeran) desde altas instancias de Madrid. Tamén precisaba que o mellor candidato para o posto que abandonaba sería o ata agora secretario de Organización Xosé Luis Iravedra Lestal, pouco coñecido fóra do ámbito do PP de Lugo, membro do Consello de Administración da CRTVG. E advertía Francisco Cacharro que non sabía se ese relevo suporía mellora-los brillantes resultados electorais do PP na provincia.

Escolle Cacharro Pardo manterse como senador e presidente da Deputación de Lugo e tamén seguirá, como non, como membro do comité provincial do partido, colaborador estreito do novo mando. A súa decisión ten unha certa semellanza coa adoptada por Xosé Luis Baltar en Ourense, aínda que este optou por outra saída máis fácil, a de deixa-lo Senado e seguir nos dous postos da provincia. Quizais fose esa tamén a mellor solución para Lugo, a non ser que as “suxestións” de Madrid fosen moi precisas. Semella, en cambio, fóra de lugar a interpretación dalgúns malpensados de que o conserva-lo posto de senador sería un parapeto para se defender de supostas reclamacións por denuncias dalgún político da oposición.

Renovación no PSOE

Falando de renovación hai que facer necesariamente mención ós socialistas. O seu congreso federal, cun resultado un tanto *sorpresivo*, levou ó mando a un home de León, que levaba catorce anos de deputado, pero resultaba pouco coñecido. Quen si resulta moi coñecido entre nós, pero que ninguén imaxinaba nun posto de tal responsabilidade é o novo secretario de Organización, o deputado e ex-senador por Lugo e xefe da oposición municipal en Palas do Rei, Xosé Blanco.

Logo de pasar das aulas universitarias á presidencia do primeiro Consello Galego da Xuventude, que inauguraba unha xestión chea de vicisitudes que pasaron en varias ocasión polos xulgados, Xosé Blanco empezou de inmediato unha carreira política, participando en tódalas pequenas batallas libradas entre os dous eternos sectores do PSOE de Lugo, que se diferencian, o mesmo cós de Vigo, Ourense ou Ferrol, no que os une: o desexo de ocupa-lo mando en praza.

De rebote saíu fortemente reforzado Pérez Touriño, que apostara discretamente por Rodríguez Zapatero, sen forza-la máquina nin enfrontarse a outras opinións expresadas no partido, como a estentórea dun Francisco Vázquez, que non quixo ir de delegado ó congreso, pero proclamou *urbi et orbi* o seu apoio a José Bono. Pérez Touriño, integrado na nova executiva federal, referendado como candidato socialista á presidencia da Xunta o ano que ven, leva camiño de gañar por goleada o próximo congreso para ratificarse no posto.

Congreso da UPG

Tamén anuncia congreso a Unión do Pobo Galego, o grupo máis antigo do BNG, o que conta cunha militancia máis numerosa e que domina co seu peso os cadros de mando da organización. Non

transcendeu moito das liñas políticas que vai marcar, nin se vai dar paso a novas figuras ó carón dos consabidos Francisco Rodríguez, Suárez Canal, Francisco García, Pilar García Negro, Henrique Tello León ou Milucho López. Haberá que ver tamén qué papel lles atribúe ós alcaldes, figura política que lles debería abrir moitas portas.

Se algúns cronistas viron no acceso do ex-alcalde de Allariz ó Senado coma un posible adianto dunha figura atractiva para o gran público, que podería servir algún día de relevo á de Beiras, non sería tamén moi lóxico que a UPG quixese promocionar nesa liña a algún alcalde, ben dunha cidade, ben ó novo rexedor de Allariz, Francisco García.

O que está claro é que o BNG vai tomar moi en serio o mante-lo segundo posto dentro do panorama político galego, presentándose como alternativa fronte a Manuel Fraga para o que precisaría, en todo caso, dun apoio socialista co que non conta de antemán. Curiosamente e logo do seu fracaso á hora de obter un grupo parlamentario propio, algunhas significativas tribunas de Madrid outórganlle ó BNG un protagonismo impensado. Está moi recente a alusión dun editoria- lista de *El País*, poñendo en cuestión a pervivencia dos pactos nacionalistas entre os cataláns, vascos e galegos, dada a difícil situación pola que pasa o PNV e a que

Beiras tiña abertas as portas dun liderado da esquerda en Madrid.

A proba dos concellos

Estas especulacións de futuro vense confrontadas co difícil día a día da xestión dos alcaldes á fronte das respectivas cidades. E nese aspecto o BNG está confrontado a un dobre e difícil reto, sobre todo na alcaldía de Vigo. E xa non tanto pola oposición que pode representar un PP que asume espazos de poder no propio ámbito urbano, como poden se-la Autoridade Portuaria ou a Zona Franca, senón polas difíciles relacións co seu aliado e rival, encabezado polo senador Carlos González Príncipe.

Non sabemos que valoración farán os cidadáns de Vigo, que viven ou sofren o día a día da xestión municipal. Pero desde fóra a impresión que se saca é a de que os dous partidos coligados realizan dúas xestións paralelas, no mellor dos casos, segundo o invento acuñado por González Príncipe, que se considera a si mesmo "co-alcalde". Cada poucas semanas aparece un motivo de conflito e as xestións paralelas chocan, ofrecéndolles ós concelleiros do PP a ocasión de marca-lo rumbo a seguir neses puntos conflictivos.

Nos medios de comunicación predomina, xa que logo, unha imaxe de xestión conflictiva dun concello,

o de Vigo, por outra parte moi rico en problemas acumulados por decenios de falta de xestión eficaz. Imaxe tamén de conflito en Pontevedra, aínda que aquí non se trate de problemas de xestión: as propostas do grupo nacionalista non atopan practicamente alternativa seria, dada a inoperancia dos grupos popular e socialista. Pero si abundan os choques entre dúas imaxes dunha capital provincial e ás veces provinciana, onde un sector da poboación outorga valor de símbolo a cousas como as corridas de touros, os bailes do casino ou a presenza do alcalde á fronte dunha procesión.

Os grandes proxectos

Máis aló dos pequenos e grandes problemas dos servicios máis próximos ós cidadáns que xestionan os concellos, a administración central e maila autonómica están arestora embarcadas en importantes proxectos que nos teñen a todos preocupados por un lado e esperanzados por outro. Ó longo do verán repetíronse os consabidos problemas de construción da famosa Autovía do Noroeste, oficialmente rematada duascenas veces e extraoficialmente demorada outras tantas. Agora prometen para fin de ano a posta en servizo dos treitos ó aire libre e para o verán que vén, ó redor das eleccións, os que discorren baixo terra.

Mentres tanto, entre voltas e reviravoltas ultiman o trazado da Autovía Transcantábrica, entre Ribadeo e Baamonde, para enlazar coa Autovía do Noroeste, deixando insatisfeitos ós que desexaban que seguise pola costa ata Ferrol. Para contentar os veciños desta bisbarra empezan os traballos, tamén moitas veces anunciados, para facer unha autovía primeiro ata As Pontes (e despois ata Vilalba). E seguen os trámites para poñer en marcha as obras da Autoestrada Santiago-Lalín-Ourense e para completa-la Autoestrada A-9 polo sur ata o Miño e polo norte ata Ferrol.

E, finalmente, segue a febril actividade para concreta-los proxectos que permitirán, algún día (din que no 2007), chegar en tren de calquera cidade galega a Madrid en menos de catro horas. Séguenlle chamando Tren de Alta Velocidade, aínda que partindo destas propias promesas calquera chega á conclusión de que a media de circulación non chega ós 150 quilómetros por hora: ¡quen no-lo dera xa! Para as próximas semanas está anunciada a sinatura do convenio entre a Xunta e mailo goberno central para este grandioso proxecto, que suporía investir case un billón de pesetas en sete anos para facer unha dobre vía de ancho europeo e electrificada entre Madrid e mailas principais cidades galegas; ó que habería que engadir máis de cen mil millóns de pesetas para melloras na vía férrea

tradicional interior galega, á que se engadiría un novo treito, entre Ordes e Curtis, para conectar Santiago e Lugo por tren.

Compostela 2000

Con estes soños e proxectos, ímoslle pondo remate a este ano 2000, o da tan célebre capitalidade cultural en Compostela. A cidade e toda Galicia recibiron este ano moitos visitantes, gracias á dinámica que se arrastra da forte promoción turística de anos anteriores. En canto ás celebracións deste ano, tiveron forte presenza nos medios de comunicación de Madrid as celebracións do Compostela Millenium, que tiveron relativamente menor eco dentro de Galicia.

Tamén foi tema de constante actualidade a muralla de Lugo. A súa aspiración a ser recoñecida como parte do patrimonio cultural da humanidade, dentro do catálogo da UNESCO, deu pé á singular e espectacular iniciativa de rodeala dun muro de medio millón de libros. E, como non podía ser menos, o evento rematou cunha celebración gastronómica, que respondeu ó eufónico nome de “comilonium”, cinco mil persoas xantando en mesas colocadas ó redor da muralla un menú con produtos do país, preparado por 17 restaurantes de Lugo.

E seica que para poñernos á altura europea, os nosos coches comezaron estes días a levar unhas

novas placas de matrícula, nas que figura a estrela azul da bandeira europea ó redor do E de España. Ós gobernantes de Madrid, con Mariano Rajoy á cabeza, pareceulles absurdo poñer nas novas placas calquera sinal de identidade coa comunidade autónoma, seica iso resulta tan provinciano, igual ca fan en lugares tan atrasados como Alemaña, Francia,

Italia, Austria ou Noruega, polo menos. Claro que neses países atrasados, para responder á queixa dos que venden coches usados (que non os poderían vender de Cataluña en Madrid ou viceversa), fan cambiar a placa do coche cada vez que cambia de dono ou que este cambia de lugar de residencia. Iso si, sen que a administración cobre un can por iso.

Agustín DÍAZ



¿Humanidades?: si, gracias

Por Xoán BERNÁRDEZ VILAR

Digamos, para entrar en materia, que por *humanidades* se coñecen precisamente as disciplinas máis directamente relacionadas coa cultura. É dicir, cando menos, a literatura, a historia, a filosofía, e os estudos filolóxicos, aínda que lle poderíamos engadir algunhas máis, o que nos permite enxergar perfectamente a auténtica dimensión do problema. Así mesmo, *humanismo*, ven ser o estudio das humanidades, ademais do das correntes do pensamento que se decantan cara a calquera ideal do ser humano.

A orixe destes conceptos hai que buscala nas inquietudes dos

primeiros renacentistas italianos –século XIV– fundamentalmente interesados no ser humano en si, e no seu coñecemento a través dos grandes mestres da antigüidade clásica. Francesco Petrarca (1304-74) foi un dos ideólogos deste movemento ó formular as pautas do mesmo na procura da “restauración, renacemento e rehabilitación do ser humano”.

Agora ben, nas últimas décadas produciuse un acusado recorte destes saberes no ensino, quizá porque se considerou que había outros, especialmente os máis próximos ás ciencias empíricas e á técnica, máis acordes cos tempos que estamos a

vivir. Foron, sen embargo, moitas as voces que alertaron de inmediato acerca do perigo que supuña esta parcialización do coñecemento. E o tempo estalles a dar a razón, xa que tal actitude parece ser a responsable da subversión ética e da insolidariedade e o materialismo da sociedade actual, na que se tende a primar como válido nada máis que aquilo que conduza ó éxito.

Aplaudimos, pois, unha regulación, ou recuperación, do ensino das humanidades, cara ós principios básicos do humanismo, “restauración, renacemento e rehabilitación do ser humano”. Estaríamos tolos se non o fixesemos. Mais rexeitamos, claro está, que coa desculpa de corrixir os desvíos actuais, se nos traten de vender unhas humanidades descafeinadas, manipuladas, sectariamente dirixidas, ou mesmo fundamentalistas, que non poden servir senón para agravar a situación. Se algo grande trouxo o Renacemento italiano foi a demostración de que a liberdade, o coñecemento e o raciocinio, eran capaces de abrir un novo e admirable camiño para todos.

Luce Irigaray puxo, no seu momento, no lugar que lles correspondía tanto a feministas como a machistas, ó lles lembrar a ambos movementos o indispensable que resulta o respecto ós dous xéneros. Do mesmo xeito, tampouco se pode tratar de introducir agora ningún humanismo excluín-te. Non se po-

den, por exemplo, considerar válidos os equilibrios cronolóxicos e filolóxicos que se teñen feito para tratar de levar ós tempos máis antigos o *Poema de Mio Cid*, ou tratar de facer pasar as *jarchas mozárabes*, escritas no século XI en territorio musulmán, como amosas dun primitivo idioma castelán, como pretenden algúns investigadores (¿?), mentres que para aquel famoso documento latino do século IX no que aparece a frase “et duas campanas de ferro”, se busca a curiosa explicación de que tales palabras non son galegas, senón o latín que daquela se falaba en Galicia.

É tamén sumamente cuestionable esa dogmática afirmación, hoxe tan socorrida polos defensores de certas tendencias, de que o Códice Emilianense, redactado no ano 964 no mosteiro de San Millán de la Cogolla, territorio entón navarro, que viña recibindo doazóns dos reis navarros dende o ano 927, data da súa posible fundación, conteña nas súas marxes as primeiras anotacións escritas do castelán. É sumamente cuestionable, repetimos, e nunca artigo de fe, dado que soe silenciarse ó mesmo tempo o feito de que tales palabras parecen máis ben pertencer ó navarro-aragonés, e que onda elas hai outras do idioma vasco.

Basten estas alusións para que comprendamos o necesario que re-

sulta que o coñecemento estea sempre referendado pola procura da verdade. Polo tanto volvemos dicir: ¿Humanidades? Si, gracias. Trangalladas, non.

Artes Plásticas

Alá polo ano 1410 o cardeal francés Pierre d'Dailly rematou unha monumental obra xeográfica á que denominou *Imago Mundi*, ou Imaxe do Mundo, casualmente unha das máis utilizadas por Cristovo Colón. Pois ben, estes días acaba de ser instalado en Baiona, un monumento denominado tamén Imago Mundi. Trátase dunha fermosa alegoría, no alto da cal aparece a reprodución da famosa esfera armilar do astrónomo danés Tycho Brahe (1546-1601). Con este monumento preténdese facerlle unha homenaxe ós mariñeiros baioneses Vasco Galego e Diego Carmona, que acompañaron a Fernão de Magalhães e a Juan Sebastián Elcano na primeira viaxe arredor do mundo dos anos 1519-22. A obra foi realizada polos mestres fundidores Ricardo Fernández Lago e Francisco Beneito.

Belén Padrón con *Fragmento:cinco segundos* foi a vencedora do primeiro premio de pintura Eixo Atlántico. A mellor obra portuguesa foi *Reinado Azul* de Henrique do Vale, e *14.000 samples*, de Brais Rei, a mellor galega.

Houbo mencións especiais para *Paixóns catódicas*, de Eva Espinosa, e *Conversa de Emeritas*, de Rosa Ubeda.

A Real Academia Galega de Belas Artes ven de convocar o seu III Salón de Outono de Pintura 2000. Haberá catro premios, o primeiro de 2.000.000 de pesetas. A recepción das obras entre o 2 e o 13 de outubro. Mais información Teléfono e Fax: 981 211602.

Audiovisual

O pasado 23 de xullo o Concello de Bande rendelle unha homenaxe ó gaiteiro e zanfonia Faustino Santalices, Fillo Predilecto da vila. Con este motivo foi presentada unha biografía do mesmo, obra de Antón Seoane. E anunciase a saída da inmortal interpretación de Santalices do romance xacobeo *Don Gaiferos de Mormaltán*, na que, gracias ás modernas técnicas de gravación, vai ser acompañado por unha agrupación tan senlleira e emblemática no noso país como Milladoiro. Faustino Santalices Pérez nacera en Bande no ano 1877 e morreu en Madrid no 1960. Licenciado en Dereito en Santiago, foi tamén membro da súa Tuna, e compilador da nosa música tradicional e investigador. Foi tamén Primeiro premio Internacional de Instrumentos Antigos en 1949. Ademais de levar a zanfona á súa máxima

expre-sividade, Santalices fixo tamén, hai xa máis de cincuenta anos disto, a pesar da precariedade dos medios de reprodución fonográfica entón existentes, *dúos de gaita*, interpretados tan só por el. Dicímolo para lembranza dos musicólogos, porque estes discos existen aínda, e poden ser escoitados e admirados.

O selo discográfico Green Linnet vai editar nos Estados Unidos un traballo da gaiteira Susana Seivane, estrela nunha morea de concertos este verán e portada da revista británica Folk Roots.

Banda Deseñada

Organizado polo seu Concello -o alcalde Francisco Vázquez é un incombustible coleccionista da novena arte-, tivo lugar na Coruña unha nova edición de *Viñetas desde o Atlántico*, un xa importante festival de Banda Deseñada, como o demostra o feito de ter sido visitado por máis de sesenta mil persoas. A organización e as exposicións foron de calidade, así como a revista editada pola organización. Nel foi presentada a opera prima do profesor pontevedrés Fran Jaraba, *Cita na Habana*. Entre os moitos persoeiros presentes na Mostra cabe citar a Don Rosa, criador do tío Gilito, Karasik, Carlos e Juan Giménez, Jason Lutes, ou Daniel Torres. Nós, sen embargo, destacamos a asistencia do editor Antonio Martín, des-

cupridor do primeiro cómic galego e investigador audaz neste mundo da revista ilustrada, quen, ademais, pode presumir de ter completa a colección da revista *Chicos*, a de maior calidade e prestixio de cantas se editaron no Estado.

O 13 de setembro, á idade de 73 anos, finou en Valencia un membro da vella garda do cómic, Rafael Miguel Catalá Lucas, máis coñecido como Karpa, un dos debuxantes e guionistas que na Editorial Valenciana se ocuparon do personaxe *Jaimito*, e outros moitos. Nacido en Nules, Castelló, Karpa estudiara na Escola de Belas Artes San Carlos. E desde 1981 estivo a deseñar numerosos taboleiros para os Xogos Reunidos.

Cine e Teatro

A empresa galega *Continental* vai producir un guión baseado na novela *O alquimista paciente*, gañadora do pasado premio Nadal. Será dirixida por Patricia Ferreira, responsable da fita *Sei quen es*, da que xa nos ocupamos favorablemente no noso último comentario.

O grupo Casa Hamlet deu un recital-concerto de actores no Auditorio de Cervo o pasado mes de agosto. Esta audición, na que se combina a lírica medieval e romántica coas músicas galega e bretona, foi unha repetición da ofrecida polo grupo nos encontros de teatro cele-

brados na casa de María Casares, en Francia.

Entre o 19 e o 25 de xullo pasado desenvolveuse a Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia. Nela, catorce compañías de diferentes partes do mundo representaron non só obras convencionais senón tamén teatro infantil e títeres.

Na Semana de Cine de Chantada, ademais de renderse un tributo a Chano Piñeiro, foi premiada como mellor curtametraxe, *O Matachin*, de Pepe Coira.

Cun orzamento de trescentos millóns de pesetas deu comezo a rodaxe nas rúas de Vigo do filme *Lena*, que dirixe Gonzalo Tapia e producen Antón Reixa e Piluca Baquero.

Tivo lugar en Lugo a Semana Internacional de Cinema de Autor, coa proxección de diversas fitas senlleiras, ademais dun ciclo de cine infantil e unha mostra sobre Luis Buñuel.

Cando este número de *Encrucillada* saia do prelo estarase a celebrar, tamén en Vigo, a II Mostra de Cinema Latinoamericano, coa proxección de curtametraxes, longametraxes e vídeos.

O grupo *Artello* ven de actuar en Brasilia, no Festival Internacional de Teatro de Bonecos da capital brasileira, ó que concorreron representantes de quince países. A obra

por el representada foi *Unha de Amor*.

Co apoio do IGAEM reviven de novo os *Cadernos de Teatro*, dos que se publicaran 105 números ata 1995. Continúa na dirección o autor Francisco Pillado, coa colaboración do director e actor Manuel Lourenzo. O novo número destes Cadernos contén as obras *Crisálidas* de Xesús Pisón e *Mumias no país de Luzetzo*, de Henrique Rabuñal.

O pasado día 14 de setembro estreouse na Coruña a obra *Ninguén chorou por nós*, Premio Rafael Dieste de 1998. O seu autor, Miguel Sande, dedícaa a Uxío Novoneira, dun verso do cal tirou o título da mesma. A representación correu a cargo do elenco do Teatro Bruto.

Congresos, comunicacións

A *Asociación Rosalía Castro* de Cornellá (Barcelona) ven de convocar o seu *XIV Concurso de poesía*. Con tema libre e un máximo de 100 versos, as obras deberán de se remitir por triplicado antes do día 30 de outubro.

A *Fundación Lea* de Compostela convocou o seu IV Premio de Investigación para traballos relacionados coas disciplinas de Biotecnoloxía e Medio Ambiente. Os participantes deberán de enviar as obras en galego e castelán antes do 31 de decembro próximo.

A *Federación de Centros Xuventís Don Bosco* de Galicia convoca unha xuntanza dos seus centros asociados para o próximo 22 de outubro, domingo. O lugar será o Centro Don Bosco de Compostela, rúa Belvís, número 2. Os temas serán a revisión do curso 1999-2000, a programación para o actual, consideración dos distintos relatorios, outras informacións e convivencia e intercambio. Mais información no teléfono 986 225 662. Correo electrónico: *cxaberta@teleline.es*.

A *Comissão Nacional para as Comemorações do Centenario de Eça de Queirós*, acaba de convocar un premio de ensaio na honra do ferrolán Ernesto Guerra da Cal, sobre a obra de Eça de Queirós. Os traballos deberán de se enviar á Biblioteca Nacional, Lisboa, antes do 31 de decembro.

Decesos

O pasado mes de xullo deixounos o poeta Xosé Anxel Valente, recente Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago. As súas cinzas descansan dende o día 27 dese mesmo mes no cemiterio San Francisco de Ourense. A universidade compostelá decidiu crear unha cátedra de Estética e Poesía co seu nome e acollerá os sete mil volumes a ela doados polo finado.

Uns días despois, o 22 do mesmo mes, deixounos tamén Carmen Martín Gaité, compartidora con Valente do Premio Príncipe de Asturias das Letras, en 1988, e tamén Premio Nadal en 1957, e Premio Nacional de Literatura en 1978 e 1994. Moi vinculada á poetisa M^a do Carme Kruckenberg, esta publicou ó día seguinte un fermoso e sentido panexírico sobre a extinta autora e amiga.

Etnografía

O mosteiro de Oia, no sur da costa galega, vai ser rehabilitado e convertido nun hotel con 150 cuartos e instalacións de talasoterapia, piscinas, pistas deportivas, etc. Un grupo bancario vai ser o responsable da recuperación deste vello cenobio cisterciense, que conta con construcións mesmo do século XII, e foi famoso en pasadas centurias porque os seus monxes se defenderon artilleiramente do acoso dos piratas berberiscos. A cativa vila de Oia será directamente beneficiaria por esta importante inversión lúdico-cultural.

Aínda que as nosas prospeccións arqueolóxicas non son o abondosas que necesitaríamos para poder penetrar axeitadamente no coñecemento do noso pasado, acaba de se explorar en Vilaselán, Ribadeo, o ata este momento máis antigo asentamento humano do país.

Corresponde a xentes da especie *Homo erectus*, que viviu na nosa terra arredor do ano 350.000 a.C. O achado, no que se atoparon raspadores, raedeiras, bifaces e fendedores, utilizados para o tratamento de peles, parece ser un dos máis extensos da nosa área.

Sen espacio para nos ocupar delas citemos sequera, a causa da súa relevancia e calidade, as distintas celebracións que relacionados con esta parcela, houbo no país ó longo deste verán: o Lugnasad, ou festa do deus Lugh (Bretoña), Romaría Celta (Arcade), Festivais Celtas (Ortigueira e Moaña), Folión Castrexo (Celanova), Romaría Viquinga (Catoira), Festa da Hestoria (Ribadavia), os Mercados Medievais (Pontevedra e a Coruña) ou o Festival Folk do Condado (Pontearreas). Vaian tamén as nosas desculpas por se nos quedou algunha no tinteiro.

A gaita vai ter rango universitario en Escocia, coa inmediata creación da primeira cátedra do mundo dedicada a este instrumento. A nova carreira constará de catro cursos que impartirá tamén coñecementos sobre a súa tecnoloxía, a súa construción e leccións sobre folclores escocés e galego.

Por terras de Chantada e Belesar estase a tentar a recuperación das chamadas *Barcas do Miño*, cunha idea que se trata de facer

chegar tamén á ribeira portuguesa. O proxecto comeza coa recuperación das barcas da Ribeira Sacra, das que quedan pouco máis de media ducia. Unha iniciativa que pode cristalizar na creación dun museu etnográfico de auténtico interese.

Un achado arqueolóxico de auténtica importancia acaba de se producir no mes de setembro na viguesa parroquia de Alcabre, a causa das obras de construción nela do Museo do Mar de Galicia. Trátase, nada menos, que dun castro non romanizado, na datación e documentación do cal traballa agora un equipo de arqueólogos. O seu descubrimento, ademais da ampliación do coñecemento histórico do noso pasado, debería permitir contar na mesma área con dous focos culturais tan relevantes como son o do mundo castrexo e o do Mar. E por se algún dos responsables pensa que non debería ser así, remitímolos ás moitas realizacións que no mundo permitiron alternancias semellantes, como por exemplo, nos metros de Roma e Atenas, ou na famosa Estación Termini romana, na que os pasaxeiros poden contemplar *in situ* os restos arqueolóxicos atopados durante a súa construción.

O arquitecto e autor Xaime Garrido, acaba de chamar a atención sobre a importancia da muralla existente no alto do monte Aloia,

en Tui. Unha construción con máis de tres quilómetros de cumprimento para a que reclama maior atención e investigación, pois é posible que no seu interior houbera unha cidade, quizais a Alóbriga ou Abóbriga citada nos textos clásicos.

As Letras

O Premio de poesía *González Garcés*, convocado pola Deputación da Coruña, foi para *Campos Sesgados*, cen poemas de desalento e absurdo, do coruñés Manuel Alvarez Torneiro.

Alberte Román Losada foi o gañador do premio de poesía da Agrupación Cultural O Facho da Coruña, coa súa obra *Salmatu*. O accesit foi compartido por Lucía Novas, de Bueu, e Xosé Manuel Outeiro, de Ourense.

O profesor Gonzalo Navaza ven de gañar a VIII edición do Premio Martín Códax de Poesía, coa súa obra *Libra*. Para este autor, con algúns premios xa sobre as súas costas, “nas palabras está o mundo. O que non se pode dicir con palabras, simplemente non existe”.

Xosé Vázquez Pintor, co seu poemario *Banzados*, foi o vencedor do Premio de poesía Uxío Novoneira do Concello das Pontes, fallado no pasado mes de xullo.

O Día das Letras Galegas do ano vindeiro, será dedicado ó xornalista, poeta e investigador ourensán, Eladio Rodríguez González. Nacido en Leiro, Ourense, o 27 de xullo de 1864, o señor Rodríguez González foi moitos anos funcionario municipal na Coruña. Colaborou en numerosos xornais e revistas; foi poeta moi premiado, e, ó mesmo tempo un dos 40 fundadores da nosa Real Academia, da que sería secretario e, posteriormente, presidente, entre os anos 1926 a 1934. A súa obra máis coñecida é o *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, publicado en 1958 pola Editorial Galaxia, nove anos despois do pasamento na cidade herculina do seu autor. Trátase dunha obra básica para o estudio da nosa filoloxía, a nosa etnografía e aínda a nosa historia, que estaba pedindo a gritos a súa reedición.

Música

O grupo vigués *Alén* ven de gañar o II Certame de Galicia Sonskolk celebrado o pasado mes de agosto en Pontevedra, patrocinado pola compañía discográfica Sons Galiza, en colaboración cos concellos de Xinzo de Limia, Pobra de Trives, Sarria, Ferrol, Pontevedra, o IGAEM, e *Estrella Galicia*.

A *Orquestra Sinfónica de Galicia*, xunto coa coral Andra Mari

de Rentería, fechou o pasado 29 de Agosto no Auditorio de Galicia a apertada programación dos vinte e sete días do *Compostela Millenium Festival*. Calcúlanse nunhas cen mil persoas as que acudiron a estes actos culturais.

O pasado día 15 de setembro despediuse o grupo musical *Muxicas*, logo de vinte fructíferos anos de actividade. O lugar o Centro Cultural Caixanova, de Vigo. Foron acompañados pola Coral de Beade, as Cantareiras do Berbés, varias roldas olímpicas, e o público. *Muxicas* editou oito discos e apostou sempre pola música e os instrumentos autóctonos.

Novas en xeral

A *Renfe* e *A Nosa Terra* promoveron este verán unha exposición itinerante acerca de Castela, na que foron dados a coñecer o perfil do desaparecido persoeiro e a súa transcendencia histórica. Ó mesmo tempo, repartíronse de balde, entre os viaxeiros do ferrocarril, libros cos principais contidos da exposición e unha cronoloxía de Castela. Colaborou, así mesmo, nesta iniciativa o grupo de música de cámara *Solistas de Galicia*, interpretando música popular nas inauguracións en Santiago, Coruña, Vigo, Pontevedra, Ourense, Monforte, Lugo e Ferrol.

A Editorial Galaxia, de Vigo, e a Fundación Caixa Galicia, da Co-

ruña, recibiron no pasado mes de maio, xunto con outras entidades e artistas do Estado, a medalla de Ouro das Belas Artes, en recoñecemento da súa actividade creadora.

No ano 1963, logo de varios de traballo, na fábrica de camisas Regojo, en Redondela, construírse o primeiro telescopio con montura ecuatorial de Galicia e do Estado, con nada menos que sete metros de altura, e un obxectivo reflector de 220 milímetros, destinado ó Observatorio Astronómico de Compostela. O milagre debeuse ás inquietudes do profesor Lois Estévez. O feito, que daquela tivera unha enorme resonancia informativa, acaba de ser recuperado do esquecemento por un grupo de alumnos do Instituto.

Varia

Fernando Caldeiro Caínzo, o noso primeiro astronauta, a alpinista Chus Lago Rei, a primeira galega e segunda do mundo en coroar o Everest sen osíxeno, o escultor Francisco Xosé Leiro, Alvaro Campos, impulsor da nosa cultura entre os emigrantes, o filólogo Elixio Rivas Quintás, o economista Xoán Ramón Quintás Seoane, o empresario Carlos Martínez Pérez-Mendaña, líder en Europa na edición de directorios telefónicos e guías, o filósofo Carlos Amable Baliñas Fernández, do Instituto Padre Sar-

miento, e Alfonso Zulueta de Haz, vicepresidente do Consello da Cultura Galega e presidente da Editorial Sept, foron galardoados o pasado mes de xuño pola Xunta con senllas Medallas Castelao do ano 2000.

Mais de 200 persoas asistiron ós debates do Foro da Cultura celebrados en Compostela ata do pasado 28 de agosto. Os asistentes, ademais de alertar acerca das graves dificultades ás que segue sometida a nosa cultura, esixiron das institucións, especialmente á nosa TV, a promoción e o compromiso coa cultura galega. O Foro reclamou tamén as necesidades de adoptar unha normativa consensuada para a lingua, e de que as institucións promocionen o libro e a lectura, así como a consolidación dunha cultura urbana galega comprometida coa historia cultural do país, ou a introducción de novos xeitos de relación co patrimonio cultural.

Don Paco Fernández del Riego, o actual Presidente da Real Academia, home que dedicou toda a súa xa longa vida á defensa e

promoción da nosa cultura, acaba de ser obxecto dunha máis que merecida homenaxe en Vigo. Nada menos que a tan agardada praza Elíptica da cidade olívica, recentemente inaugurada, leva dende hai unhas semanas o seu nome, ademais do seu busto, esculpido en ferro por Alvaro González de la Vega. Vigo xa lle concedera con anterioridade a Medalla de Ouro da cidade, e a súa Universidade o seu primeiro doutoramento *Honoris Causa*. ¿Mais longa vida aínda, don Paco!.

O Mércores 13 de setembro inaugurouse en Vigo a exposición *Palabras para un País. Editorial Galaxia 1950-2000*. Con ela preténdese conmemorar os cincuenta primeiros anos desta Editorial, fundada o 25 de xullo de 1950 no Hotel Compostela da cidade do Apóstolo. A exposición recolle puntualmente os feitos máis puntuais do período, cousa que pode seguirse, ademais, polo exhaustivo folleto que con este motivo se publicou. A exposición seguirá despois polas principais vilas do país.

Xoán BERNÁRDEZ VILAR

Mini-Rolda galega co beato “Papa bo” ó fondo

Por Victorino PÉREZ PRIETO

*No necesario, unidade;
no discutible, liberdade;
en todo, caridade*
(Sto Agostiño)

A beatificación do bo papa Xoán, aberto e tolerante, e , por outra banda do autoritario Pío IX, foi a noticia de Igrexa fundamental nestes últimos meses. Non imos titular como algunha columna xornalística “A beatificación do bo e o malo”, por non caer en maniqueísmos demasiado doados, pero case... Sospéitase que a beatificación de Pío IX é o prezo que Xoán Paulo II ten que pagar para contrarrestar a de Xoán XXIII, o profeta dun Concilio aínda sen dixerir por una parte importante dos poderes da Igrexa, empeñados en que as cousas volvan ó rego, e a Igrexa se governe como se ten que gobernar: con autoridade monárquica. En calquera caso, a revista Internacional de Teoloxía *Concilium* manifestou con tristura que “A beatificación de Pío IX causaría un dano considerable á Igrexa católica”, particularmente polo antiecumenismo do pontífice, sobre todo en relación

cos xudeus. O Consello Editorial desta revista católica manifestou que “Pío IX se opuxo máis que ningún papa a tódolos movementos intelectuais e culturais que eran favorables á Reforma. Opúxose especialmente á liberdade de conciencia... baixo a súa xefatura desenvolveuse na Igrexa un sistema absolutista”. Aínda que foi como se chovera, unímonos a este sentimento que percorreu a Igrexa nos meses antes da beatificación.

Pero esta Rolda leva, ademais, ese título de “mini” porque o tempo non lle deu para máis ó *roldeiro* neste ocupado verán. Recóllense só as novas da Igrexa de Galiza nas súas distintas dioceses. Novas ás que compre sumar a sempre refrescante celebración da Romaxe, que este ano xa fixo o seu número XXIII, co ilusionante e esperanzador lema “Os tempos son chegados”, a pesar do incerto resultado dos esforzos galeguizadores da Igrexa, tal como reflexa o balanço do Bienio Irmandiño, convertido en “Asociación promotora das relacións Fe e Galeguidade Bienio Irmandiño”.

Santiago

A noticia máis salientable da Igrexa compostelá nestes últimos meses foi a **agregación do ITC** (Instituto Teolóxico Compostelán) **á facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Salamanca**, a finais do pasado curso e tras varios anos de xestións. Co definitivo si da “Ponti” os estudantes xa poderán facer, se queren, a Licenciatura en Santiago sen ter que acudir a Salamanca. Sen dúbida cómpre atribuír parte de este éxito á boa xestión de Segundo Pérez, o actual Director do ITC. Pero non debeu pesar pouco o feito do prestixio da Arquidiocese Compostelá, aínda que non se conseguira facer realidade o vello proxecto de converterse o centro de estudos Compostelán no verdadeiro Centro Teolóxico de Galiza, polo que moitos loitamos

hai anos. O noso correspondente comenta con ironía ¡Como ía seguir o centro teolóxico da “archi” coa mesma categoría que xa adquiriron os centros de Ourense, Lugo e Tui-Vigo! De todos os xeitos, compre felicitarmonos, pois pode ser un paso moi positivo de cara a un centro teolóxico serio na Igrexa galega, se é que as xerarquías non lle coutan tódalas ás ¿Como se pode facer teoloxía sen liberdade? Parece que non tódolos teólogos galegos teñen cabida nas aulas do Centro...¿Ou si? ¡Oxalá!

Noticia semellante é tamén a creación doutro **Instituto Teolóxico de Ciencias relixiosas no Fogar de Santa Margarida**, na Coruña. Sexan cales sexan as razóns, pode ser un espacio máis para o acceso dos leigos á teoloxía; tampouco lle sobrarán ós seus curas, moitos ancorados aínda na vella

escolástica, e os máis novos na *teoloxía do folio*.

Nos locais do mesmo Fogar de Santa Margarida foi a finais de Agosto a **XV Semana de Teoloxía e Pastoral** co suxerente tema: “Pertencer á Igrexa, ser Igrexa”. Os relatorios de Casiano Floristán e Manuel Longa, sumáronse as comunicacións de “Somos Igrexa”, “Parroquia e marxínados”, testemuñas persoais, etc. Contouse cun aforo que encheu a sala, sobre todo por parte de leigas e monxas e algúns leigos e curas.

No ITC celebráronse as **XXXIII Xornadas de Teoloxía**, co tema “Ser cristián no século XXI. Reflexión sobre o cristianismo que ven”. Contaron con bos relatorios (J.M. Sánchez Caro, L. González Carvajal, Isabel Gómez Acevo, Alfonso Pérez Laborda...) e moitas comunicacións, ademais dunha gran afluencia de xente, tendo que colocarse cadeiras e dúas grandes pantallas fora da sala de conferencias.

Tamén no eido da formación, foi noticia o nomeamento de **Bartolo Sánchez Canals como rector do seminario Maior de Santiago**. Agardamos que non perdera as vellas apostas galeguistas que compartimos nos anos de estudio nese Seminario, cando Bartolo era Bartolo e eu só estaba iniciándome no galego.

E, en fin, outra convocatoria importante na formación relixiosa foi a **VIII Semana da Formación Permanente dos cregos de Galicia**, a mediados de setembro e como cada ano en Poio. Este ano o tema era “Eucaristía e ministerio sacerdotal. A eucaristía corazón da liturxia”.

Unha noticia menos leda para rematar é o **peche da igrexa das Capuchinas da Coruña**, que viña sendo cada domingo, nos últimos tempos, o espazo para a Misa galega de Manuel Espiña e súa comunidade “Home Novo”. O templo era atendido desde hai dez anos por outro cura, Gonzalo López, sendo un espazo de acollida para mozos e adultos, ademais de centro de culto. Parece ser que isto creaba conflitos inconfesados coas parroquias veciñas, que vían diminuír a súa clientela. A razón esgrimida para tal peche foi o deterioro da magnífica fachada de Casas Novoa, aínda que, como nos contan os amigos da Coruña, en realidade non corría perigo ningún. O arcebispo seica dixo que, tras da reparación que lavará a cabo o Concello, quedaría a disposición da veciña parroquia de San Nicolás.

Tui-Vigo

Na diocese tudense seica tiveron **un verán moi repousado**, en contra do movido que resultara o anterior, en canto cambios e

nomeamentos. “Mágoa que unha das causas de tanta mobilidade, non fose simplemente relixiosa, nin político-eclésiástica, senón os problemas persoais derivados da lexítima afectividade dos cregos”, comenta o noso correspondente Santi Avión. O vello problema do **celibato dos cregos**. El mesmo, ben preparado teolóxico e pastoralmente, non pasou do diaconado porque se topou cunha fermosa muller por compañeira; outros colegas non acabaron os estudos pola mesma razón, e outros abandonaron xa de curas. “Iso que xa non vivimos nun Seminario no que poidamos afirmar que non sabiamos o que fose o mundo – comenta– ou a convivencia diaria con xente de distinto sexo, ou como funcionaba a pastoral da Igrexa. Por min non o sinto, pero non podo dicir que non o sinta pola nosa Igrexa”.

Unha vez recoñecidas as dificultades para facer un seguimento dos aspectos persoais que afecta á pastoral, infórmanos de que se pode dicir que “a Diocese, despois dun trienio ben definido pola propia dinámica da preparación do xubileo e polo desenvolvemento dun plano de Pastoral ben articulado polo Vicario Xoán Andión, apoiándose en bases amplas e de consenso, chega ó tempo de procurar novas metas e novos derroterios”. Pero parece ser que “hai un certo compás de

espera”, marcado polo ritmo do Xubileo, “porque mentres dura sabemos cal é o cometido”, pero sen ningún entusiasmo pola nova andaina e por saber dos retos que toca acometer. E **¿quen foi de Vigo á Romaxe?** Os vellos coñecidos, os galeguistas de sempre, aínda que parece ser que con algunha máis xente. Iso si, segue a ser a Parroquia do Cristo da Victoria quen máis xente manda; pero poucos dos curas máis comprometidos coa lingua, tanto na vida como na liturxia. O noso correspondente suscita unha curiosa pregunta: “¿Por que as parroquias máis galeguizadas (as que teñen liturxia *só* en galego) non acoden á Romaxe e, en troques, a parroquia do Cristo da Victoria, tan desgaleguizada como as restantes parroquias de Vigo, abandeira sempre o galeguismo oficial dos nosos pagos?”. “Son xa tempos de diferenciar entre o progresismo (e esa fama está solidamente gañada pola parroquia de Coia) e o galeguismo –segue–, que nin sempre é tan progresista, pero desde logo non utiliza a lingua como ritual ou como sinal de identidade, senón tamén como *lugar* no que se vive”. Boa cuestión, xulgue o lector.

Ourense

O correspondente na cidade das Burgas, Xosé Manuel Domínguez, coméntanos que desta volta hai unha verdadeira noticia

de alcance na diocese de Ourense: co lema "Escoita, celebra, anuncia", nos vindeiros tres anos de programación diocesana, **vaise preparar un Sínodo Diocesano**. En realidade, este Sínodo estaba programado polo bispo anterior, Xosé Diéguez, para hai xa tres anos e pico, xusto cando, dun xeito inesperado, foi removido da súa cadeira episcopal e remesado a Vigo. "¿Espertará esta diocese co Sínodo?", pregúntase. Oxalá.

Outras novas. Os **obxectivos diocesanos para este curso** son, en síntese: potenciar o coñecemento da Escritura, crear tempos e canles para facilitar a lectura, escoita e contemplación da Palabra; coidar especialmente a proclamación da Palabra nas celebracións litúrxicas e promover a dimensión misioneira da Igrexa.

Parece que vai ben o *Instituto Superior de Ciencias Relixiosas a Distancia San Martiño* (extensión do de San Agustín de Madrid), que conta con cento e pico alumnos. Ademais dos que preparan a DEI para poder dar clases de Relixión no Ensino, hai outros alumnos e alumnas cursando Ciencias Relixiosas, e o centro comeza a promover actividades na cidade.

Ferrol

Na diocese de Mondoñedo si que tivemos nos últimos tempos

unha verdadeira remoción nos cargos diocesanos. Cambiaron os Vicarios territoriais, o Secretario de Pastoral, o Delegado de Catequese, os titulares de varias parroquias... A impresión causada nos diocesanos é dun "a este quítoo de aquí e póño alí, e o que estaba alí tráioo para aquí", no estilo do seu bispo de mover constantemente á xente. Con todo, é unha raiola de esperanza o feito de que o novo Vicario Territorial da zona da Coruña sexa un cura aínda novo, Toño Basanta, e que o Secretario de Pastoral sexa un cura aínda máis novo, Gonzalo Varela (menos de corenta anos); ambos teñen un talante galeguista e téñoos por bos amigos. Oxalá acerten a meter esperanza e renovación na vida diocesana; porque o máis grave é a indiferencia da maioría dos axentes, e aínda o temor que manifestan algúns curas ante o bispo e a diocese.


Outras realidades esperanzadas foron neste verán o numeroso grupo de nenos de toda a diocese que participaron no Campamento Diocesano e o encontro de Dumio no vello mosteiro de Vilanova de Lourenzá, que xuntou un ano máis un grupo de mozos para convivir e compartir actividades e seminarios ao longo de varios días.

No mesmo lugar foi semanas despois o encontro de convivencia,

reflexión e oración que organiza desde hai varios anos a Asociación Irimia. Nesta ocasión, participaron unhas trinta persoas entre adultos,

mozos e nenos. Axudou a conducir o encontro o que isto escribe co tema “Seguir a Xesús polo camiño das Benaventuranzas”.

Victorino PÉREZ PRIETO



GONZALO VARELA ALVARIÑO, *Os que são chamados*. Paulinas, São Paulo 1999, 224 páxs.

Non estamos a comentar un libro que acabe de saír do prelo, senón a edición brasileira dun libro editado en España hai máis de cinco anos (*Los llamados. Apuntes para una pastoral vocacional*, San Pablo, Madrid 1994; edición que, seguramente, lle será máis doada de conseguir ao lector de aquí). Pero dáse a particularidade de que o seu autor é un clérigo galego; e, ademais, compañeiro diocesano do que isto escribe e amigo. Todo iso fai desta edición algo moi pouco habitual. Paréceme que entre os escritores galegos de temas relixiosos, só Andrés Torres Queiruga ten algún libro editado en Brasil. Parabéns a este escritor novel.

O libro é un completo repaso dos fundamentos bíblicos e teolóxicos da pastoral vocacional, para apuntar logo liñas concretas de acción. Parte do convencemento xa apuntado polo autor na Presentación: “Descubri como o Espírito vai renovando sua Igreja”. Para, logo, organizarse en tres partes ben definidas e divididas en 16 capítulos en total.

A primeira parte fala dos “chamados de outrora”, estudiando varios dos máis coñecidos relatos de vocación bíblicos: Abraham, Moisés, Xeremías, María de Nazaré, os apóstolos e Paulo; xunto con outra vocación frustrada, a do mozo rico. A segunda trata dos “chamados de hoxe”: o ministerio ordenado, a vida relixiosa, os leigos consagrados e os matrimonios; para acabar cun apartado sobre a complementariedade das vocacións (“harmonía vocacional”). En fin, a terceira parte é sobre os “chamados de mañá”; o autor empeza cuns apuntamentos sobre a dimensión vocacional de toda pastoral (catequese, pastoral social, liturxia e vida comunitaria), apunta as directrices esenciais para unha pastoral vocacional e remata cunha proposta concreta de pastoral vocacional, elaborada desde os seus sete anos de experiencia á fronte da delegación corresponde na diocese mindoniense.

Como se ve, é un libro ben organizado; que contén abundante información e de doada lectura. Un libro escrito con frescura, aínda que nunha liña tradicional e dentro do clásico esquema eclesiástico. Isto nótase tanto na organización do libro (na segunda parte, a contraposición entre a vocación para o ministerio ordenado e para a vida matrimonial, aínda que na p. 141 semelle superar esa contraposición), como no tratamento dos relatos bíblicos (a lectura da historia de Abraham sería algo diferente tendo en conta a profunda reflexión crítica sobre o relato de Moriá feita por Torres Queiruga en *Do terror de Isaac ó Abbá de Xesús*), como –sobre todo– no tratamento da vocación ministerial e do papel do celibato

obligatorio que a Igrexa Católica lle impón aos sacerdotes de rito romano: “O celibato cristião tem de ser entendido... como uma exigência do propio ministerio” (p. 101), “...condição para exercer melhor seu ministerio”. ¿Condición *necesaria*? ¿Se debe ser condición *sine qua non*, por que non llo esixe ós de rito oriental, nin ós sacerdotes anglicanos casados que se pasaron ao catolicismo? Botamos en falta nun libro así o a posta en cuestión desta norma celibataria como algo obligatorio inseparable do exercicio ministerial; ou, polo menos, aludir ás críticas que del se fan, ultimamente mesmo por parte de altos xerarcas da Igrexa católica, coma o arcebispo de Westminster, Murphy O’Connor (vid. na *Rolda de Igrexa* deste número). Igualmente, polo menos como alusión, bótase en falta a reflexión feita polas mulleres sobre o seu dereito denegado a acceder ao ministerio ordenado.

Son suxestións para unha nova edición ou un novo libro sobre o tema.

Victorino PÉREZ PRIETO

LIBROS CHEGADOS Á REDACCIÓN

RIELO CARBALLO, ISAAC, *Pantón: Historia e Fidalguía*, Compostela, 2000, 416 páxs.

Estudio histórico de tódalas parroquias coa súa heráldica e unha serie de fotografías en cor do mesmo autor. Precisión e rigor que caracterizan a este autor e ó seu irmán Nicanor que tanto colaborou nesta tarefa.

VV.AA., *Actas dos II encontros para a normalización lingüística*, Consello da Cultura Galega, Santiago 1999, 350 páxs.

Recolle a documentación do Congreso de 1998. Preparada por Ana Domínguez, Susana Mayo e Daniel Romero.

VV.AA., *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, Consello da Cultura Galega, Santiago 1999, 606 páxs.

M^a Xosé Rodríguez Galdo coordinou este gran traballo feito por 15 mulleres. Estructurado por xeiras históricas e temas recolle a aportación da muller á sociedade en textos seleccionados. Está ben clara a necesidade destes traballos que vaian sacando á luz o que tantos anos estivo na penumbra.

VV.AA., *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade*, Consello da Cultura Galega, Santiago 1998, 190 páxs.

Estudio realizado no 1992 nos centros de Santiago, Tui, Ourense e Viveiro. Cántigas, adiviñas, cancións, oracións, contos... unha riqueza en tradición que temos xa na cultura literaria. A obra ven acompañada de dous disquetes.

LEIRA, XAN, *Manuel Mera, a paixón militante*, Xerais, Vigo 2000, 300 páxs. Colección Crónica.

O presidente da CIG fai memoria. Son retallos da Historia recente de Galicia e da militancia política e sindical. Acertos, fracasos, loitas e moita, moita paixón pola causa. De gran interese para os que a vivimos e para os que descoñezan o pasado inmediato.

PUNTES, HIXINIO, *O bandido Casanova*, Xerais, Vigo 2000, 270 páxs. Colección Narrativa.

Biografía novelada de Mamede Casanova, bandoleiro galego, tal vez o máis famoso deste século. Outra volta remítenos á Historia algo máis afastada, cando no primeiro tercio do século se construiu o ferrocarril A Coruña-Zamora. Aventura real dun condenado a morte...

FRAN JARABA, *Cita na Habana*, Xerais, Vigo 2000, 50 páxs. Cartoné, cómic.

Maxi Torres, un estudante compostelán que nos derradeiros anos do século XIX vai a Cuba tralo amor e atopa a guerra...

A traxectoria do autor faino merecente de éxito.

CHUS PATO, *M-Talá*, Xerais Vigo 2000, 104 páxs. Edicións Singulares.

Un dos poemas vai precedido da lenda; “Este é un poema persoal, abstéñanse curiosos”. Eu penso que debería preceder a toda a composición. En efecto, a orixinalidade marca o poemario. Pero eu tamén enmendaría o consello, Lédeo, só os curiosos e curiosas...

GONZALEZ RUIZ, J.M., *La cruz en Pablo*. Sal Terrae, Maliaño, 2000, 134 páxs. Colección Alcance.

Reflexións sobre da Teoloxía da cruz sacando as consecuencias históricas que afectaron e afectan a Institución eclesial de tódolos tempos.

LEBEAU, PAUL, *Etty Hillesum. Un itinerario espiritual*, Sal Terrae, Maliaño 2000, 214 páxs.

Atopámonos ante un diario de muller nova, 27 anos, xudía, residente en Amsterdam. Entre 1941 e 1943 escribe nunhas libretas escolares. Acaba en Auschwitz no 1943. A súa intimidade e a súa reflexión teñen valor profético e vixencia actual.

SAUQUILLO, PACA, *Mirada de mujer*, Ediciones B, Barcelona 2000, 237 páxs.

Outro diario tamén de muller, nesta volta española e dos anos 60 en diante. Unha vida que abre nun colexio de relixiosas e dentro dunha educación cristiá tradicional, e que vai abrindo ó compromiso máis e máis activo. Asistimos a unha faceta da transición española social e políticamente e a unha maduración dunha personalidade moi valiosa e comprometida.

Engracia VIDAL ESTÉVEZ

COLABORAN NESTE NÚMERO

- ALFONSO BLANCO TORRADO*, crego na comarca de Parga, presidente da asociación cultural Xermolos de Guitiríz.
- XOÁN BERNÁRDEZ VILAR*, escritor, licenciado en historia.
- HERMELINDA DAPENA TARELA*, profesora de Ensino Secundario.
- AGUSTÍN DÍAZ BLANCO*, xornalista, redactor de TVE en Galicia.
- MANUEL ESPÍÑA GAMALLO*, cóengo da Colexiata da Coruña.
- XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA*, mestre xubilado, da Fundación Castelao.
- MANUEL GARCÍA DOCAMPO*, profesor da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.
- XAIME M. GONZÁLEZ ORTEGA*, profesor de Ensino Secundario.
- MANUEL LONGA PÉREZ*, profesor de Ensino Secundario.
- RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ*, profesor de Ensino Secundario.
- VICTORINO PÉREZ PRIETO*, escritor e teólogo, párroco de San Paulo (Ferrol).
- SOLEDAD PITE SANJURJO*, profesora de Ensino Secundario.
- BIEITO SANTOS GONZÁLEZ*, xesuíta.
- ANDRÉS TORRES QUEIRUGA*, teólogo, académico, profesor da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago.
- JOSÉ LUIS VEIRA VEIRA*, profesor da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.
- ENGRACIA VIDAL ESTÉVEZ*, profesora de Lingua galega.
-

Enerucillada
*Revista galega
de pensamento
 cristián*